



# **DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA**

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN  
PROVINCIAL o 27 de setembro de 2024





**RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O 27 DE SETEMBRO DE 2024.**

**Información e actas**

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 9/2024, do 13 de setembro.
2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 7 de setembro ata o 20 de setembro de 2024.

**Comisión de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Civís**

3. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Universidade da Coruña para cofinanciar a Programación cultural e de divulgación do coñecemento científico do ano 2024.
4. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Universidade de Santiago de Compostela para o financiamento da Programación de actividades do Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas (CIFEX), ano 2024, e o correspondente convenio de colaboración.

**Comisión de Deporte**

5. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Club Universitario de Ferrol para cofinanciar a participación do equipo de baloncesto femenino BAXI Ferrol nas competicións estatais (Liga Feminina Endesa e Copa da Raiña) durante o ano 2024.

**Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamentos**

6. Aprobación dunha addenda ao convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña para cesión dos terreos na Cidade das TIC para a construción dun edificio destinado a Plató Virtual e outros servizos financiados con fondos do Plan De Recuperación, Transformación E Resiliencia Financiado Pola Unión Europea - Next GenerationEU (PRTR).

**Comisión de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital**

7. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Fene (Taxa pola prestación do servizo de colectores e estacións de bombeo).
8. Desestimación do recurso de reposición interpuesto por CSIF contra a aprobación definitiva da modificación da relación de postos de traballo do ano 2024.
9. Dación de conta das resolucións de presidencia número 29561/2024, 33750/2024 e 33751/2024, relativas a persoal eventual.

**Comisión de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria**

10. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Axencia de Turismo de Galicia para o cofinanciamento do proxecto "Actuacións de promoción turística na provincia da Coruña 2024".



11. Aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ames polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da "Creación dunha área de autocaravanas en Bertamiráns".

### **Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente**

12. Aprobación da formalización dun convenio administrativo coa Asociación Coruñesa de Transportes Discretcionais y Especiales (ACOTRADES) para cofinanciar o proxecto de "Formación específica para novos condutores profesionais no sector do transporte por carretera na provincia da Coruña".

13. Aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña 2025/2027.

### **Comisión de Infraestruturas Viarias e Obras Provinciais**

14. Aprobación do proxecto da obra Mellora da capa de rodaxe con mestura bituminosa en quente DP-2201 quilómetro 28 da estrada Ferrol- Cedeira ao quilómetro 7 de Cedeira ao Campo do Hospital punto quilométrico 4+200 ao 6+400 Cedeira.

15. Aprobación do proxecto da obra DP 5401 Narón ao Polígono de Río do Pozo ao Castro.- Senda peonil. Mellora da seguridade viaria. Punto quilométrico 2+700 AO 3+500 NARÓN.

16. Aprobación do proxecto da obra Mellora de capa de rodaxe con mestura bituminosa en quente DP-3601 Acceso a la Ermita de Nuestra Señora de Chamorro (FERROL).

17. Aprobación do Reformado proxecto actualizado DP 7804 Val do Dubra a Santiago. Ensanche e mellora de trazado e afirmado, punto quilométrico 18+690 ao 22+223 (SANTIAGO DE COMPOSTELA).

### **ACTUACIÓN DE CONTROL:**

#### **MOCIÓN**S

1.Moción do Grupo Popular Popular sobre a situación política en Venezuela.

2.Moción do Grupo Provincial Popular sobre a ampliación e mellora do vial DP-3201 no Concello de Curtis.

3.Moción que presenta o Grupo Provincial do PSdeG-PSOE relativa á eliminación das peaxes das autoestradas galegas AG-55 (A Coruña - Carballo) e AG-57 (Puxeiros - Val Miñor).

4.Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e BNG en apoio ao cadre de persoal da empresa de transporte público de Ferrol.

### **ROGOS E PREGUNTAS**



**Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 27 de setembro de 2024.**

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 27 de setembro de 2024, reúñese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

**Preside:** don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial

**Deputados/as**

**Asistentes:**

Dona María Soledad Agra Tuñas	BNG
Don José Ramón Amado de La Fuente	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Manuel Caamaño López	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Izaskun García Gorostizu	PP
Dona Rosa Ana García López	PSOE
Dona Cristina García Rey	BNG
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona María del Mar García Vidal	PSOE
Dona Natividad de Jesús González Rodríguez	BNG
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don José Manuel López Varela	PP
Don Miguel Lorenzo Torres	PP
Don Carlos Martínez Carrillo	PP
Dona María del Mar Méndez Vilela	PP
Dona Eudoxia María Neira Fernández	PSOE
Dona María Jesús Novo Gómez	PP
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don Fernando Pérez Fernández	PP
Dona Diana Piñeiro Fernández	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don Roberto Rey Martínez	PP
Dona Mónica Rodríguez Ordóñez	PSOE
Dona Susana María Sanjurjo Fraga	PP
Dona Avia Veira González	BNG

**Excusado:**

Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
------------------------------	------

**Actúa como secretaria:** dona Amparo Taboada Gil, secretaria xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:07 horas, tratáronse os seguintes asuntos:



Sr. Presidente

Bo día. Empezamos esta sesión ordinaria de pleno co primeiro punto da orde do día.

**1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 9/2024, do 13 de setembro.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 9/2024, de 13 de setiembre.

**2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 7 de setembro ata o 20 de setembro de 2024.**

Dáse conta das Resolucións da Presidencia desde o 7 de setembro ata o 20 de setembro de 2024.

**3.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Universidade da Coruña para cofinanciar a Programación cultural e de divulgación do coñecemento científico do ano 2024**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa por importe de 110.000 €, á Universidade da Coruña para cofinanciar a *Programación cultural e de divulgación do coñecemento científico do ano 2024*, cun orzamento subvencionado de 137.500,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.**

**2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.**

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da deputada de cultura,



levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 30 de agosto de 2024.

**3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.**

**“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da Programación cultural e de divulgación do coñecemento científico do ano 2024”**

Na Coruña, a

### **REÚNENSE**

Don/a....., en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a....., en representación da Universidade da Coruña (en adiante UDC).

### **EXPOÑEN**

Que a UDC é unha entidade de dereito público que ten atribuída por lei a prestación do servizo público de educación superior no ámbito territorial da provincia da Coruña, e de acordo co artigo 1º dos seus Estatutos, son funcións da universidade ao servizo da sociedade:

- \* A creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura.
- \* A difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade da vida e do desenvolvemento económico.
- \* A difusión do coñecemento e da cultura a través da extensión universitaria e da formación ao longo de toda a vida.

Que o Consello de Goberno desta Universidade, na súa sesión do 5 de xuño de 2024, aprobou a solicitude dunha subvención nominativa para o cofinanciamento entre a Deputación da Coruña e a UDC da programación cultural e de divulgación do coñecemento científico do ano 2024.

Que a UDC a través da Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte, ten entre as súas funcións a promoción e a difusión entre a sociedade galega das actividades culturais e do coñecemento científico desenvolvido na Universidade, polo que vén promocionando dende hai tempo actividades de divulgación científica e cultural.

Que a comunidade da UDC, nos seus campus da Coruña e de Ferrol, goza dunha vida cultural dinámica grazas a unha programación de actividades singulares de carácter anual e cuadrienal de ampla tipoloxía. Para alén de impulsar por medio desta oferta a creación de redes de implicación e participación entre todos os membros da comunidade universitaria, un dos obxectivos fundamentais da política cultural da UDC é acadar a participación do resto da sociedade a través de diversas accións culturais e científicas chegando, na medida do posible, a toda a provincia da Coruña.

Que a Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos o fomento da educación e a



programación e subvención das actividades culturais, artísticas e científicas, en colaboración con outras entidades e organismos, para contribuir de maneira sustentable ao avance do coñecemento e ao benestar social.

Que a Deputación da Coruña e a UDC desexan formalizar a súa colaboración no ámbito da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento, as actividades culturais, artísticas e científicas, nun novo convenio marco que favoreza o entendemento entre as partes e axilice os procesos.

En virtude do exposto, e dando cumprimento á vontade das entidades ás que respectivamente representan, os comparecientes outorgan neste acto o presente Convenio de Colaboración, e acordan formalizar o presente convenio que se rexe polas seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto fixar as bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Universidade da Coruña co NIF Q6550005J, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da ***Programación cultural e de divulgación do coñecemento científico do ano 2024.***

O presente convenio contempla as seguintes liñas de actuación prioritarias, sen prexuízo de que ambas institucións, de mutuo acordo, contemplen outras que puidesen xurdir máis adiante.

**Xornadas e premios divulgativos.** Procúrase atinxir un duplo obxectivo a través destas actividades: achegar á sociedade os avanzaos desenvolvidos desde a UDC no ámbito da investigación, así como motivar á mocidade –nomeadamente ás mozas– a realizar estudos superiores no ámbito científico.

**First Lego League 2024.** Trátase dun campionato que en 2024 se celebra por décimo ano no Campus Industrial de Ferrol. Nel participan varios centos de mozos e mozas de toda Galicia e pode seguirse tamén a través de YouTube. Trátase dun programa de ámbito internacional que desafía á mocidade de entre 4 e 16 anos (divididos en tres categorías) a resolver problemas do mundo real como poden ser a reciclaxe, a educación ou as enerxías renovables a través da ciencia e da tecnoloxía.

**Obradoiros creativos.** Os obradoiros ofertados inclúen diversos ámbitos da arte e da cultura e unha duración de 30 horas, cuestión solicitada polo alumnado nos formularios de avaliación dos obradoiros previos.

A participación nestes obradoiros permiten ao alumnado da UDC a obtención de créditos ECTS.

**Obradoiros en NORMAL.** Danza contemporánea, danzas urbanas, interpretación ( iniciación ao teatro e nivel 2), fotografía, guión cinematográfico, creación musical e novas tecnoloxías, obradoiro de escrita literaria.

**Obradoiros co Centro Cultural Universitario do Campus de Esteiro.** Danza contemporánea, interpretación-Iniciación ao teatro e fotografía .



**Aulas de Teatro e Danza.** Neste ano 2024 realizarase unha nova produción teatral e unha peza de danza que serán exhibidas no FITEUC (Festival Internacional de Teatro Universitario da Coruña), tanto na Coruña como en Ferrol, así como tamén noutros lugares da xeografía galega no marco dos diversos festivais universitarios dependentes das universidades de Santiago de Compostela (festival de Santiago e festival de Lugo) e de Vigo (festival de Ourense e de Vigo). Para o caso concreto da Coruña a mostra realizarase no Ágora, aberta a toda a cidadanía, como é habitual.

**Clube de Lectura.** Desde o pasado mes de outubro está a desenvolverse o Clube de Lectura de NORMAL baixo a coordinación da escritora Antía Yáñez, actividade que continuará ao longo do ano 2024. No clube participan vinte persoas pertencentes tanto á comunidade universitaria como á cidadanía en xeral, que se reúnen con carácter quincenal.

**Residencias artísticas.** Os diversos programas de residencias artísticas teñen como finalidade apoiar a artistas ou colectivos artísticos que desexen desenvolver un proxecto de investigación e/ou creación nos ámbitos das artes visuais, danza, música etc. Estes programas pretenden ofrecer ás e aos artistas recursos materiais, técnicos e de infraestruturas para o correcto desenvolvemento dos seus proxectos, favorecendo tamén o intercambio entre artistas e disciplinas artísticas.

**IV Convocatoria do Programa de Residencias Artísticas Normal – Fundación María José Jove** Tras o éxito dos anos previos, coa recepción de máis de 200 solicitudes provenientes de toda Europa e de diversos países de América, convocaremos a IV edición destas residencias artísticas, mediante as cales se proporcionará ás persoas seleccionadas o acceso a un espazo de traballo, acompañamiento curatorial e recursos materiais e económicos para a producción de proxectos inéditos no ámbito das artes visuais.

Esta convocatoria está aberta a creadoras e creadores de calquera nacionalidade ou procedencia xeográfica e pretende:

- Promover a investigación, a creación e a producción artística.
- Contribuir a fortalecer o contexto cultural galego, promovendo proxectos creativos de interese social vinculados á comunidade.
- Configurar contornas favorables para o desenvolvemento do pensamento crítico e da arte asociadas a aspectos como a identidade patrimonial, a ecoloxía ou o medio ambiente.
- Facilitar un achegamento horizontal aos novos modos de inserción no territorio, de lectura e interpretación do espazo paisaxístico, natural e rural contemporáneo.
- Fomentar valores de protección e difusión do patrimonio natural e cultural de Galicia, a través da arte contemporánea.

Nesta ocasión convócanse dúas residencias, en lugar dunha, nas que a través deste convenio coa Fundación María José Jove, se proporcionará ás persoas seleccionadas o acceso a un espazo de traballo, acompañamiento curatorial e recursos materiais e económicos para a producción de proxectos inéditos no ámbito das artes visuais.

**Exposicións.** A Sala de Exposicións de Normal é un espazo que acolle proxectos expositivos de grande interese e que dan cabida á mostra da obra de artistas emergentes



do noso ámbito xeográfico ou exposicións colectivas de diverso teor. Neste ano 2024 están previstas dúas exposicións. Todas as exposicións levan asociadas actividades complementarias, como visitas guiadas, conferencias, talleres etc.

#### A Memoria do Presente, de Pablo Barreiro

A memoria do presente é un proxecto de investigación e produción onde un feito escultórico aglutina múltiples capas de significado. Para o deseño do parque de Betanzos, Juan García Naveira viaxa por Europa con destino final Italia para buscar referencias e obras que reproducir. En Roma, ante a tumba do Papa Clemente XIII realizada polo escultor Antonio Canova, decide encargar unha copia dos dous leóns que custodian a tumba para o seu Parque do Pasatempo. Estos leóns viaxan a Galicia e son ubicados na entrada do parque. Durante a Guerra Civil o parque convertíuse en campo de adestramento de tiro (tendo ás figuras coma diana) desaparecendo a maior parte das figuras expostas. No ano 1970 os leóns son vendidos ó Principado de Asturias e colocados na entrada do Santuario de Covadonga. O relato/viaxe da figura dos dous leóns (Roma\_Betanzos\_Covadonga) representan o devir da Cultura Europea; os clichés de heranza, hexemonía e pertenza conflúen nunha serie de capas de significado. A Copia dos leóns da tumba de Clemente XIII de Canova como contentor de Memoria.

#### Exposición por determinar pola Comisión de Proxectos Artísticos de NORMAL

Ao longo do ano o Centro recibe diferentes propostas expositivas entre as cales a Comisión de Proxectos Expositivos de NORMAL fai unha selección dun proxecto para a súa exposición na sala expositiva coincidindo con dous cuatrimestres do curso académico.

**Coro UDC.** O coro da UDC ensaia dous días á semana e participa en numerosos actos académicos, así como tamén ofrece concertos tanto dentro como fóra da universidade. O coro foi creado no ano 1990 e na actualidade está a enfocarse cara a un repertorio máis moderno e actual, o que fai que haxa moito alumnado interesado en facer parte del, nomeadamente alumnado Erasmus.

#### **Actividades fixas e puntuais.**

- Letras Galegas
- Roteiros singulares
- Artes performativas e masterclasses
- Ciclos de música

#### **II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.**

Compras de bens destinados á actividade	8.189,89
Reparacións e conservación	3.200,00
Contratacións externas	85.089,60
Transportes	5.400,00
Primas seguros	1.220,51
Publicidade, propaganda e relacións públicas	2.400,00
Soldos e salarios e Seguridade Social	29.300,00
Desprazamentos	2.700,00
<b>Total</b>	<b>137.500,00 €</b>

#### **III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.**



**1.-** A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **110.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **80 %** do orzamento total.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando a UDC que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á UDC.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80%, da cantidade efectivamente xustificada.

**2.-** Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

**3.-** O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3269/ 45390 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre o que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

**5.-** A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

**6.-** No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación e execución.**

**1.-** O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á UDC, asumindo, xa que logo, as consecuentes responsabilidades.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á UDC, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**2.-** Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a UDC deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

**1.-** Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da UDC, ben sexa por medios escritos, radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

**2.-** Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da UDC.



## **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle abonada á UDC unha vez asinado o convenio e logo que se presente de xeito telemático a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

- \* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da UDC, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos.
- \* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
- \* **Certificación** da aprobación das facturas e demás documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2024.

- \* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.
- \* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- \* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

## **VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

**1.-** As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, realizaranse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024.

**2.-** Unha vez rematadas as actividades, a UDC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2025**.

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requerimento á UDC para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á UDC da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

**4.-** O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola UDC.



## **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**1.-** A UDC deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

**2.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

## **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** A UDC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**3.-** Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a UDC deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.-** Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a UDC poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

**2.-** Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a UDC queda sometida aos procedementos de fiscalización que levan a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

**1.-** O incumprimento dalgúnha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e



nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

**2.-** Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

**3.-** Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.,

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

**1.-** No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da UDC serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

**2.-** Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.-** Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á UDC será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

**4.-** Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

**1.-** O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2025** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizadas dende o 1 de xaneiro de 2024.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.

**2.-** Previa solicitude da UDC, realizada alomenos un mes antes do fin da vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

**3.-** Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.



#### XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

**4.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Universidade de Santiago de Compostela para o financiamento da Programación de actividades do Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas (CIFEX), ano 2024, e o correspondente convenio de colaboración.**

#### VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 35.000 €, á Universidade de Santiago de Compostela para financiar a *Programación de actividades do Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas (CIFEX) ano 2024* cun orzamento subvencionado de 43.750 €, de acordo co texto do convenio que se achega.**

**2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.**

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Presidenta da Comisión de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Civís, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 30 de agosto de 2024.



**3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.**

**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para financiar a Programación de actividades do Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas (CIFEX) ano 2024**

Na Coruña, a

**REÚNENSE**

D/Dna. \_\_\_\_\_ en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna. \_\_\_\_\_ en nome e representación da Universidade de Santiago de Compostela

Os/as comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanllles atribuídas

**EXPOÑEN**

Primeiro.- A Universidade de Santiago de Compostela é unha entidade con personalidade xurídica propia e plena capacidade xurídica e de obrar e que ten como unha das súas funcións, de acordo co artigo 4.1.a), a creación, desenvolvemento, transmisión e crítica do coñecemento científico, técnico, artístico e humanístico, de xeito que se potenciará unha educación baseada nos principios democráticos, a defensa da paz e dos dereitos humanos.

Segundo.- O Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos de Xénero (CIFEX) constitúe un centro de investigación interdisciplinario que se enmarca no contexto dos centros propios da Universidade de Santiago de Compostela que conta con apoio expreso de institucións e organismos extras-universitarios considerados de interese político social.

Tratase dun centro cuxo obxectivo principal consiste na investigación interdisciplinaria, docencia, formación e asesoramento en cuestións específicas referidas ás relacións e roles sociais das mulleres e homes, esto é, das relacións de xénero situándose a nivel empírico no contexto específico da Comunidade Autónoma Galega.

Este obxectivo xeral concrétase nos seguintes obxectivos singulares:

1.- A investigación das relacións e roles de xénero e das mulleres, sobre todo desde o punto de vista da relevancia social, particularmente con vistas ao coñecemento educativo, psicolóxico, social, histórico, lingüístico, filosófico, biolóxico, médico e xurídico, entre outros. O CIFEX actúa como centro aglutinador e de máxima coordinación.

2.- A promoción, organización e impartición de docencias específicas, tanto no primeiro, como no segundo e terceiro ciclo universitario (incluso no 4º ciclo, se cabe), en relación co coñecemento das relacións e roles de xénero e das mulleres, sobre todo desde un punto de vista interdisciplinario. O CIFEX enténdese aquí como o núcleo básico de coordinación.



3.- A difusión social e política do coñecemento en relación co coñecemento das relacións e roles de xénero e das mulleres, así mesmo desde un punto de vista interdisciplinario, para cumplir co obxectivo de lograr un feedback social en canto ao coñecemento acerca das relacións e roles de xénero e das mulleres.

4.- A organización xeral e específica desde o CIFEX de todo tipo de actividades científicas con impacto científico, social, e político; tales como congresos científicos, simposios, seminarios, cursos de posgrao, másters, programas de doutoramento, cursos de verán, etc. de alcance nacional e internacional. Este obxectivo contempla moi particularmente o labor de colaboración social e de edición e publicación, tanto de redaccións periódicas como de monografías e memorias de actividades.

5.- Promover activamente desde o CIFEX o coñecemento en profundidade dos procesos de transformacións sociais que se xeran na nosa sociedade, tanto con respecto ás estruturas sociais como científicas, para lograr unha maior igualdade nas relacións entre mulleres e homes, e un cambio da imaxe científica e social das mulleres, enlazando coas recomendacións e normativas internacionais e europeas ao respecto.

Terceiro.- A Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos o fomento da educación e a programación e subvención das actividades culturais, artísticas e científicas, en colaboración con outras entidades e organismos, para contribuír de maneira sustentable ao avance do coñecemento e ao benestar social.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Universidade de Santiago de Compostela, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Universidade de Santiago de Compostela, con CIF Q1518001A, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento da ***Programación de actividades do Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas (CIFEX) ano 2024***, co obxecto de consolidar a liña aberta no ano 2023 difundindo as súas investigacións e facendo á sociedade galega partícipe do proceso (ciencia cidadá) e receptora das súas achegas, contribuíndo á cohesión e satisfacción sociais.

Ás accións a realizar serán Queer-emos Estudos Queer, II Xornadas Ecofeministas e un Congreso Internacional de Xénero e Humor.

### II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a Universidade de Santiago de Compostela.

A Universidade de Santiago de Compostela levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Concepto	Importe
Retribucións por conferencias	9.050,00



Desprazamentos: gastos de manutención, viaxes e aloxamentos para conferenciantes	5.750,00
Material funxible	1.412,32
Gastos de difusión	5.450,00
Contratacións externas	3.000,00
Gastos de persoal	19.087,68
<b>Total</b>	<b>43.750,00</b>

### III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

**1.** A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **35.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de **80 %**.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 %, da cantidade efectivamente xustificada.

**2.** Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumplida e perderase o dereito ao seu cobro.

**3.** O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23122/45390, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

**4.** A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Universidade de Santiago de Compostela obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

**5.** No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### IV.- Contratación e execución.

**1.** O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Universidade de Santiago de Compostela.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Universidade de Santiago de Compostela, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.



- 2.** Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Universidade de Santiago de Compostela deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores.

Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### V.- Publicidade do financiamento provincial.

- 1.** Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da Universidade de Santiago de Compostela, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

Empregarase en todas as actividades realizadas o logotipo oficial da Deputación e o de Igualdade que descargarase do apartado de imaxe corporativa [https://www.dacoruna.gal/documentacion/logos/?utm\\_source=MenuGlobal&utm\\_campaign=MenuCabecera&utm\\_medium=Web](https://www.dacoruna.gal/documentacion/logos/?utm_source=MenuGlobal&utm_campaign=MenuCabecera&utm_medium=Web)

- 2.** Co obxecto de ter información das actividades que se realizan no marco do convenio, a Universidade comunicaranlle á Sección de Servizos Sociais a través do enderezo electrónico [igualdade@dacoruna.gal](mailto:igualdade@dacoruna.gal) a realización daquelas actividades abertas ao público en xeral.

- 3.** Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento destas obrigas da Universidade de Santiago de Compostela.

#### VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Universidade de Santiago de Compostela unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

\* **Memoria de actuación**, subscrita polo/a representante legal da Universidade de Santiago de Compostela, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, materiais editados, de ser o caso, e dos resultados obtidos.

\* **Relación clasificada dos gastos** realizados,(con IVE e Sen IVE) no que se indiquen os/as acredores/as co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

\* **Certificación** da aprobación das facturas e demás documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2024.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.



\* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

## VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024**.
2. Unha vez rematadas as actividades, a Universidade de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2025**.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requerimento á Universidade de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Universidade de Santiago de Compostela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

- 4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Universidade de Santiago de Compostela.

## VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1. A Universidade de Santiago de Compostela deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
- 2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

## IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1. A Universidade de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posibel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Universidade de Santiago de Compostela deberá contar polo menos cun



rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1. O incumplimento dalguna das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalguna das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

#### **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Universidade de Santiago de Compostela serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de



Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.** Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Universidade de Santiago de Compostela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

**4.** Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

**1.** O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2025** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse feito desde o **1 de xaneiro de 2024**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2025 autorice o correspondente Orzamento.

**2.** Previa solicitude da Universidade de Santiago de Compostela, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, poderá ser prorrogado o convenio por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes prececeptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación

**3.** Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV. Comisión de seguimento.**

**1.** Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha Comisión mixta e paritaria integrada por un representante de cada unha das entidades públicas que subscriven o presente convenio.

**2.** A Comisión mixta poderá ditar as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando así o solicite alguma das partes. Entre as súas funcións destácanse:

- A intervención previa á resolución por incumprimento polas causas previstas normativamente.
- Proposta, de ser o caso, de addendas.
- Informar de cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes.
- Calquera outra relacionada co desenvolvemento deste convenio.

**3.** Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na mencionada Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia

**4.** Non obstante, todas aquellas cuestiós que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e posibles responsabilidades relacionadas coas subvencións concedidas, resolveranse pola respectiva administración pública que tramite as axudas.



## XV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación óida a Comisión de Seguimento, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.
3. Correspondelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

## 5.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Club Universitario de Ferrol para cofinanciar a participación do equipo de baloncesto feminino BAXI Ferrol nas competicións estatais (Liga Feminina Endesa e Copa da Raiña) durante o ano 2024.

### VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o convenio co **Club Universitario Ferrol**, correspondente á subvención nominativa, por importe de **70.000 €**, concedida para **cofinanciar a participación do equipo feminino, BAXI Ferrol, nas competicións estatais (Liga Feminina Endesa e Copa da Raíña) durante o ano 2024**, cun orzamento subvencionado de 568.000,00€, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifiquen a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida



pola Intervención da Deputación no seu informe do 13 de setembro de 2024.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio 2025 autorice o correspondente Orzamento.

**“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Universitario Ferrol polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a participación do equipo femenino BAXI Ferrol, nas competicións estatais (Liga Feminina Endesa e Copa da Raíña) durante o ano 2024**

Na Coruña, a

#### **REUNIDOS**

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña, e

Don/a ----- en representación do **Club Universitario Ferrol**

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose recíprocamente capacidade para obligarse nos termos deste documento.

#### **MANIFESTAN**

Que ámbalas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento ao deporte femenino.

Que o **Club Universitario Ferrol** é unha entidade adicada ao **fomento e o impulso da práctica continuada da actividade física e deportiva, así como a participación en actividades e competicións deportivas**.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o **Club Universitario Ferrol** coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

#### **CLÁUSULAS**

##### **I.- Obxecto.**

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Club Universitario Ferrol** co NIF G15659261, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para cofinanciar **a participación do equipo femenino, BAXI Ferrol, nas competicións estatais (Liga Feminina Endesa e Copa da Raíña) durante o ano 2024**.

##### **II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Club Universitario Ferrol**

O Club Universitario Ferrol desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:



Concepto	Importe
Alugamentos	27.000,00 €
Viaxes e vóos	85.000,00 €
Inscripción FEB	8.000,00 €
Arbitraxes	27.000,00 €
Licenzas	15.000,00 €
Médico, fisio e material	8.000,00 €
Salarios (corpo técnico e cadro de xogadoras, incluída seguridade social)	330.000,00 €
Representantes	15.000,00 €
Impostos (IVE e IRPF)	45.000,00 €
Material	5.000,00 €
Xestoría	3.000,00 €
Total	568.000,00 €

### **III.- Colaboración da Deputación, financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.**

**1.-** A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega por importe máximo de **70.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do 12,32394 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 12,32394 % da cantidade efectivamente xustificada.

**2.-** Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumplida e perderase o dereito ao seu cobro.

**3.-** O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3411/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

**4.-** A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas e doutros ingresos privados que o obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

**5.-** No caso de que a concorrencia de axudas, subvencións ou outros ingresos privados supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.



#### **IV.- Contratación da execución..-**

**1.-** O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao **Club Universitario Ferrol**.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao **Club Universitario Ferrol**, nin con calquera outra na que concorra algúmha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

**2.-** Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, o **Club Universitario Ferrol** deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos proveedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa económicalemente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

**1.-** Na publicidade pola que se dea a coñecer as actividades subvencionadas, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

**2.-** Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **Club Universitario Ferrol**.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada ao **Club Universitario Ferrol** unha vez que se presente de xeito telemático ( a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

\* **Memoria** de actuación, suscrita polo representante legal do **Club Universitario Ferrol**, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos resultados obtidos e acreditación da vinculación dos gastos de transporte e aloxamento e dos gastos de persoal coa actividade subvencionada.

\* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2024.

\* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.



- \* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- \* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2024**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o **Club Universitario Ferrol** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2025**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao **Club Universitario Ferrol** para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conllevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao **Club Universitario Ferrol** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Club Universitario Ferrol**.

## VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O **Club Universitario Ferrol** deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

## IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O **Club Universitario Ferrol** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, ao **Club Universitario Ferrol** deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos



gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.-** Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao **Club Universitario Ferrol** poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

**2.-** Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o **Club Universitario Ferrol** queda sometido aos procedementos de fiscalización que levan a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

**1.-** O incumprimento dalguna das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

**2.-** Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalguna das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

**3.-** Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

#### **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

**1.-** No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do **Club Universitario Ferrol** serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.

**2.-** Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.



3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Club Universitario Ferrol** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2025** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o **1 de xaneiro de 2024**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de **2025**, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do **Club Universitario Ferrol**, realizada alomenos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Correspondelle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestiós litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

**6.- Aprobación dunha addenda ao convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña para cesión dos terreos na Cidade das TIC para a construción dun edificio destinado a Plató Virtual e outros servizos financiados con fondos do Plan De Recuperación, Transformación E Resiliencia Financiado Pola Unión Europea - Next GenerationEU (PRTR).**



## VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

## ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"1.- ACEPTAR A REVERSIÓN** á Universidade da Coruña dunha parte de 63,50 m x 40 m (2540 m<sup>2</sup>) da parcela Z-02.2 inicialmente cedida á Deputación da Coruña mediante convenio asinado o 24 de abril de 2023 que tiña por obxecto a cesión dos terreos na Cidade das TIC para a construción dun edificio destinado a Plató Virtual e outros servizos financiados con fondos do Plan De Recuperación, Transformación E Resiliencia — Financiado Pola Unión Europea - Next GenerationEU (PRTR)

En consecuencia, as superficies derivadas desta reversión serían as seguintes:

Parcela	Superficie ACTUAL	Superficie FINAL	Titularidade do uso
Z.02-2 (a)	5.200 m <sup>2</sup>	2.660 m <sup>2</sup>	Deputación daCoruña
Z.02-2 (b)	-	2.540 m <sup>2</sup>	Universidade daCoruña

**2.- APROBAR** o texto e a formalización dunha addenda ao convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña para cesión dos terreos na Cidade das TIC para a construción dun edificio destinado a Plató Virtual e outros servizos financiados con fondos do Plan De Recuperación, Transformación E Resiliencia — Financiado Pola Unión Europea - Next GenerationEU (PRTR)

## ANEXO: TEXTO DA ADDENDA AO CONVENIO

**ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A CESIÓN DOS TERREOS NA CIDADE DAS TIC PARA A CONSTRUCIÓN DUN EDIFICIO DESTINADO A PLATÓ VIRTUAL E OUTROS SERVIZOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATIONEU (PRTR)**

Na Coruña, o XX de XXXX de 2024

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante.

## REUNIDOS

Dunha parte, D. Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña, en representación da Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte D. Ricardo Cao Abad, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña, en



representación da Universidade da Coruña.

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanllas atribuídas

## MANIFESTAN

1.- O día 20 de xullo de 2022, publicouse no Boletín Oficial do Estado número 173 a “Orde ETD/677/2022, do 14 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para o programa de axudas no ámbito da sociedade da información para a creación dun ecosistema dixital no sector audiovisual, e procédesse á súa convocatoria correspondente ao exercicio 2022, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.”

2.- O día 21 de xullo de 2022, publicouse no BOE número 174 o “Extracto da Orde ETD/677/2022, do 14 de xullo, pola que se efectúa a convocatoria de Axudas para o ano 2022 destinadas á creación ou mellora de ecosistemas dixitais no sector audiovisual, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.”

Esta convocatoria ten por obxecto financiar o desenvolvemento, por parte de entidades locais, de proxectos destinados a reforzar as infraestruturas do ecosistema dixital no sector audiovisual facilitando a creación, distribución e manexo da información e a tecnoloxía máis avanzada polas PEMEs do sector audiovisual, e apoando a creación de espazos para a innovación dotados con tecnoloxía avanzada.

3.- Por Resolución do 29 de novembro de 2022 concedeuse á Deputación Provincial da Coruña unha subvención de 5.041.000,00 €, sobre un orzamento total de 6.746.960,00 € con obxecto da creación dun ECOSISTEMA DIXITAL NO SECTOR AUDIOVISUAL DE GALICIA (EDAGA). CORUÑA ESTUDIO INMERSIVO (CEI).

4.- O Ministerio de Defensa con data do 18 de febreiro de 2020, como titular do inmoble denominado Fábrica de Armas, situado na Coruña, cunha superficie de 127.943 m<sup>2</sup>, outorgou unha concesión demanial do citado inmoble a favor da Universidade da Coruña para que, de acordo co prego que rexía esta concesión, se destinase a situar nela, en colaboración con outras institucións públicas e privadas, un polo industrial e tecnolóxico dedicado ás tecnoloxías da información e da comunicación (en diante, Cidade das TIC). A acta de entrega formalizouse con data do 26 de febreiro de 2020.

5.- O prazo de duración da concesión é de VINTE E CINCO ANOS, prorrogables a discreción da Administración por períodos de cinco anos, ata un máximo de cincuenta anos.

6.- A Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña consideran de gran interese que neste espazo da Cidade das TIC se sitúe un estudio virtual dentro do ECOSISTEMA DIXITAL DO SECTOR AUDIOVISUAL DE GALICIA (EDAGA) como elemento revulsivo e dinamizador do emprego, en especial dentro do sector audiovisual, máxime tendo en conta que a cidade da Coruña foi seleccionada como sede da Axencia Española de Intelixencia Artificial (AESIA) que tamén suporá un extraordinario foco de I+D+I.

Por medio do estudio virtual as empresas do sector audiovisual de Galicia e doutras comunidades poderán desenvolver cos máis sofisticados sistemas tecnolóxicos a súa creatividade e a producción de grandes películas nas mellores condicións de calidade, innovación e tecnoloxía.



7.- En data 13/01/2023 asinouse entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña o seguinte protocolo:

**PROTOCOLO DE INTENCIÓNS ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A CESIÓN DOS TERREOS NA CIDADE DAS TIC E ULTERIOR CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE EXECUCIÓN DUN EDIFICIO DESTINADO A PLATÓ VIRTUAL E OUTROS SERVIZOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATIONEU (PRTR)**

8.- O ESTUDO DE DETALLE PARA ORDEAMENTO DOS VOLUMES DA CIDADE DAS TIC foi aprobado definitivamente polo Concello da Coruña na sesión plenaria celebrada o 2 de marzo de 2023.

9.- O Ministerio de Defensa, en data 16 de marzo de 2023 autoriza o uso da parcela Z-2 á Deputación Provincial da Coruña, para o desenvolvemento do proxecto Ecosistema Dixital do Sector Audiovisual de Galicia (EDAGA) # Coruña estudio inmersivo (CEI).

10.- En data 24/04/2023 asinouse entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A CESIÓN DOS TERREOS NA CIDADE DAS TIC PARA A CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO DESTINADO A PLATÓ VIRTUAL E OUTROS SERVIZOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATIONEU (PRTR)

11.- En data 24 de abril de 2024 a Universidade da Coruña presenta escrito no que solicita a modificación do convenio co obxecto de reducir a superficie cedida.

12.- Ademais, tendo en conta o tempo transcorrido e a experiencia adquirida ambas partes consideran necesario introducir unha serie de modificacións que contribúan a mellorar a xestión do convenio.

Por todo o exposto, as partes:

### **ACORDAN**

Formalizar a addenda ao convenio conforme ás seguintes cláusulas:

#### **I.- OBXECTO**

O convenio asinado en data 24 de abril de 2023 cedía o uso á Deputación Provincial da Coruña da parcela Z-2.2 definida no ESTUDIO DE DETALLE PARA ORDEAMENTO DOS VOLUMES DA CIDADE DAS TIC aprobado definitivamente polo Concello da Coruña na sesión plenaria celebrada o 2 de marzo de 2023, cunha superficie de 5.184 m<sup>2</sup> situada na Cidade das TIC, para o desenvolvemento do proxecto ECOSISTEMA DIGITAL DEL SECTOR AUDIOVISUAL DE GALICIA (EDAGA) que inclúe a instalación dun *plató* virtual, , financiado polo PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATIONEU (PRTR)

#### **A presente addenda ten por obxecto:**


- A reversión á Universidade da Coruña dunha parte da parcela inicialmente cedida.



- A concreción das condicións da cesión dos terreos tendo en conta as novas condicións da cesión e as circunstancias da explotación e instalación do plató virtual.

## II.- REVERSIÓN DE TERREOS

Pola presente addenda revértese á Universidade da Coruña unha parte de 63,50 m x 40 m (2540 m<sup>2</sup>) da parcela inicialmente cedida. Deste xeito quedaría a parte principal da parcela Z.02.2 edificada, cunhas dimensións de 66,50 x 40 (2660 m<sup>2</sup>) que dá cabida á totalidade da edificación do Plató Virtual e deixa libre unha banda axardinada de 2,35 m no lateral O.



### 1. Cadro de superficies

Parcela	Superficie ACTUAL	Superficie FINAL	Titularidade do uso
Z.02-2 (a)	5.200 m <sup>2</sup>	2.660 m <sup>2</sup>	Deputación da Coruña
Z.02-2 (b)	-	2.540 m <sup>2</sup>	Universidade da Coruña

### 2. Valoración das parcelas.

O conxunto dos terreos da Cidade das Tic (antiga fábrica de armas) cunha superficie total de 127.943 m<sup>2</sup> foron valorados pola UDC en 5.458.499,00 € de onde resulta un valor unitario de 42,66 €/m<sup>2</sup> a data de 18 de febreiro de 2020.

A este valor debémoslle aplicar a actualización de prezos a data actual sobre a base da variación do IPC neste período en A Coruña, que se corresponde cunha porcentaxe do 20,0 %.<sup>1</sup>

Así o valor unitario do solo actualizado é:

Vs= 51,20 €/m<sup>2</sup>

Polo que os terreos teñen os seguintes valores na actualidade:

Parcela	Superficie	Valor do solo
Z.02-2 (a)	2.660 m <sup>2</sup>	136.192,00 €

1 Consonte a páxina do INE: <https://www.ine.es/varipc/index.do>



Z.02-2 (b)	2.540 m <sup>2</sup>	130.048,00 €
------------	----------------------	--------------

En resumo, o valor do resto da finca matriz Z.02-2 (en diante Z.02-2a), terreos cedidos á Deputación que permanecerán formando a parcela do Plató Virtual será de 136.192,00 €. O valor dos terreos que se reverten, parte vacante separada da finca Z.02-2 (en diante Z.02-2b) será de 130.048,00 €.

### III.- CONDICIÓNNS DA CESIÓN DOS TERREOS.

Ás condicións da cesión da parcela Z.02-2 (a) cunha superficie de 2.660 m<sup>2</sup> serán ás seguintes:

1.- Os espazos cedidos non poderán ser utilizados, arrendados ou cedidos a terceiras persoas sen autorización expresa, previa e por escrito da UDC e do Ministerio de Defensa, de acordo co establecido no prego de condicións particulares que rexen a concesión demanial a favor da Universidade da Coruña para a xestión das instalacións da Fábrica de armas da Coruña, asinado o 18/02/2020.

2.- Os espazos incluídos nesta cesión non poderán ser destinados a un uso distinto do establecido na cláusula primeira.

3.- A Deputación da Coruña comprométese a manter no seu debido estado de conservación todos os bens, móbeis e inmóbeis, incluídos na cesión, respondendo dos danos, desperfectos ou deterioración que exceda a que derive do seu uso normal.

4.- A Deputación da Coruña asumirá a plena responsabilidade polos danos causados a persoas e bens derivados do desenvolvemento da súa actividade.

Para tal efecto, subscribirá o correspondente seguro de responsabilidade civil por danos. Todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente.

5.- Os gastos propios do espazo cedido (consumos de auga, electricidade, combustíbel para calefacción, teléfono ou de calquera outro servizo que se puidese medir por contador e sexa imputábel directamente ao uso do espazo) serán satisfeitos pola Deputación da Coruña.

Dado que ao ser unha parcela única e compartir tódolos usuarios da Cidade das TIC un único CUPS en alta tensión, o consumo de enerxía medirse con contadores en baixa tensión na cabeceira dos cadros xerais ou na saída do cadre xeral do complexo aos distintos edificios, cuns contadores compatibles co sistema de monitorización da Cidade das TIC. Deste xeito o custe enerxético total na factura distribuirase entre os distintos usuarios proporcionalmente ao consumo total de enerxía entregada en baixa tensión, repercutindo en cada un dos usuarios-contadores a parte proporcional ao seu contador, con liquidacións periódicas, quedando deste xeito repartidas as perdidas en transporte e transformación entre todos os usuarios. Ademais pagarase o custe de mantemento anual das plataformas de supervisión proporcionalmente ao consumo anual dos distintos usuarios.

A UDC ou órgano xestor da Cidade das TIC poderá en todo momento realizar revisións ou inspeccións sobre o sistema de contaxe propio dos distintos usuarios e será responsabilidade de cada un deles mantelos en correctas condicións de medida cunha precisión dentro dos parámetros iniciais.

Para a repercusión dos custos de suministro da auga procederase do mesmo xeito, colocando un contador con comunicación co sistema de monitorización da Cidade das



TIC nas distintas acometidas a cada un dos edificios.

6.- Os gastos comúns dos espazos na Cidade das TIC (consumos de auga, abastecemento de auga contraincendios, electricidade, combustible para calefacción, seguridade, limpeza, mantemento xeral, publicidade, entre outros) serán satisfeitos proporcionalmente pola entidade cesionaria, segundo a súa participación no conxunto do espazo, desde o momento en que lle foren cedidas as instalacións. Estes gastos calcularanse anualmente tendo como referencia os gastos comúns en que incorrese a UDC, ánta que sen exceder os prezos de mercado, e imputaránse á entidade cesionaria en función do espazo ocupado.

A Universidade da Coruña comprométese a ceder dereitos de conexión por 630kW á Deputación da Coruña dende a celda de liña situada no centro de protección e mando (CPM) exterior durante 5 anos dende a sinatura do convenio inicial. No momento en que xa non resulte imprescindible a Deputación reverterá esa potencia á UDC para que a mesma dispoña da potencia inicialmente prevista de 2.500 kW, correndo a cargo da Deputación da Coruña a obtención de permiso, autorización e demais trámites e xestión que leve esta solución técnica.

7.- Serán por conta da Deputación da Coruña os tributos de calquera tipo que graven os espazos obxecto de cesión ou a actividade que neles se desenvolva, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente.

Tamén será por conta da Deputación a parte proporcional do canon que a Universidade deboar anualmente ao Ministerio de Defensa.

Neste sentido, o canon actual do conxunto dos terreos da antiga Fábrica de Armas é de 260.000 € por ano.

O total da superficie construída dentro do recinto é de 55.800 m<sup>2</sup> co que se deduce un custe por m<sup>2</sup> construído de 4,66€

Por tanto, aos terreos cedidos á Deputación da Coruña corresponderíalles o seguinte canon anual:

Parcela	Superficie construída	Canon (2025)
Z.02-2 (a)	1.984,30 m <sup>2</sup>	9.246,83 €

comprometéndose a Deputación a consignar o crédito necesario e suficiente para as anualidades posteriores.

8.- A UDC e o Ministerio de Defensa deberán autorizar con carácter previo a realización das obras necesarias para a adecuación do espazo ás necesidades da actividade que se vai desenvolver nel.

Para estes efectos a entidade cesionaria deberá presentar un proxecto detallado.

9.- A Deputación da Coruña comprométese a cumplir os procedementos da Cidade das TIC relativos ao acceso e uso das instalacións e recursos comúns recollidos no seu sistema de xestión da calidade.

10.- A Universidade comprométese a manter o servizo de seguridade na Cidade das TIC.

A Deputación poderá solicitar á UDC unha ampliación dos servizos de seguridade, facéndose cargo dos correspondentes custos.

A factura específica emitida a tal efecto expresará con miudeza os servizos facturados.

11.- Outras condicións da cesión:



### 11.1.- Subministración eléctrica de obra

Por razóns alleas á Universidade da Coruña e á Deputación da Coruña, aínda non hai subministración eléctrica en alta tensión na Cidade das TIC. Para poder desenvolver as obras do Plató Virtual CEI (Coruña Estudo Inmersivo), a Deputación, precisa unha acometida de obra dende a centralización de contadores en baixa tensión, un cableado de datos que permita a comunicación dixital entre contador e centralización, así como un contador que teña tecnoloxía compatible co sistema de lectura dixital implantado pola UDC cun custe aproximado de 32.835,18 € IVE incluído.

Dita subministración de obra deberá estar legalizada como subministración temporal de obra segundo a ITC do regulamento de baixa tensión correspondente. Ademais limitarase a 50kW inicialmente, até ter o complexo a subministración en alta tensión, momento no cal podería incrementarse a dita potencia a 120kW ou á capacidade máxima da liña. A repercusión dos custos enerxéticos desta subministración eléctrica de obra farase de forma equivalente ao establecido para a subministración definitiva, instalando o contador no cadre xeral de baixa tensión do complexo Cidade das TIC, zona Galería. Este importe corre a cargo da Deputación da Coruña.

### 11.2.- Subministración eléctrica ao edificio.

O edificio do Plató Virtual CEI precisa, para o seu correcto funcionamento, subministración en media tensión (AT consonte a norma vixente).

Esa subministración en AT preténdese realizar de forma máis directa seguindo a traza recta do viario N desde o centro de protección e mando (CPM) situado na entrada do conxunto (cun desenvolvemento aproximado de 240 m desde a celda ao transformador do edificio).

Está prevista unha partida de cableado na obra do Plató Virtual CEI.

A Universidade da Coruña comprométense a executar a obra civil dentro da urbanización do conxunto dado que pode servir a distintos edificios e polos prazos de entrega desta actuación e de garantía das obras de urbanización en curso non parece viable que as executen empresas diferentes.

No entanto, a Deputación da Coruña aboará á Universidade o importe desta obra civil de canalizacións a través do viario N para facilitar a acometida eléctrica do Plató Virtual (CEI) que se valora nun importe total de 35.000,00 € co IVE incluído.

### 11.3.- Obras para o acceso rodado provisional

Para o acceso provisional ao edificio Plató Virtual CEI resulta necesario estender unha capa de xabre compactado nunha superficie de 230 m x 6 m cun importe aproximado IVE incluído de 10.050,00 €.

A Universidade da Coruña autoriza a realización destas obras, que correrán a cargo da Deputación da Coruña.

### 11.4.- Obras para o acceso rodado definitivo.

O expresado no apartado anterior é sen prexuízo da necesidade dunha pavimentación viaria definitiva que non correrá a cargo da Deputación da Coruña.

### 11.5.- Obras de axardinamento nas frontes da parcela (N e E)

A Universidade da Coruña autoriza a que, unha vez rematada a obra de edificación do Plató Virtual, a Deputación realice as obras para urbanizar os axardinamentos exteriores en contacto co viario N e E, nunha superficie aproximada de 718 m<sup>2</sup>. A UDC supervisará e autorizará a proposta de axardinamento, que seguirá os criterios xerais de toda a Cidade das TIC.

Estímase para unha urbanización mínima de axardinamento cunha capa de terra vexetal



e plantación de céspede un orzamento de 39.095,10 €.

#### 11.6.- Actuacións a finanziar pola Deputación

Por todo o anterior, despréndese un gasto total en actuacións complementarias a custear pola Deputación da Coruña de 116.980,28 €, que se desagrega na seguinte táboa con referencia aos epígrafes desta cláusula:

Epígrafe	Actuación	Importe
11.1	Subministración eléctrica de obra	32.835,18 €
11.2	Subministración eléctrica ao edificio	35.000,00 €
11.3	Obras para o acceso rodado provisional	10.050,00 €
11.6	Obras de axardinamento nas frontes da parcela (N e E)	39.095,10 €
	<b>TOTAL</b>	<b>116.980,28</b>

Con independencia dos gastos fixos de canon, consumos e outros que poida ter o edificio durante o seu funcionamento.

#### 12.- A Deputación acepta a cesión de uso nas condicións anteriormente expresadas.

Para todo o non previsto nesta addenda estarase ao disposto no CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A CESIÓN DOS TERREOS NA CIDADE DAS TIC PARA A CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO DESTINADO A PLATÓ VIRTUAL E OUTROS SERVIZOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATIONEU (PRTR), asinado o 24 de abril de 2023.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar duplicado a presente addenda, no lugar e data indicados no encabezamento.

**O REPRESENTANTE DA  
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA  
CORUÑA**

**Valentín González Formoso**

**O REPRESENTANTE DA  
UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

**Ricardo Cao Abad**

**A SECRETARIA XERAL  
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA  
CORUÑA**

Asdo.: Amparo Taboada Gil"

#### 7.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Fene (Taxa pola prestación do servizo de colectores e estacións de bombeo).

#### VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a



Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade dos trinta membros presentes que representan a mayoría absoluta da Corporación, acorda:

"1. Aceptar a delegación das competencias acordada polo Concello de Fene en relación coa seguinte materia:

Recadación voluntaria e executiva da Taxa pola prestación do servizo de coletores e estacións de bombeo das augas residuais vertidas á rede de saneamento municipal.

2. A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia, e o seu exercicio levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia, aprobadas ao efecto por esta Deputación Provincial."

**8.- Desestimación do recurso de reposición interposto por CSIF contra a aprobación definitiva da modificación da relación de postos de traballo do ano 2024.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 16 deputados/as (9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

### **ACORDO**

O Pleno, por mayoría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

"En relación co acordo plenario do 24 de xullo 2024 de aprobación definitiva da modificación da relación de postos de traballo, do cadro de persoal e organigrama 2024 e o recurso de reposición interposto contra el, dentro do prazo legal, e tendo en conta os seguintes

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO**

Único.- Polos delegados sindicais da sección sindical de CSIF se presentou escrito de recurso de reposición contra a aprobación definitiva da modificación da relación de postos de traballo do ano 2024 (publicado no Boletín Oficial da provincia da Coruña número 146 de 31 de xullo). Con anterioridade ambos presentaron alegacións á aprobación inicial da devandita modificación, e que foron rexeitadas e notificadas en data 08/08/2024.

#### **II. FUNDAMENTOS DE DEREITO**

##### **Primeiro.- Do recurso de reposición**

O artigo 112 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común, indica que contra as resolucións e os actos de trámite, se estos últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o



procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable aos dereitos e intereses lexítimos, poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición, que caberá fundar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 desta lei.

Ao respecto o sindicato recorrente invoca; 1) a normativa de aplicación; 2) inexistencia de concorrencia de especial responsabilidade, carácter excepcional nin natureza especial das funcións do posto; 3) incumprimento do utilización do sistema e ferramentas aprobadas pola Deputación e vixentes nun manual de valoración e unha matriz dos postos de traballo, e un catálogo de funcións e un órgano para a súa interpretación e desenrollo, a Comisión de Valoración de postos de traballo; 4) inexistencia do cumprimento do límite do 7% en relación á apertura de postos de traballo ao persoal funcionario de outras administracións.

E solicita; 1) A nulidade do acordo da Corporación provincial de 24 de xullo de 2024 polo que se aproba definitivamente a modificación da relación de postos de traballo do ano 2024 da Deputación provincial da Coruña no que atinxe á provisión da Xefatura do Servizo de Patrimonio e Contratación a través do sistema de libre designación, así como á apertura de postos a outras administracións; 2) Subsidiariamente, a anulabilidade do acordo referido no punto anterior; 3) A suspensión do proceso de provisión aberta a outras administracións públicas dos postos de Xefatura de Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego, Xefatura de Servizo de Acción Social, Cultura e Deportes e Xefatura de Patrimonio e Contratación e esta polo sistema de libre designación, no suposto de que non prospere a nulidade ou anulabilidade solicitadas, da Relación de Postos de Traballo do ano 2024 da Deputación da Coruña, que prexudicarían a promoción do persoal interno.

#### Segundo.- Da normativa aplicable

O primeiro argumento no que se sustenta o recurso presentado xira en orde a elección do sistema de provisión mediante a libre designación baixo a rúbrica da normativa de aplicación. Para iso se citan, ao igual que se fixo coas alegacións á aprobación incial, o artigo 168 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, os artigos 78, 79 e 80 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e artigos 89, 91 e 92 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia. Engade dúas sentenzas, unha do Tribunal Constitucional de 25 de febreiro de 2008 da que reproduce o parágrafo que di “Tamén temos dito que o artigo 23 da Constitución española actúa non só no momento do acceso á función pública, senón tamén durante a vixencia da relación funcional e, polo tanto, é de aplicación aos actos relativos á provisión de postos de traballo (SSTC 75/1983, 15/1988 e 47/1989)”, e outra do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 15 de febreiro de 2017, ditada no recurso de apelación 216/2016, onde ao seu entender o alto tribunal autonómico “fixa como doutrina a aplicación preferente da lexislación básica estatal en relación á provisión de postos para as entidades locais (inclusive Xefaturas de Servizo), e polo ende o concurso como sistema selectivo ordinario para estes fins”.

Dado que os recurrentes volven a reproducir os mesmos argumentos que esgrimiron á aprobación inicial, volvemos a traer a colación o auto 176/2016 do Tribunal Constitucional, porque os delegados sindicais reclamantes din literalmente “é certo que o artigo 80.2 do propio Estatuto Básico do Empregado Público dispón que as Leis de Pública de desenrollo -como a galega- poderían determinar qué concretos postos, pola súa especial responsabilidade e confianza, eran susceptibles de ofertarse polo



*procedemento de libre designación con convocatoria pública, pero nunca "laminar" o precepto básico, convertendo a excepción en regra".* Este parágrafo forma parte dun suposto real xurrido no concello da Coruña o 24 de setembro de 2014 sobre o sistema de provisión das xefaturas de servizo e da xefatura do departamento de control financeiro, pero como postos convocados ao acubillo do artigo 30 do Real Decreto Lexislativo galego 1/2008, vixente no momento da convocatoria (posteriormente derogada pola Lei 2/2015, de emprego de Galicia), pois este precepto dicía que en todo caso, mediante o procedemento de libre designación, se proverían as xefaturas de servizo ou equivalentes, de modo que a literalidade era clara no sentido de que todas e cada unha das xefaturas de servizo debían ofertarse mediante o sistema de libre designación sen excepción. É dicir, aí estaba que a excepción se convertía en regra, e apoiándose naquela observación de "laminar o precepto básico" o Tribunal superior de Xustiza de Galicia presentou unha cuestión de inconstitucionalidade mediante o auto de 31 de marzo de 2016.

A cuestión de inconstitucionalidade non se admitiu a trámite no referido auto 176/2016, o cal comezaba poñendo de manifesto que "aquel artigo 30 do Decreto Lexislativo 1/2008 non se atopa xa en vigor, tendo sido derogado pola Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego de Galicia", e pese a que conclúe dicindo que "aquel precepto non é contrario á Constitución nin á lexislación básica que se contén nos artigos 79 e 80 da Lei 7/2007 e Real Decreto Lexislativo 5/2015", ao non ser aplicable ao réxime de provisión de postos de traballo dos funcionarios de carreira da Administración local, "non cabe entender que os acordos impugnados vulneren o mencionado precepto do Decreto lexislativo 1/2008".

Polo tanto, a previsión de que a Xefatura do Servizo de Patrimonio e Contratación se cubra polo sistema de libre designación fronte ás outras dezaseis xefaturas de Servizo polo sistema de concurso específico, non permite afirmar que o carácter excepcional deste sistema de provisión deixe de selo. A excepcionalidade é totalmente respectada. Decae así o primeiro motivo de impugnación esgrimido pola sección sindical do CSIF na medida en que non se aprecia ningún vicio de nulidade nin de anulabilidade.

**Terceiro.- Inexistencia de concorrencia de especial responsabilidade, carácter excepcional ni natureza especial das funcións do posto da xefatura do Servizo de patrimonio e contratación**

O seguinte argumento é que "a tenor do contemplado no catálogo de funcións dos postos da Deputación da Coruña, se observa; 1) a existencia de postos directivos dos que dependen as diferentes xefaturas de servizo da Deputación; Secretaría Xeral, Oficial maior, Interventor Xeral, Vicesecretario xeral, Interventor adxunto, Tesoureiro, e Vicetessoureiro; 2) as funcións incluídas no citado catálogo son idénticas para todas as xefaturas de servizo da Deputación provincial da Coruña, sen que se estableza singularización algúns respecto das funcións da Xefatura do servizo de patrimonio e contratación respecto do resto das xefaturas de servizo; 3) as funcións que desenrolan as xefaturas de servizo non son de carácter directivo senón de desenrollo administrativo, proposta, supervisión, planificación, asesoramento, preparación e xestión, impulso e outras similares, ningunha de elas responde ás propias dun posto directivo; 4) o posto de Xefe de servizo de patrimonio e contratación depende dun posto directivo que figura na organización da Deputación, en concreto, depende do posto responsable da Secretaría xeral, esta circunstancia reforza a imposibilidade de considerar á citada xefatura non só como posto directivo senón dotado dunha especial responsabilidade".

A verdade é que resulta moi difícil participar da idea de que unha xefatura de servizo non teña facultades directivas, pois dada a estrutura organizativa e a organización



xerárquica da administración, unha xefatura de servizo sempre implica a actividade de coordinación e mando sobre os postos de traballo que integran o servizo administrativo, con independencia de que existan outros niveis directivos superiores. Cosa distinta é que esta nota estea presente en todas as xefaturas, o que obviamente non permite comunicar o sistema de provisión de libre designación para todas elas polo feito de ter facultades directivas. Tampouco se trata de indagar na causa pola que a Deputación considera que unha xefatura se ha de dotar polo sistema de libre designación e outras non, senón que sexa a Deputación quén a explique e o faga en termos susceptibles de control dentro da documentación na que se sustenta a modificación da relación de postos de traballo a través da súa exposición ao público, e agora con ocasión do recurso de reposición. Para cumplir con este deber é cando se sinala outra vez; a) o carácter transversal do Servizo de Patrimonio e contratación que require dunha persoa que o dirixa cun perfil profesional que permita un desenvolvemento eficaz; b) a presidencia do Comité Anti-fraude da deputación; c) o requisito do coñecemento excepcional en materia de contratos para analizar os riscos; d) e formar parte da mesa de contratación da Fundación EMALCSA do Concello da Coruña.

O plan xeral de prevención de riscos e de medidas anti-fraude da Deputación provincial da Coruña (Plan PREMADECOR) foi aprobado polo Pleno ordinario do día 23 de xuño de 2022 e publicado no Boletín Oficial da provincia número 125 do 4 de xullo de 2022. A este o segue a Resolución de presidencia número 34223/2022, de 4 de agosto de 2022, pola que se designan o presidente e secretario do comité anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (cadecor) publicado no Boletín Oficial da provincial número 152 do 11 de agosto de 2022. No nomeamento do presidente deste Comité, na persoa do xefe do Servizo de patrimonio e contratación, se destaca que o nomeamento é "en atención á súa responsabilidade dun Servizo troncal e pola súa dilatada experiencia e capacidade". Dentro do Plan PREMADECOR se observa que o servizo de patrimonio e contratación ten un trato diferenciado e singularizado fronte aos demais servizos, pois por unha banda está a actividade de contratación, que solo se concentra neuralxicamente neste servizo, e por outra banda está a actividade subvencional e de cooperación municipal se espalla a todos aqueles servizos que fan estes cometidos. Dito con outras palabras, para un caso o control do fraude se focaliza nun servizo e noutros casos nunha actividade, e en boa medida isto é así, porque o plan anti-fraude vén a dar cumprimento a Directiva (UE) 2017/1371 do Parlamento Europeo e do Consello de 5 de xullo de 2017 cando persigue tratar de maneira eficaz o fraude na contratación mediante unha disposición específica. Neste carácter diferenciado polo propio lexislador comunitario é onde se atopa o carácter troncal do servizo de contratación.

No escrito de impugnación presentado polos delegados da sección sindical CSIF se di que "a valía profesional, a experiencia ou a honestidade se presume/esixe a calquera servidor público. Non é razoable nin serio considerar que estas circunstancias poidan fundamentar –desde un mínimo rigor- a singularidade deste posto de traballo e a súa asimilación ao carácter directivo que permitiría a súa provisión a través da libre designación".

A valía profesional, a experiencia e a probada honestidade do titular actual da xefatura do Servizo de patrimonio e contratación, aparte de responder ao recoñecemento da evidencia demostrada, tamén é causa que xustifica a súa continuidade do cargo, ou que a confianza en el depositada se siga mantendo, pero ademais serve como punto de partida para a elección do futuro empregado público que o releve, pois co paso do sistema de provisión por concurso ao sistema de libre designación o que se está facendo é o tránsito admitido polo ordenamento xurídico, pasar dun procedemento de selección por concorrenza competitiva a un procedemento de selección por concorrenza comparativa onde os futuribles aspirantes haberá de ofrecer unha traxectoria cando



menos equiparable, sobre todo cando se vaia erixir en estándar para medir despois o plus de solvencia que de respaldo a formar parte tanto da fundación Emalcsa como de outras entidades.

Outra argumentación do recurso de reposición, ao igual que se fixo no escrito de alegacións á aprobación inicial, é que “a experiencia e solvencia profesional son importantes, pero non suficientes, pois por sí soas non enervan a dúbida que poida xerar a dependencia que suxire a forma de designación por libre designación respecto do cargo político que pode cesar discrecionalmente a quen ten sido nomeado para o posto por este sistema de provisión. En consecuencia, resulta obvio que un sistema de provisión como o concurso específico garante que o exercicio das funcións de posto de Xefe/a do Servizo de Contratación se adecúa aos principios básicos de obxectividade e imparcialidade. Isto é así pois as decisións que se toman polo seu responsable non resultarán mediatisadas pola dúbida que arrojan as posibles consecuencias derivadas da súa adopción contraria á interpretación ou interese do responsable político”.

Vista a anterior manifestación, non está de máis volver a discernir entre a confianza política na designación de órganos directivos e a confianza que inspira a libre designación mediante convocatoria, como forma que é de provisión de postos de traballo. A primeira poderá inspirarse prioritariamente na afinidade política cos titulares dos órganos superiores, sen obviar a capacidade profesional do nomeado; na segunda o peso da designación está na confianza na idoneidade, capacidade ou valía profesional que ten quén designa no designado, o que aprecia libremente, xuízo que pondera as cualidades do candidato como funcionario de carreira. Tal xuízo de idoneidade se relaciona coas funcións e requisitos esixidos para o desempeño dun posto caracterizado por esa especial responsabilidade que xustifica a súa clasificación como de libre designación, sentenza do Tribunal Supremo de 30 de setembro de 2021, habida conta de que no se pode confundir a natureza dun cargo coas eventuais sospeitas de irregularidade na designación, no exercicio ou no cese do mesmo. Para despexar estas sospeitas xa existen mecanismos de control a actividade discrecional da administración como son a verificación dos elementos regrados e a limitación da desviación do poder.

Un acto de nomeamento de persoal por libre designación non é un acto de imperio, segue a ser un acto de xestión, e como tal, admite o recurso contencioso-administrativo. Outra cousa é que aos delegados sindicais recorrentes lle xere suspicacias de moi diversa índole e ningunha delas non pase de ser unha prospección á sospeita en xeral, inadmisible como causa de nulidade ou anulabilidade nun recurso de reposición. Por outro lado, a ninguén se lle oculta que as causas de abstención e recusación non desaparecen nin son incompatibles cos postos de libre designación. Funcionan perfectamente igual tanto en un posto así cuberto como por outro por concurso. O conflito de interese pode darse en ambos, e en ambos se poderán impugnar as bases da convocatoria cando se proceda a súa cobertura como as respectivas resolucións que as decidan.

#### Cuarto.- Incumprimento da utilización do sistema e ferramentas aprobadas pola Deputación provincial da Coruña

Este terceiro motivo de reclamación se centra no incumprimento da utilización do sistema e ferramentas aprobadas pola Deputación Provincial de A Coruña e vixentes para valorar os postos de traballo e as súas funcións consistentes nun manual de valoración e nunha matriz dos postos de traballo e un catálogo de funcións e un órgano para a súa interpretación e desenrollo, a Comisión de Valoración de Postos de Traballo.

Os anteriores instrumentos son documentos internos, ad intra, e por debaixo da



lexislación aplicable, é dicir de xerarquía normativa inferior. Os cales quedan afastados das exixencias que a lexislación en cuestión impón, pois poderían servir nun momento previo e con carácter únicamente auxiliar, para perfilar a singularidade dunha praza fronte as demais, ou para apoiar a xustificación de que non se acuda ao sistema de provisión por concurso específico, pero non serven para identificar a clase de méritos que se han de ter en conta para decidir a preferencia determinante do nomeamento porque isto só se pode facer a posteriori despois da convocatoria e unha vez presentados os candidatos. Como aqueles recursos ou ferramentas funcionan en fases distintas, resulta que a súa inobservancia non ten repercusión substantiva.

**Quinto.- Inexistencia de cumprimento do límite do 7% en relación á apertura de postos de traballo ao persoal funcinario doutras administracións.**

Que non conste expresamente no expediente de modificación da relación de postos de traballo o cumprimento desta porcentaxe do 7% non quere dicir que haxa un incumprimento, ou que en efecto se teñan aberto a outras administracións un número de postos que sexa superior á citada porcentaxe. A súa constatación é relativamente sinxela na medida de que se trata dunha mera fórmula aritmética. Se contabilizamos todos os postos que conforman a relación publicada o día 31 de xullo de 2024, uns 786 postos (sen contar cos 27 eventuais) só había nove abertos a outras administracións. Segue igual a estar por debaixo da porcentaxe proscrita.

Os sindicatos son axentes cualificados xa que o artigo 7 da Constitución española, dentro do seu título Preliminar dispón que contribúen á defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios. No recurso formulado non se albisca cal é o interese social, laboral, profesional ou económico prexudicado por abrir nove postos a outras administracións públicas, na medida en que é moi inferior ao 7% e en nada pode desmerecer dereitos adquiridos que non existen.

**Sexto.- A suspensión do proceso de provisión aberto a outras administracións públicas**

Esta é a derradeira petición do CSIF, concentrada aos tres postos de Xefatura do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego, Xefatura do Servizo de Acción Social, Cultura e Deportes e Xefatura de Servizo de Patrimonio e Contratación, e esta polo sistema de libre designación, no suposto de que non prospere a nulidade ou anulabilidade anteriormente solicitadas, da Relación de Postos de Traballo do ano 2024, que prexudicarían a promoción do persoal interno.

Os actos administrativos producen efectos desde a data que se ditan, salvo que neles se dispoña outra cousa, artigo 39.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común. E o artigo 117.1 desta Lei "a interposición de calquera recurso, excepto no casos nos que unha disposición estableza o contrario non suspenderá a exención do acto impugnado. Non obstante, o órgano a quien compete resolver o recurso, previa ponderación, suficientemente razonada, entre o prexuízo que causaría ao interese público ou a terceiros a suspensión e o ocasionado ao recorrente como consecuencia da eficacia inmediata do acto recorrido, poderá suspender, de oficio ou a solicitude do recorrente, a execución do acto impugnado cando concorran algúndas seguintes circunstancias:

- Que a execución puidera causar prexuízos de imposible ou difícil reparación.
- Que a impugnación se fundamente nalgúnha das causas de nulidade de pleno dereito previstas no artigo 47.1 da Lei 39/2015.

Como os recorrentes non piden a suspensión ao acubillo de ningunha das dúas variantes previstas polo lexislador, senón todo o contrario, a piden subordinada á desestimación das causas de nulidade ou anulabilidade como petición subsidiaria,



obviamente tal suspensión está condenada ao mais claro fracaso. Non hai suspensións sine die, sempre están subordinadas á petición e tramitación dun recurso, ben na sede administrativa, ben na sede xudicial como medida cautelar (artigo 117.4 da Lei 39/2015) pois como é ben sabido os actos administrativos se presumen válidos desde que se ditan, artigo 39.1 xa citado.

Tampouco se comprende onde se prexudicaría a promoción do persoal interno non accedendo á suspensión, pois en ningún momento se impide aos traballadores da Deputación da Coruña presentarse a estes postos, polo que non hai ningún prexuízo na carreira profesional dos mesmos. Que aumente a competencia dentro dos parámetros numéricos pactados non é causa de ningún dano real e palpable na esfera xurídica deste colectivo do persoal interno.

En consecuencia, á vista do establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, a competencia para resolver o recurso de reposición lle corresponde ao órgano que ditou o acto impugnado, no artigo 33.2.f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, que lle atribúe ao Pleno a competencia para a aprobación da relación de postos de traballo e nos artigos 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril de bases de réxime local, en relación cos artigos 126 e 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local e 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

#### ACÓRDASE

**1.- Desestimar o recurso de reposición interposto polos delegados sindicais da sección sindical do CSIF, contra a aprobación definitiva da Modificación da Relación de Postos de Traballo do ano 2024, aprobada polo pleno da Corporación do 24 de xullo de 2024 e publicada no Boletín Oficial da provincia da Coruña número 146 de data 31 de xullo de 2024.**

**2.- Procede a confirmar a Modificación da Relación de Postos de Traballo para o ano 2024 nos termos do acordo plenario do 24 de xullo de 2024, dando traslado do presente acordo aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia."**

#### **9.- Dación de conta das resolucións de presidencia número 29561/2024, 33750/2024 e 33751/2024, relativas a persoal eventual.**

Dáse conta das resolucións número 29561 de 15/07/2024, 33750 de 21/08/2024 e 33751 de 21/08/2024 relativas a persoal eventual.

#### **10.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Axencia de Turismo de Galicia para o cofinanciamento do proxecto "Actuacións de promoción turística na provincia da Coruña 2024"**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



## ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, para financiar o "ACTUACIÓN DE PROMOCIÓN TURÍSTICA NA PROVINCIA DA CORUÑA 2024"

2º Mediante o informe de levantamento de reparos achegado ao expediente o día 18 de setembro de 2024 quedan salvados os incluídos no informe de fiscalización do 18 de setembro de 2024 que inclúa os seguintes:

***Omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais***

*Non queda suficientemente definido o obxecto do convenio, así como os dereitos e obrigas das partes, incumprindo así o artigo 49 c) da Lei 49/2015, e imposibilitando unha adecuada verificación da aplicación dos fondos provinciais comprometidos.*

3º A aportación provincial prevista no convenio ascende a un total de 300.000,00 euros

4º As actuacións de promoción previstas son:

- Promoción do turismo deportivo a través do apoio a organización de eventos.
- Promoción do turismo gastronómico a través do apoio á organización de eventos.

5º A aportación provincial poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio no apartado 8 do presente acordo con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/75101 unha vez transferido o crédito actualmente dispoñible na partida 0510/4321/45101.

6º Unha vez formalizado o convenio de colaboración, constituiráse a Comisión de Seguimento do mesmo, e na primeira reunión que celebre, someteranse á súa aprobación;

- A determinación das actuacións incluídas no convenio con desagregamento completo de custos, establecendo liñas más concretas das actividades a realizar e tipos de gasto por cada unha das mesmas, das que se dará conta ao Pleno, para o seu coñecemento e ratificación.
- Que unha vez realizadas as actividades obxecto do convenio, a Axencia de Turismo de Galicia aportará un certificado da boa realización das accións incluídas no convenio, informando sobre os gastos realizados cun nivel de desagregamento suficiente que incorpore todos os gastos e pagamentos efectuados, e ademais deberá achegar memoria de cumprimento de obxectivos.

7º Dado que a partida orzamentaria correspondente á Axencia de Turismo 04.A2.761A.640.9 pertence á definición de "Gastos realizados en un ejercicio, no materializados en activos, susceptibles de producir sus efectos en varios exercicios futuros, campañas de promoción de turismo", partida de grupo 6 e o crédito relativo ao proxecto foi orzamentado inicialmente polo ente provincial no orzamento por un importe de 300.000,00 € na partida 0510/4321/45101, e ante a incompatibilidade que se produce pola definición da clasificación económica dos mesmos, no primeiro EMC que se tramite na Deputación incluiráse un movemento de baixa por anulación do crédito orzamentado na partida 45101 e que será enviado a unha partida do grupo 7 que corresponda para a



correcta compatibilidade co tipo de gasto determinado pola Axencia de Turismo.

8º En todo caso, non se realizará ningún acto de disposición de fondos ata que sexa aprobada con carácter definitivo a devandita habilitación no correspondente Expediente de Modificación de créditos. Unha vez entre en vigor o Expediente de Modificación de Créditos poderánse levar a cabo as actuacións previstas na cláusula segunda do convenio.

9º O texto do convenio sería o seguinte;

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O COFINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS DE PROMOCIÓN TURÍSTICA NA PROVINCIA DA CORUÑA**

Santiago de Compostela

### **REUNIDOS**

Dunha parte, Dº. Xosé Manuel Merelles Remy, director da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 117, do 20 de xuño), que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E da outra, D. Xosé Regueira Varela, Vicepresidente da **Deputación Provincial da Coruña** e Deputado de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria, (CIF P1500000C), que actúa en nome e representación de aquela por delegación de atribucións do Presidente en deputados membros da Xunta de Goberno recollida na Resolución de Presidencia 2023/29343 de 24/07/2023, e en virtude do contemplado nos artigos 34.2 y 35.3 da Ley 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL) e os artigos 40.3, 41 e 42 del Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordantes cos artigos 63.3, 64 e 65 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de noviembre (ROF). Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

### **EXPOÑEN**

**Primeiro.-** Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto no artigo 27.21 do Estatuto de autonomía de Galicia, ten competencia exclusiva en materia para a promoción e ordenación do turismo.

**Segundo.-** Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.



Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos

**Terceiro.-** Que entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 y 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, está a de cooperación e colaboración, podéndose levar a cabo mediante a subscrición de convenios

**Cuarto.-** Que, de acordo co artigo 6 da Lei 7/2011, de 27 de outubro, do Turismo de Galicia, corresponde ás entidades locais supramunicipais, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción dos recursos turísticos que se determinen dentro do seu ámbito territorial, en coordinación con todos os entes locais afectados e a Administración autonómica

**Quinto.-** Que o proxecto a desenvolver entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Deputación da Coruña, a través do presente convenio de colaboración, contribuirá á promoción da Comunidade Autónoma de Galicia como destino turístico privilexiado e singular, e á divulgación da cultura xacobea; ademais favorecerá a imaxe de Galicia como destino fornecedor de grandes eventos, o que porá en valor á nosa Comunidade Autónoma como un destino turístico único caracterizado pola súa excelencia e calidade.

**Sexto.-** Que o apoio económico para a promoción de grandes eventos de toda índole, desde culturais, artísticos, deportivos ata gastronómicos, supón unha gran repercusión mediática, de tal xeito que, en moitos casos, o investimento económico chega a multiplicarse de forma exponencial en función da importancia do evento.

As grandes feiras, congresos e eventos culturais ou deportivos, implican ademais un gran impacto económico e turístico que chega máis aló mesmo das datas que abarca o evento. Hoteis e restaurantes, independentemente do seu número de estrelas ou prezo, conseguén a plena ocupación durante a celebración de eventos, mellorando incluso o puntal que se alcanza durante os períodos de vacacións.

**Sétimo.-** Que co obxecto de promover a imaxe de Galicia, a Axencia Turismo de Galicia e a Deputación da Coruña consideran esencial colaborar na promoción de eventos, posto que se trata dunha acción de interese común, cofinanciada polas partes e con beneficios conxuntos e que está definida para acadar o obxectivo de promover o turismo na provincia da Coruña e na Comunidade Autónoma de Galicia.

En consecuencia, as partes acordan subscibir o presente convenio con suxeición ás seguintes

## CLÁUSULAS

### **Primeira.- Obxecto do convenio.**

Constitúe o obxecto deste convenio establecer o marco da colaboración entre as partes asinantes para o cofinanciamento de actuacións de promoción turística na provincia da Coruña no ano 2024.

As actuacións obxecto deste convenio executaranse por parte da Axencia de Turismo de Galicia mediante a tramitación dos oportunos instrumentos administrativos de acordo coa normativa vixente.

As actuacións de promoción previstas son:



- Promoción do turismo deportivo a través do apoio á organización de eventos.
- Promoción do turismo gastronómico a través do apoio á organización de eventos.

### **Segunda.- Orzamento e operativa da colaboración.**

O importe da colaboración será dun total de trescentos mil euros (300.000 €) que serán achegados pola Deputación provincial da Coruña con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4321/45101.

Os fondos comprometidos pola Deputación provincial da Coruña ampliarán crédito na antedita aplicación orzamentaria 04.A2.761A.640.9 código de proxecto 2013 00004.

Estes fondos comprometidos pola Deputación provincial da Coruña ingresaránse, no prazo máximo dun mes desde a sinatura deste convenio, no Tesouro Público da Xunta de Galicia na súa conta operativa aberta na entidade ABANCA (Conta nº: ES82 2080 0300 8731 1006 3172), no concepto de: Colaboración financeira coa Axencia de Turismo de Galicia para o cofinanciamento de actuacións de promoción turística na provincia da Coruña.

Xustificada a boa execución das actuacións cofinanciadas, a Axencia de Turismo de Galicia remitirá certificación da total realización da mesma e de que os fondos se destinaron ao financiamento das accións descritas neste convenio.

### **Terceira.- Compromiso das partes.**

A Axencia Turismo de Galicia comprométese á tramitación dos correspondentes instrumentos administrativos para canalizar as colaboracións e a achegar o cofinanciamento que no seu caso se estime oportuno.

Nos procedementos administrativos a Axencia Turismo de Galicia axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación vixente en materia de contratación pública e de réxime xurídico do sector público.

A Deputación Provincial de Coruña comprometese ao cofinaciamento das distintas actuacións de promoción turística de Galicia e da provincia da Coruña de acordo co establecido na cláusula segunda.

Na información que se difunda sobre as actuacións obxecto deste convenio, tanto nos medios de comunicación como no material informativo que se puidera distribuír deberase facer constar sempre o financiamento da Xunta de Galicia e da Deputación Provincial da Coruña, así como incluír a “Marca Turística de Galicia”, de acordo co Decreto 121/2011, do 16 de xuño, polo que se aproba a marca turística de Galicia e se regula a súa utilización (DOG núm. 125, do 30 de xuño).

### **Cuarta.- Inexistencia de relación laboral.**

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

### **Quinta.- Comisión de seguimiento.**

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións



aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por un representante designado por cada unha das partes asinantes.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### **Sexta.- Modificación do convenio.**

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

#### **Sétima.- Causas de resolución.**

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.
- Calquera outra causa prevista nas leis.

#### **Oitava.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente.**

A este convenio seralle aplicable o réxime xurídico previsto nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, concibíndose como un convenio de carácter administrativo que se rexe polas súas cláusulas e, no seu defecto, aplicaránsele os principios establecidos na norma reguladora de contratos do sector público, para resolver as lagoas e dúbidas que se puidesen presentar.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

#### **Novena.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio.**

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno as persoas asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos relacionados co obxecto do convenio poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e a Dirección da Axencia Turismo de Galicia remitirá os datos necesarios para a publicidade do acordo nos rexistros públicos e informará na súa páxina web oficial da subscrición cos seguintes datos básicos: identificación das partes, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do acordo leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos do presente convenio serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto. e co debido respecto á



protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

#### **Décima.- Protección de datos persoais.**

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPD), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPD.

#### **Décimo primeira.- Vixencia.**

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

#### **Décimo segunda.- Notificación electrónica.**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento dixitalmente

Pola Axencia Turismo de Galicia  
Xosé Manuel Merelles Remy

Pola Deputación Provincial de Coruña  
Xosé Regueira Varela"



**11.- Aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ames polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da "Creación dunha área de autocaravanas en Bertamiráns"**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento de la subvención, sendo especialmente destacable o acordo entre administracións públicas, fomentando a colaboración e o desenvolvemento de proxectos comúns que contribúan á mellora dos recursos turísticos provinciais.

2º Apréciase no presente expediente razóns de interese público e social que xustifican a concesión da subvención nominativa. O proxecto supón a mellora da infraestructura turística das nosas vilas e cidades, concretándose o presente proxecto na execución da CREACIÓN DUN ÁREA DE AUTOCARAVANAS EN BERTAMIRÁNS, no Concello de AMES mediante a creación dunha nova área de aparcamiento para autocaravanas en espazos axeitados na zona de Bertamiráns. Esta obra aporta solucións e servizos para atender ao turismo en autocaravana, unha modalidade de turismo emerxente, comprometido co medio ambiente, e que se está a revelar de grande valor para os municipios polos beneficios económicos que aporta, xa que as persoas autocaravanistas realizan as súas compras preferiblemente no comercio local e aportan beneficios á hostalería da zona.

O aumento no número de visitantes e turistas é a creación de rutas de sendeirismo, os espazos verdes e áreas naturais dentro do concello como a Praia fluvial de Tapia, a excelente ubicación na contorna da cidade de Santiago de Compostela, e ao mesmo tempo a cercanía coa costa, así como as infraestruturas viarias, especialmente a AP-9 e AG-56 que acortan os tempos de desprazamentos motiva a necesidade de dar cobertura a este novo tipo de desprazamento turístico, e en particular as facilidades para o aparcamento constitúen un aspecto básico.

3º Salvar a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe, coa motivación incorporada nos apartados 1º e 2º do presente acordo, sendo os reparos os seguintes:

-Falta de motivación da singularidade da entidade e da xustificación da excepcionalidade da actividade realizada, de xeito que xustifiquen a imposibilidade ou non conveniencia da convocatoria pública en concorrencia competitiva da subvención proposta. O anterior supón a omisión dun requisito ou trámite esencial de acordo co disposto no artigo 216.2.c do TRLRFL así como un incumprimento das condicións



establecidas no artigo 22.2 da LXS para xustificar o carácter nominativo da subvención proposta.

-Falta de acreditación dos criterios tomados en consideración para determinar o importe da subvención provincial que se ha conceder e do coeficiente de financiamento..

-Incumprimento do disposto no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións ao non xustificarse as razóns de interese público que dificultan ou impiden a súa inclusión no Plan Único POS+.

**4º** Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e CONCELLO DE AMES con CIF P1500200I, para financiar o ““CREACIÓN DUN ÁREA DE AUTOCARAVANAS EN BERTAMIRÁNS” cun orzamento de 71.399,30 €

**5º** A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de **57.119,44 euros** o que representa unha porcentaxe de **80,00%**.

**6º** A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/76201

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

**CONVENIO DE COOPERACIÓN INTERADMINISTRATIVA ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE AMES POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DO “CREACIÓN DUN ÁREA DE AUTOCARAVANAS EN BERTAMIRÁNS”**

Na Coruña, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_\_\_\_

**REUNIDOS**

Dunha parte, D. \_\_\_\_\_, en representación da Deputación da Coruña, E doutra parte D. \_\_\_\_\_ en representación do **Concello de AMES**

Os comparecientes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanllles atribuídas

**MANIFESTAN**

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Régime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efecto, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.



Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Régime Local. O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de AMES considera de primeira necesidade as actuacións relativas ao **CREACIÓN DUN ÁREA DE AUTOCARAVANAS EN BERTAMIRÁNS**, xa que o Concello de AMES considera importante a aposta polo turismo en autocaravana, unha modalidade de turismo emerxente, de poder adquisitivo medio-alto e comprometido co medio ambiente. Este tipo de turismo aporta un gran valor para os municipios polos beneficios económicos aportados, incidindo positivamente nas pernoctas no municipio, a repercusión na hostalería e no comercio local. É por iso que o concello considera necesariaa creación de novas áreas de aparcamento en espazos axeitados e próximos aos centros dos dous núcleos urbanos cos que conta o concello, O Milladoiro, e, a capital municipal, Bertamiráns. Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar o **CREACIÓN DUN ÁREA DE AUTOCARAVANAS EN BERTAMIRÁNS**, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de AMES ambas as dúas partes

## ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### I.- OBXECTO

1. O presente convenio de cooperación interadministrativa ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de AMES, con CIF P1500200I, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das actuacións de "**CREACIÓN DUN ÁREA DE AUTOCARAVANAS EN BERTAMIRÁNS**", tal e como aparece definida esta na memoria valorada que figura no expediente.
2. A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora das actuacións, achega ao expediente un exemplar da memoria valorada, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das actuacións. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.
3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de



vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

## II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

C01 DEMOLICIONS E TRABALLOS PREVIOS EXTERIORES.....	4.248,37
C02 PAVIMENTOS E ACABADOS.....	35.065,11
C03 SINALIZACIÓN EXTERIOR HORIZ. E VERTICAL .....	1.353,16
C04 MOBILIARIO ESPECÍFICO .....	1.659,33
C05 REDE DE SANEAMENTO .....	5.133,72
C06 ALUMEADO .....	1.994,14
C07 XESTIÓN DE RESIDUOS.....	132,46
 TOTAL ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL (P.E.M.).....	49.586,29
13,00 % Gastos generales.....	6.446,22
6,00 % Beneficio industrial.....	2.975,18
SUMADE G.G. y B.I. SUMA.....	<b>59.007,69</b>
21,00 % I.V.A .....	12.391,61
 TOTAL PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN (P.B.L.).....	<b>71.399,30</b>

## III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **57.119,44 euros** o que representa unha porcentaxe de **80,000%**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredeite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,000 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumplida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, etc.**

**Tampouco** se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/4321/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade



orzamentaria.

- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .**

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado**.
- 3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.
- 4.- No caso de que a entidade beneficiaria trámite e aprobe alguma **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificacióndo correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.**

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.
3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumplir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.**

1. Coa posibilidade prevista nas Base 54 das de execución do Orzamento para o ano 2024, **ata o 50 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da a entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez quese achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicosa través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución



- Acta de reformulo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **50 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboadado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboadado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

## VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal y como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e**



**presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E ASÚA ACREDITACIÓN.**

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamenteos correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do percepto.

### **X.- CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

– Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

– Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.



## XI.- REINTEGRO, INFRACCIONES E SANCIONES.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagodos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infracciones tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadre de sancionas previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demás normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal)
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2025**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de XULLO de 2025**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación



poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2026**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida eprevista nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimiento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Correspondelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia dopresente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinán por cuadripulado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

**O PRESIDENTE, P.D.**

**O DEPUTADO DE \_\_\_\_\_**

**O ALCALDE -PRESIDENTE DO CONCELLO DE AMES**

**Asdo.: \_\_\_\_\_**

**Asdo.\_\_\_\_\_**

**A SECRETARIA XERAL  
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

**Asdo.\_\_\_\_\_ "**



**12.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo coa Asociación Coruñesa de Transportes Discretoriais y Especiales (ACOTRADES) para cofinanciar o proxecto de "Formación específica para novos condutores profesionais no sector do transporte por carretera na provincia da Coruña".**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Vistos os informes e demais antecedentes sobre a proposta de formalización dun convenio administrativo coa Asociación Coruñesa de Transportes Discretoriais y Especiales (ACOTRADES) para cofinanciar o proxecto de "Formación específica para novos condutores profesionais no sector do transporte por carretera na provincia da Coruña".

Visto tamén, que a natureza do asunto que se propón se axusta ás materias correspondentes á área de competencia desa "Comisión Informativa de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente", dado o seu carácter residual,

Propónese á Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente, a toma en consideración do seguinte acordo:

1. Acredítadas as condicións especiais da entidade solicitante e o seu programa de actuacións, salver o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifiquen a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa Asociación Coruñesa de Transportes Discretoriais y Especiales (ACOTRADES), para regular a achega de 50.000,00 € para cofinanciar o proxecto de "Formación específica para novos condutores profesionais no sector do transporte por carretera na provincia da Coruña", cun orzamento subvencionado de 62.500,00 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 80 % extendendo a súa vixencia ata o 31 de agosto de 2025 e as actividades terán carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerán as datas entre o 1 de setembro do 2024 e o 30 de abril de 2025.

3. Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220240034844, da aplicación orzamentaria 0520/24100/481, do vixente Orzamento Xeral.

4. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución.



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN CORUÑESA DE TRANSPORTES DISCRETIONALES Y ESPECIALES (ACOTRADES) PARA FINANCIAR O PROXECTO “FORMACIÓN ESPECÍFICA PARA NOVOS CONDUTORES PROFESIONAIS NO SECTOR DO TRANSPORTE POR CARRETERA NA PROVINCIA DA CORUÑA”.**

Na Coruña, a    de    de    na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

**REUNIDOS**

Dunha parte, \_\_\_\_\_, en representación da Deputación Provincial da Coruña, e  
 Doutra parte, \_\_\_\_\_, en representación da Asociación Coruñesa de Transportes Discretionales y Especiales (ACOTRADES)  
 Actuando no ejercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detengan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

**MANIFESTAN**

Que os sistemas de transporte e de comunicación convértense nunha estrutura básica do desenvolvimento económico e social.

Que, na actualidade, debido á escasez de condutores no sector de transporte por carretera e a alta demanda de condutores cualificados por parte das empresas, a capacitación de traballadores é esencial para dotar aos empresarios e as súas plantillas dunha maior cualificación para contribuír a mellorar a competitividade das mesmas e consolidar o emprego no sector.

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e a Asociación Coruñesa de Transportes Discretionales y Especiales (en adiante, ACOTRADES) consideran de gran interese para a provincia mellorar a actividade do sector, facendo que o seu desenvolvimento e a súa competitividade melloren de forma sostible na provincia, xerando emprego e oportunidades na economía local.

Que ACOTRADES é unha organización empresarial sen ánimo de lucro fundada en 1979 e conformada por empresas e profesionais do sector do transporte da provincia da Coruña que ten entre os seus fins defender e representar os intereses de todos os seu asociados así como impartir formación en todas as súas modalidades e desenvolver actividades de axencia de colocación.

Que o Plan de Emprego Local (PEL) da Deputación da Coruña se constitúe como unha estratexia integrada de cooperación para o desenvolvimento sostible da provincia que pretende servir de instrumento estratégico para mellorar a empregabilidade e o emprego e responde fundamentalmente á preocupación polo desenvolvimento do territorio provincial no seu conxunto dunha maneira equilibrada.

Que o apoio da Deputación da Coruña ao proxecto “Formación específica para novos condutores profesionais no sector do transporte por carretera na provincia da Coruña” permite contribuír a potenciar a inserción profesional nun sector cunha alta demanda e promover unha capacitación profesional de nivel e adecuada, polo que, en virtude das



consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e ACOTRADES acordan subscribir o presente convenio de colaboración dacordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e ACOTRADES (NIF: G15248859) para financiar o proxecto “Formación específica para novos conductores profesionais no sector do transporte por carretera na provincia da Coruña”, no que se integran as seguintes actividades:

- Formación para a obtención do Certificado de Aptitude Profesional dos condutores, CAP. Total alumnado 24
- Formación para a obtención do permiso de circulación C. Total alumnado 24
- Formación para a obtención do permiso de circulación C+E. Total alumnado 24

### II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

ACOTRADES desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

GASTOS	IMPORTE
<b>SERVIZO DE PROFESIONAIS INDEPENDENTES / CONTRATACIONES EXTERNAS</b>	<b>60.648,00 €</b>
<b>Formación para a obtención CAP (Total 24 alumnos/as)</b>	<b>20.328,00 €</b>
Teoría_130 h (Material didáctico, profesorado, práctica extinción incendios)	12.000,00 €
Prácticas_10 h	7.200,00 €
Taxas exame	552,00 €
Taxa tarxeta	576,00 €
<b>Formación para a obtención do permiso de circulación C (Total 24 alumnos/as)</b>	<b>5.520,00 €</b>
Matrícula e prácticas_realizadas co CAP (Material didáctico, profesorado)	2.400,00 €
Taxa DXT	2.400,00 €
Psicotécnico	720,00 €
<b>Formación para a obtención do permiso de circulación C+E (Total 24 alumnos/as)</b>	<b>34.800,00 €</b>
Matrícula (Material didáctico, profesorado)	2.400,00 €
Taxa DXT	2.400,00 €
Prácticas_19 h	30.000,00 €
<b>GASTOS DE PERSOAL</b>	<b>1.852,00 €</b>
Soldos e Salarios	1.401,00 €
Seguridade Social a cargo da empresa	451,00 €
<b>TOTAL PROXECTO</b>	<b>62.500,00 €</b>

### III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **50.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do 80 %. A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do



orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidad efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidad xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumplida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que ACOTRADES obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa económicalemente.
3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

#### **VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle abonada á entidade beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

- a. Memoria de actuación, subscrita polo representante da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- b. Certificación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se fora o caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias



compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o periodo subvencionable.

c. Declaración relativa á repercusión do IVE que, se fora o caso, inclúan as facturas xustificativas do gasto realizado. De acordo co disposto no art. 31.8 da Lei xeral de subvencións, o IVE será subvencionable no caso de que non sexa deducible pola entidade.

d. Autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

e. Certificación da aprobación das facturas e demás documentos xustificativos polo órgano competente.

f. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

g. Declaración de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para mesma finalidade, asinada polas persoas que exerzan a responsabilidade de tesouraría e a representación legal da entidade.

h. Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera das actividades subvencionadas.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar realizadas entre o 01 de setembro de 2024 e o 30 de abril de 2025.

2. Unha vez rematadas as actividades, ACOTRADES deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á ACOTRADES para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conllevará a perda da subvención e demás responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ACOTRADES da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada por ACOTRADES na documentación presentada.

## **VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL**

1. ACOTRADES deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña



telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

## **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. ACOTRADES destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, ACOTRADES deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X. CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ACOTRADES poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demás obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, ACOTRADES queda sometido aos procedementos de fiscalización que levan a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI. REINTEGRO, INFRACCIONES E SANCIÓNS**

1. O incumplimento dalguna das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conllevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o incumplimiento también poderá ser constitutivo dalguna das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadre de sancións previsto nas normas citadas e na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).
3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

## **XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN S E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**



1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

### **XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de agosto de 2025**.
2. Para o caso de que ACOTRADES non poda presentar a xustificación antes do 31 de agosto de 2025, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2025. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### **XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbihdas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbihdas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.
3. Correspondenlle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación provincial da Coruña  
Discrecionales y

Pola Asociación Coruñesa de Transportes  
Especiales (ACOTRADES)



**Asdo:**

**Asdo:**

A Secretaria Xeral da Deputación Provincial A Coruña

**Asdo."**

### **13.- Aprobación do Plan Estratégico de Subvencións da Deputación da Coruña 2025/2027**

#### INTERVENCIÓNS

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente. Buenos días, compañeras y compañeros de Corporación.

La verdad es que nos sorprende comprobar la ligereza con la que someten a la consideración de este pleno un asunto tan importante como es la aprobación del Plan estratégico de subvenciones. Hablamos de un documento necesario para evitar que las subvenciones incurran en una causa de nulidad y hablamos de un documento necesario para que la denominada actividad de fomento subvencional responda a principios de un gobierno de eficacia, de eficiencia, de transparencia, etc.

En su momento, en el 2020, pudimos ser condescendientes o comprensivos con un primer Plan estratégico que probablemente presentaba alguna laguna. Ahora bien, transcurridos varios años, con prórrogas incluidas, desde la aprobación de aquel Plan estratégico en 2020, cabría esperar de ustedes, y cabe exigirles a ustedes, un mayor rigor en su elaboración. No es presentable que este plan haya pasado por la Comisión Informativa sin conceder tiempo a todos sus miembros para que pudieran valorarlo previamente y abordarlo en dicho órgano con conocimiento y causa, y no es presentable que le hayan remitido el expediente a la Intervención Provincial sin apenas antelación, impidiendo que pudieran analizar el expediente con rigor y detalle y posibilitando solo un informe con carácter de mínimos.

Si el plan estratégico en su momento aprobado y prorrogado está vigente hasta final de año, ¿cuál es la urgencia para traerlo hoy? O, dicho desde otra perspectiva, si les urgía aprobar en septiembre un nuevo plan, ¿por qué no iniciaron antes la tramitación? Y, por cierto, no parece muy ejemplar, o muy acorde con los postulados de la transparencia y de la democracia participativa no someter el plan a un periodo de información pública. Y no es tampoco aceptable que en un plan de esta naturaleza no se recojan para cada línea de subvención los criterios de coordinación con otras administraciones y la compatibilidad o no de cada una de ellas con otras ayudas. Tampoco es presentable que no se haya realizado una evaluación del plan anterior hasta ahora vigente, evaluación que sirva de fundamento al nuevo plan a fin de actualizar o modificar subvenciones o actuaciones de fomento. Y tampoco es presentable ni muy lícito que prescindan ustedes del informe preceptivo y vinculante que ha de emitir la Xunta de Galicia, como también nos ofrece dudas la previsión de que las eventuales modificaciones las pueda hacer la Junta de Gobierno, y más que dudas nos ofrece la cláusula de la prórroga automática. Y, en definitiva, no nos parece presentable que, constando estas objeciones en los informes, las ignoren y sigan adelante con el plan.

A la vista de estas circunstancias, nosotros les pediríamos que retiraran este



punto, que este punto venga con los informes preceptivos de la Xunta, que dé tiempo para evaluar y demás, porque no hay la urgencia de tener que aprobarlo hoy; si no, nuestro voto será de abstención, porque entendemos que es importante que haya un Plan estratégico de subvenciones, pero, como decir lo que ustedes lo han implementado en algunos casos, no? Plan estratégico sí, pero no así.

Gracias.

Sr. Presidente

Moi ben, vamos proceder á votación. Votamos primeiro a petición de retirada por parte do Partido Popular.

Votación da retirada do asunto:

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 14 deputados/as (PP).

Votan en contra: 16 deputados/as (9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Sr. Presidente

Procedemos á votación do punto.

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 16 deputados/as (9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

**ACORDO**

O Pleno, por mayoría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

"Aprobar o Plan Estratégico de Subvencións da Deputación provincial da Coruña 2025/2027 cuxo texto se transcribe:



Deputación  
DA CORUÑA



PLAN ESTRATÉXICO  
PROVINCIAL DE  
SUBVENCIÓNS

2025 / 2027



## ÍNDICE

## PÁGINA

1. INTRODUCCIÓN.....	3
1.1. CONTEXTO ACTUAL E MARCO NORMATIVO.....	3
1.2. NATUREZA E FINALIDADES DO PES/DAC .....	5
1.3. COORDINACIÓN CON OUTRAS ADMINISTRACIÓN.....	6
2. ÁMBITO DE APLICACIÓN E MODALIDADES DE SUBVENCIÓN.....	7
3. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS.....	9
3.1. OBXECTIVOS XERAIS .....	11
3.2. OBXECTIVOS PROVINCIAIS .....	12
4. EFECTOS E IMPACTO .....	18
5. PLAN DE ACTUACIÓN DO PES/DAC 2025/2027.....	21
5.1. DETALLE POR OBXECTIVOS DO PLAN DE ACTUACIÓN .....	21
5.2. ESTRUTURACIÓN DA ACTUACIÓN DE FOMENTO PROVINCIAL.....	34
5.3. PLAN DE ACTUACIÓN DO PES/DAC 2025/2027 EN CIFRAS .....	40
6. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN .....	42
7. ACTUALIZACIÓN E PRÓRROGA.....	44
7.1. ACTUALIZACIÓN .....	44
7.2. PRÓRROGA.....	44
8. PUBLICIDADE .....	45
9. ANEXOS .....	46



## 1. INTRODUCCIÓN

### 1.1. CONTEXTO ACTUAL E MARCO NORMATIVO

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e substancialidade da Administración local, confirma a modificación introducida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, en relación co artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que ampliaba as competencias provinciais no ámbito da planificación indicando expresamente que:

- “1. Son competencias propias da Deputación ou entidade equivalente as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das comunidades autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, as seguintes: (...)”*
- “d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.”*

O artigo 8.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (en adiante, LXS), introduciu a obriga para os órganos das administracións públicas e calquera entes públicos responsables da xestión de subvencións, de elaborar un plan estratéxico de subvencións, no que deberían concretarse os obxectivos e efectos pretendidos coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, axustándose en todo caso aos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

Este artigo foi desenvolvido polo Regulamento da LXS (en adiante, RLXS), aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, que nos seus artigos 10 ao 15 establece cales deben ser os principios reitores, o ámbito e contido dos plans estratéxicos de subvencións, así coma a competencia que debe realizarse para a súa aprobación e o seu seguimento.

A Deputación da Coruña, de conformidade coas competencias que lle foron atribuídas en materia de planificación e en cumprimento da LXS e o seu Regulamento de desenvolvemento, elabora o **Plan estratéxico provincial de subvencións da Deputación da Coruña 2025/2027**, en adiante **PES/DAC**.

O PES/DAC é un instrumento para planificación e xestión da actividade de fomento da Deputación da Coruña para o período 2025/2027, no que se establecen os principios básicos que fundamentarán neste período a proposta de tramitación de subvencións, premios e bolsas no ámbito provincial, así como o seu seguimento e avaliación.

A súa finalidade é, por un lado, contribuír a través dunha planificación axeitada dos recursos dispoñibles, ao desenvolvemento socioeconómico da provincia en base a modelos sustentables, dinámicos e innovadores que promovan no seu territorio valores sociais, ambientais, culturais e económicos que garantan o seu crecemento sustentable; e por outro, acadar a máxima eficacia na utilización e xestión destes recursos, permitindo unha distribución axeitada e suficiente destes, respectando as limitacións derivadas do principio de estabilidade orzamentaria.

O artigo 11.4 do RLXS establece que os plans estratéxicos conterán previsións para un período de vixencia de tres anos, salvo que pola especial natureza do sector afectado, sexa conveniente establecer un plan estratéxico de duración diferente. Así, o alcance no tempo deste PES/DAC está limitado ao período 2025/2027, facendo especial



fincapé no 2025, coa finalidade de que nos exercicios posteriores este plan poida actualizarse ou, no seu caso, confirmar, modificarse, substituír ou anular o disposto nel.

Como se menciona na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias, para o cumprimento do principio de eficiencia económica “devén conveniente e mesmo necesaria a aprobación dun plan estratéxico, no que previamente estean definidos os obxectivos que se pretenden conseguir”.

En definitiva, e con independencia do seu alcance temporal, o Plan enfócase cara á mellora do capital social, institucional, económico e cultural da provincia da Coruña, reforzando o papel da entidade provincial como vertebradora do equilibrio territorial, constituíndo un instrumento que permita racionalizar e optimizar a actividade de fomento da Deputación.

**O marco normativo** básico no que se encadra o PES/DAC é o seguinte:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
- Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
- Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e substancialidade da administración local
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno
- Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e substancialidade da Administración local
- Real decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas

Xa a nivel provincial, completan o marco normativo xeral, as Bases de execución do orzamento da Deputación, que resulten aprobadas para cada exercicio xunto coa tramitación dos orzamentos, e a mencionada Ordenanza xeral de subvencións e transferencias, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 150 do 10 de agosto de 2021, con modificación puntual publicada no Boletín Oficial da Provincia número 53 do 14 de marzo de 2024 e texto consolidado publicado no Boletín Oficial da Provincia número 127 do 3 de xullo de 2024.

Cada ano os orzamentos do organismo provincial establecen as normas xerais orzamentarias ás que se deberán de axustar as subvencións e transferencias que outorgue a Deputación da Coruña. Así mesmo serán de aplicación, no desenvolvemento deste PES/DAC, as bases específicas reguladoras que cada ano se establecen para as distintas convocatorias de plans, subvencións, premios e bolsas definidas neste Plan estratéxico.

Finalmente, a xurisprudencia emanada do Tribunal Supremo, concretamente a sentenza do 16 de abril de 2013, así como as sentenzas con datas do 26 de xuño e 4 de decembro de 2012, ou a máis recente de 9 de maio de 2022, razoaron que os plans estratéxicos de subvencións aos que se refire o art. 8.1 da LXS “teñen carácter previo ao establecemento de calquera subvención, constituíndo un requisito esencial cuxo



cumprimento esixe que sexa formalizado externamente e cun contido que o faga identificable como tal por reflectir polo menos aquilo a que elude o apartado 1 do artigo 8". E remárcase que non equivale a este plan, como é obvio, "a mera inclusión no orzamento municipal dunha partida destinada a facer efectivas as axudas de que se trata".

## 1.2. NATUREZA E FINALIDADES DO PES/DAC

### Natureza

O PES/DAC é un instrumento de carácter programático e o seu contido non crea dereitos nin obrigas. A súa efectividade quedará sempre condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de fomento nel contidas, atendendo, entre outros condicionantes, a dispoñibilidades orzamentarias de cada exercicio.

En consecuencia, a aprobación do PES/DAC non supón a xeración de dereito ningún en favor das potenciais entidades e/ou persoas beneficiarias. O plan concíbese coma unha guía que, dentro do marco normativo establecido, marca a pauta a seguir na liña de fomento de actividades de interese xeral.

O PES/DAC configúrase como un complemento necesario para artellar, de conformidade co establecido na lei, a concesión de subvencións dentro do exercicio da actividade de fomento da Deputación. Este documento programático representa a visión obxectiva da acción provincial, completando o mandato legal de respecto aos principios de transparencia e equilibrio orzamentario.

É, polo tanto, unha ferramenta imprescindible para a planificación e racionalización dos recursos públicos no exercicio da acción de fomento da entidade provincial.

### Finalidades

No marco do PES/DAC, a Deputación da Coruña inclúe **plans, subvencións, premios e bolsas** a favor de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social, ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos pola normativa de réxime local e do resto do ordenamento xurídico ás deputacións provinciais.

Nas convocatorias de subvencións provinciais delimitaranse con claridade as persoas ou entidades que poden acceder a estas, os compromisos que se asumen ao participar nestas convocatorias, e aceptar, no seu caso, a axuda provincial concedida. Por outra parte, como se indica no apartado 2 do artigo 5 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias, haberá que ter en conta que:

*As persoas físicas beneficiarias deberán ter capacidade de obrar ou, noutro caso, actuar por medio da persoa que exerza a súa patria potestade, tutela ou curatela. As persoas xurídicas que formen parte do grupo dunha administración pública deberán acreditar a inscrición no inventario ao que se refire o artigo 83 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e as persoas xurídicas privadas a inscrición dos seus estatutos no rexistro público correspondente. Tratándose de asociacións constituídas ao abeiro da Lei orgánica 1/2002, reguladora do dereito á asociación, deberán contar cun mínimo de 25 membros, agás as excepcións que motivadamente se poidan establecer*



*nunha convocatoria específica.*

### 1.3. COORDINACIÓN CON OUTRAS ADMINISTRACIÓN

Coa finalidade principal de prever a coordinación co resto de administracións públicas e coa actividade desenvolvida por entidades privadas, crearase, de conformidade co contido na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), unha referencia informativa de axudas na provincia, que conteña información relevante sobre actividade de fomento con incidencia no territorio provincial. Nesta referencia informativa recollerase a información esencial de todas as axudas públicas aprobadas e publicadas con incidencia na provincia da Coruña, e tamén se recollerán nela as actividades de fomento promovidas dende entidades privadas.

Partindo da información publicada na BDNS, a referencia informativa será constituída e completada polo servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica co apoio do servizo de Informática e Administración Electrónica.

## 2. ÁMBITO DE APLICACIÓN E MODALIDADES DE SUBVENCIÓN

### Ámbito de aplicación

Con carácter xeral, o **ámbito de aplicación** principal do PES/DAC é o establecido nas Bases de execución do orzamento da Deputación do exercicio correspondente, que inclúe un título relativo á aplicación das normas xerais ás que deberán axustarse as subvencións e transferencias que outorgue a deputación.

O ámbito de aplicación do PES/DAC abarca todas as modalidades de plans, subvencións, premios e bolsas que se xestionan dende os distintos servizos competentes da Deputación da Coruña, que son:

- Acción Social, Cultural e Deportes
- Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica
- Oficialía Maior. Normalización Lingüística
- Promoción Económica, Turismo e Emprego
- Xestión de Plans

### Modalidades de subvención

Atendendo ao establecido na LXS, a Ordenanza xeral de subvencións e transferencias e as Bases de execución do orzamento da Deputación provincial para cada anualidade, as subvencións enmarcadas neste PES/DAC, serán outorgadas:

- **En réxime de concorrencia competitiva**, que será o réxime ordinario de concesión, correspondéndose ben con aquel no que a concesión de subvencións se establece mediante unha orde de prelación das solicitudes presentadas conforme os criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria realizada para o efecto, ou ben con aquel en que a concesión de subvencións será para aqueles concellos ou entidades que cumpran as condicións predeterminadas, que se establecerán por cada liña de subvención, e por orde de chegada, ata o fin do orzamento da liña á que se lle confira tal carácter.



- **Concesión directa**, do que unicamente poderá facerse uso nos supostos seguintes:
  - As subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos anuais da Deputación.
  - Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.
  - As subvencións que veñan impostas por norma de rango legal, debendo terse en conta o procedemento de adxudicación que describa a propia norma que a crea ou impón.

Para a súa atención singularizada, as propostas de actuacións de carácter supramunicipal terán acreditado o seu interese público.

Todas as subvencións obxecto de concesión directa, unha vez aprobadas polo órgano provincial correspondente, serán incluídas neste PES/DAC.

### **Compatibilidade**

As normas específicas reguladoras de cada liña de fomento provincial incluirán unha referencia á súa compatibilidade con outras axudas aprobadas ou que poidan aprobarse, tanto pola propia Deputación como por outras entidades públicas.

## **3. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS**

A elaboración do PES/DAC responde a unha planificación estratégica das políticas provinciais de fomento para as anualidades de 2025, 2026 e 2027.

O plan configúrase como un instrumento eficaz da xestión provincial, cuxa finalidade é orientar a distribución racional dos recursos económicos dispoñibles, mediante achegas dinerarias para a consecución dos obxectivos nel establecidos. Responde a unha necesidade de implantación de medidas de coordinación, seguimento e control da actividade subvencional da entidade provincial na asignación dos recursos e na execución das políticas provinciais.

O establecemento de subvencións pola Deputación durante o período 2025/2027 axustarase ao que con carácter programático se estableza no PES/DAC, sen prexuízo da súa eventual modificación nos termos que neste se dispoñen.

O PES/DAC pretende acadar unha maior eficacia no cumprimento dos obxectivos da actividade de fomento da Deputación da Coruña e unha maior eficiencia na asignación do gasto público, mediante a racionalización e simplificación das accións de fomento da entidade.

Na elaboración do PES/DAC así como no establecemento dos seus obxectivos estratégicos e operativos, consideráronse, no seu ámbito de competencias, as liñas estratégicas marcadas a nivel europeo, nacional e galego:

### **Os obxectivos estratégicos da Unión Europea**

As políticas europeas están influídas pola grande crise financeira de 2009, que derivou nunha crise de débeda soberana no período 2011-2013, puxo de manifesto algunas debilidades estruturais no modelo de crecemento económico europeo. A



pandemia COVID-19 nos anos 2020 e 2021, que chegou cando estaba a consolidarse a recuperación da grande crise, levou á Unión Europea a impulsar un Plan de recuperación histórico, orientado a transformar a economía e a crear novas oportunidades e traballo, mediante o pulo de actuacións vencelladas a unha transición climática xusta, á transición enerxética cara a unha economía descarbonizada, á dixitalización da economía e da sociedade, o reforzo da investigación e da innovación e o impulso das políticas tradicionais de cohesión e agrícola común. Máis recentemente, a guerra en Ucraína e o conflito en Oriente Medio son factores de desestabilización económica e política que constitúen retos ineludibles para a UE.

A Estratexia Europa 2020, aprobada polo Consello Europeo de 17 de xuño de 2010, constituíu o marco de referencia para a coordinación das políticas económicas e de emprego dos Estados membros da Unión Europea. A Estratexia establecía cinco obxectivos comúns e prioritarios en materia de emprego, innovación, educación, integración social e clima/enerxía para orientar a actuación dos Estados membros e da Unión no horizonte do ano 2020.

A Axenda Estratéxica 2024-2029, aprobada polo Consello Europeo na súa reunión de 27 de xuño de 2024, establece as prioridades da UE e as orientacións estratéxicas da UE para o ciclo institucional 2024-2029. Esta Axenda considera que o crecemento económico debe beneficiar a todos os cidadáns, que as transicións verde e dixital deben ter unha clara dimensión social, é necesario atender o desafío demográfico e a igualdade, a formación e a educación das persoas, fortalecer o dialogo social, promover o emprego, mellorar a cohesión económica, social e territorial, apuntando a unha converxencia ascendente continua, reducindo as disparidades, aumentando a nosa resiliencia e competitividade e estimulando o crecemento a longo prazo en toda a Unión, e adoptar un enfoque integral da migración e a xestión de fronteiras.

Por outra banda, a política rexional e de cohesión da Unión Europea está programada para o período 2021-2027. Neste período de programación os fondos FEDER (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional), FSE+ (Fondo Social Europeo +) e FEMPA (Fondo Europeo Marítimo, de Pesca y de Acuicultura) deben prestar apoio ao seguintes cinco Obxectivos Políticos:

- OP 1. Unha Europa máis competitiva e intelixente, promovendo unha transformación económica innovadora e intelixente e unha conectividade rexional ás tecnoloxías da información e das comunicacións.
- OP 2. Unha Europa máis verde, baixa en carbono, en transición cara a unha economía con cero emisións netas de carbono e resiliente, promovendo unha transición enerxética limpa e equitativa, o investimento verde e azul, a economía circular, a mitigación e adaptación ao cambio climático, a prevención e xestión de riscos e a mobilidade urbana sostible.
- OP 3. Unha Europa máis conectada, mellorando a mobilidade.
- OP 4. Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do Pilar Europeo de Dereitos Sociais.
- OP 5. Unha Europa máis próxima aos cidadáns, fomentando o desenvolvemento integrado e sostible de todo tipo de territorios e iniciativas locais.
- Pola súa banda o FTJ apoiará o obxectivo específico, baseado no Acordo de París, de facer posible que as rexións e as persoas afronten as repercuñóns sociais, laborais, económicas e ambientais da transición cara aos obxectivos en materia de enerxía e clima da Unión para 2030 e unha economía climáticamente neutra da Unión de aquí a 2050.



O FEDER, FSE e FTX (Fondo de Transición Xusta) contribuirán a reforzar a cohesión económica, social e territorial da unión europea procurando dous obxectivos:

- O investimento en crecemento e emprego, orientada a fortalecer o mercado laboral e as economías rexionais a través de FEDER, FSE e FTX;
- A cooperación territorial europea, orientada a reforzar a cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional dentro da Unión a través de FEDER (Interreg)

### **Os obxectivos estratéxicos galegos:**

Máis polo miúdo, tamén se tivo en consideración as prioridades de actuación previstas no Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, continuación do Plan Estratégico de Galicia 2015-2020. Este novo Plan estratéxico 2022-2030 está estruturado en tres niveis principais: eixe, prioridade de actuación e obxectivo estratéxico/obxectivo instrumental. En relación co anterior, este plan consta de 5 eixes prioritarios, 21 prioridades de actuación, 70 obxectivos estratéxicos con máis de 140 indicadores de resultado e é coherente cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030 e cos obxectivos políticos e específicos dos Programas Operativos 2021-2027.

### **Os obxectivos de desenvolvemento sustentable:**

Con independencia dos obxectivos estratéxicos establecidos a nivel UE, España e Galicia, na planificación da actuación de fomento provincial tamén haberá que ter presente os obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) incorporados á Axenda 2030, aprobada no Cume Mundial sobre Desenvolvemento Sustentable de 2015, recollida na Resolución aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 25 de setembro de 2015: “Transformar o noso mundo: a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable”

Os ODS intégranse por 17 obxectivos e 169 metas de aplicación universal que, dende o 1 de xaneiro de 2016, rexen os esforzos dos países para lograr un mundo sustentable no ano 2030.

Os ODS son herdeiros dos obxectivos de desenvolvemento do milenio e buscan ampliar os éxitos alcanzados con eles, así como lograr aquellas metas que non foron conseguidas.

Estes novos obxectivos e metas, áinda que non son xuridicamente obligatorios, presentan a singularidade de instar a todos os países, xa sexan ricos, pobres ou de ingresos medianos, a adoptar medidas para promover a prosperidade á vez que protexen o planeta. Recoñecen que as iniciativas para acabar coa pobreza deben ir da man de estratexias que favorezan o crecemento económico e aborden unha serie de necesidades sociais, entre as que cabe sinalar a educación, a saúde, a protección social e as oportunidades de emprego, á vez que loitan contra o cambio climático e promoven a protección do medio ambiente.

Estes obxectivos e metas, de carácter integrado e indivisible, conxugan as tres dimensións do desenvolvemento sostible: económica, social e ambiental.

En coherencia coa planificación exposta, defínense para o PES/DAC 2025/2027 os seguintes obxectivos xerais, incluíndo nos obxectivos provinciais os obxectivos estratéxicos e os operativos:



### 3.1. OBXECTIVOS XERAIS

O Plan busca a consecución dos seguintes **obxectivos xerais**:

**1. Planificación nas políticas provinciais de fomento**

Dotar a Deputación dun instrumento de planificación das políticas públicas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social relacionada coas materias da súa competencia, promovendo a colaboración intermunicipal.

**2. Racionalización dos recursos provinciais**

Mellorar a eficacia e a eficiencia das subvencións mediante a definición de instrumentos de xestión más uniformes no conxunto dos diferentes servizos e contribuír así a unha maior equidade, eficacia e eficiencia na distribución dos recursos provinciais.

**3. Transparencia e bo governo**

Mellorar a transparencia, acceso á información pública e bo governo e preparar a entidade provincial para as novas obrigas que se derivarán da futura normativa sobre estas materias.

### 3.2. OBXECTIVOS PROVINCIAIS

Os **obxectivos estratéxicos** do PES/DAC describen o efecto e impacto que se espera lograr coa acción de fomento da Deputación durante o período de vixencia do Plan e están vinculados aos correspondentes programas orzamentarios aprobados polo Pleno da entidade provincial.

Estes obxectivos estratéxicos están vinculados aos 3 eixes/factores sobre os que pivota a actividade de fomento da Deputación:

FACTOR I - Impulso institucional - capacidade institucional

FACTOR S - Impulso social - capacidade social

FACTOR E - Impulso económico - capacidade económica

Estes factores/eixes están encamiñados ao cumprimento por parte da Deputación, da súa misión de apoiar os concellos e demais entidades locais da provincia e a procurar o incremento do seu capital social, apoando actividades de entidades públicas e privadas da provincia.

En base ao anterior, os **obxectivos estratéxicos** do PES/DAC son os seguintes:

NÚMERO	OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	FACTO R
1º	Ampliar e mellorar as infraestruturas, equipamentos e servizos da provincia, e promover a actuación supramunicipal	I
2º	Asegurar no ámbito territorial da provincia a prestación integral dos servizos sociais, garantir o benestar social da poboación, en especial dos colectivos máis desfavorecidos, e promover a igualdade de oportunidades e a transversalidade de xénero	S



3º	Impulsar o desenvolvemento económico e social da provincia coa implementación de políticas públicas que contribúan a xerar riqueza no territorio e a frear o despoboamento	SE
4º	Apoiar a creación e o fomento do emprego no ámbito provincial	SE
5º	Impulsar e apoiar accións de protección e coidado do medio ambiente, a biodiversidade, a loita contra o cambio climático e o crecemento sustentable	S
6º	Promover o turismo local e provincial	SE
7º	Apoiar, promover e difundir a cultura e a formación no ámbito provincial	S
8º	Impulsar actividades e programas que contribúan ao estímulo da práctica da actividade física e o deporte como principio de saúde	S
9º	Contribuír aos obxectivos de normalización da lingua galega e fomentar o seu uso dende a institución provincial e os concellos	I
10º	Impulsar os proxectos europeos e a solidariedade internacional	S

No marco dos factores/eixes e obxectivos estratéxicos definidos, os servizos da Deputación que executan a actividade de fomento para a consecución dos obxectivos tanto xerais coma estratéxicos da acción provincial son:

FACTOR PREFERENTE	ÁREA / SERVIZO REFERENTE
I	Servizo de Xestión de Plans
	Oficialía Maior. Sección de Normalización Lingüística
	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
	Servizo de Patrimonio e Contratación
S	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
	Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego
	Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolólica
E	Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego
	Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolónica

Así, os servizos provinciais que, a través da xestión da actividade de fomento, contribúen a acadar, con carácter preferente, os obxectivos estratéxicos establecidos no PES/DAC durante a súa vixencia, son:

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS		FACTOR	ÁREA / SERVIZO REFERENTE
1º	Ampliar e mellorar as infraestruturas, equipamentos e servizos da provincia, e promover a actuación supramunicipal	I	Servizo de Xestión de Plans



2º	Asegurar no ámbito territorial da provincia a prestación integral dos servizos sociais, garantir o benestar social da poboación, en especial dos colectivos máis desfavorecidos, e promover a igualdade de oportunidades e a transversalidade de xénero	S	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
3º	Impulsar o desenvolvemento económico e social da provincia coa implementación de políticas públicas que contribúan a xerar riqueza no territorio e a frear o despoboamento	SE	Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego
4º	Fomentar o emprego e a integración social	SE	Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolólica
5º	Impulsar e apoiar accións de protección e coidado do medio ambiente, a biodiversidade, a loita contra o cambio climático e o crecemento sustentable	S	Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolólica
6º	Promover o turismo local e provincial	SE	Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego
7º	Apoiar, promover e difundir a cultura e a formación no ámbito provincial	S	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Servizo de Patrimonio e Contratación
8º	Impulsar actividades e programas que contribúan ao estímulo da práctica da actividade física e o deporte como principio de saúde	S	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
9º	Contribuír aos obxectivos de normalización da lingua galega e fomentar o seu uso dende a institución provincial e os concellos	I	Oficialía Maior. Sección de Normalización Lingüística Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
10º	Impulsar os proxectos europeos e a solidariedade internacional	S	Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolólica Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Para a consecución dos obxectivos estratégicos establecidos, fíxanse os seguintes **obxectivos operativos:**



OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS		OBXECTIVOS OPERATIVOS	
E.01	<b>Ampliar e mellorar as infraestruturas, equipamentos e servizos da provincia e promover a actuación supramunicipal</b>	O.01	Asegurar a prestación por parte dos municipios dos servizos de competencia municipal, individualmente ou en asociación
		O.02	Favorecer as dotacións de equipamentos e infraestruturas necesarias para a prestación de servizos
		O.03	Contribuír á mellor optimización e conservación de instalacións e infraestruturas
		O.04	Mellora da situación financeira das entidades locais na provincia
E.02	<b>Asegurar no ámbito territorial da provincia a prestación integral dos servizos sociais, garantir o benestar social da poboación, en especial dos colectivos más desfavorecidos, e promover a igualdade de oportunidades e a transversalidade de xénero</b>	O.05	Proporcionar asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais, especialmente na prestación de servizos comunitarios.
		O.06	Incidir na prevención e atención a situacíons de dependencia e/ou que favorezan a autonomía das persoas e a mellora da súa calidade de vida
		O.07	Promover o desenvolvemento no ámbito provincial, de políticas de igualdade entre homes e mulleres e de loita contra a violencia de xénero
		O.08	Apoiar o voluntariado e as redes de apoio social ás persoas e colectivos desfavorecidos
		O.09	Apoiar a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro
E.03	<b>Impulsar o desenvolvemento económico e social da provincia coa implementación de políticas públicas que contribúan a xerar riqueza no territorio e a frear o despoboamento</b>	O.10	Fomentar o desenvolvemento de sectores estratégicos, a competitividade e a xeración de emprego na provincia
		O.11	Favorecer o mantemento e a recuperación demográfica do medio rural
		O.12	Potenciar o desenvolvemento de infraestruturas económicas e produtivas que favorezan a xeración de iniciativas empresariais
		O.13	Apoiar o desenvolvemento rural e reforzar as actividades artesanais e o sector primario
		O.14	Impulsar a creación de empresas e fomentar o emprendemento
		O.15	Apoiar ao tecido empresarial provincial
		O.16	Fomentar o asociacionismo e apoiar o tecido asociativo
E.04	<b>Fomentar o emprego e a integración social</b>	O.17	Impulsar e apoiar a realización de programas de formación para o emprego e a inserción laboral
		O.18	Facilitar a inserción sociolaboral dos colectivos con maior taxa de desemprego
		O.19	Contribuír a reforzar e complementar os servizos de emprego e desenvolvemento local municipais



		O.20	Fomentar o emprego verde e o autoemprego
E.05	<b>Impulsar e apoiar accións de protección e coidado do medio ambiente, a biodiversidade, a loita contra o cambio climático e o crecemento sustentable</b>	O.21	Impulsar e apoiar accións de protección e coidado do medio ambiente, a biodiversidade e a loita contra o cambio climático
		O.22	Fomentar o aforro e a eficiencia enerxética
		O.23	Promover e apoiar a realización de eventos sustentables no ámbito local
		O.24	Fomentar o consumo responsable e o uso racional dos recursos naturais
		O.25	Promover a economía circular como base para o crecemento sustentable da provincia
		O.26	Desenvolver programas que procuren a recuperación do patrimonio natural e paisaxístico e a conservación dos recursos naturais
		O.27	Promover e apoiar accións contra o maltrato animal e a tenencia responsable de mascotas
		O.28	Apoiar e impulsar accións de sensibilización, formación e información ambiental
		O.29	Desenvolver, impulsar e apoiar plans, programas e actuacións de fomento da mobilidade sustentable e accesibilidade
E.06	<b>Promover o turismo local e provincial</b>	O.30	Promover o turismo provincial e local
		O.31	Apoiar o desenvolvemento da actividade turística como xeradora de riqueza local
		O.32	Contribuír á mellora integral dos destinos turísticos da provincia
		O.33	Apoiar o desenvolvemento e consolidación de produtos turísticos estratéxicos
		O.34	Apoiar a xestión dos xeodestinos da provincia
		O.35	Coordinar a actividade turística con outras institucións públicas e privadas
E.07	<b>Apoiar, promover e difundir a cultura e a formación no ámbito provincial</b>	O.36	Ampliar a oferta cultural provincial e garantir o acceso á cultura a toda a poboación
		O.37	Apoiar a prestación de servizos culturais e formativos a nivel local
		O.38	Promover a actividade cultural en todas as súas manifestacións
		O.39	Promover a lingua e a cultura galegas
E.08	<b>Impulsar actividades e programas que contribúan ao estímulo da práctica da</b>	O.40	Impulsar e apoiar actividades de difusión deportiva, eventos deportivos favorecedores da extensión e divulgación do deporte no ámbito persoal, cultural, educativo e social



	actividade física e o deporte como principio de saúde	O.41	Apoiar e mellorar a prestación de servizos deportivos a nivel provincial
		O.42	Contribuír ao mantemento de infraestruturas deportivas e equipamento
E.09	Contribuír aos obxectivos de normalización da lingua galega e fomentar o seu uso dende a institución provincial e os concellos	O.43	Apoiar o desenvolvemento de iniciativas sociais normalizadoras a través de concellos e entidades sociais
		O.44	Apoiar o proceso de normalización dos servizos provinciais e municipais e implicar progresivamente á sociedade en xeral
		O.45	Apoiar a existencia e difusión de contidos en lingua galega
E.10	Impulsar os proxectos europeos e a solidariedade internacional	O.46	Apoiar e participar en accións de cooperación ao desenvolvemento levadas a cabo por outras institucións, empresas e entidades do terceiro sector da provincia
		O.47	Facilitar a coordinación e xestión de entidades e organismos galegos no exterior, así como a provisión dos recursos axeitados para o correcto desempeño das súas funcións
		O.48	Dinamizar a actividade dos centros galegos no exterior a través do apoio á realización de iniciativas e programas do seu interese e para o fortalecemento e mellora da calidade de vida da poboación galega no exterior
		O.49	Achegamento da política e valores europeos á cidadanía e todas as entidades con actividade na provincia
		O.50	Impulsar e colaborar na posta en marcha de proxectos de formación e sensibilización sobre cooperación ao desenvolvemento, e contra o racismo e a xenofobia, promovidos por entidades públicas e privadas da provincia



#### 4. EFECTOS E IMPACTO

A actuación pública de fomento en xeral pretende promover a realización de actividades de utilidade pública ou interese social. É esta orientación a que ten a colaboración da Deputación, principalmente coas entidades locais da súa provincia, e tamén con outras entidades, tanto públicas como privadas. Ademais, esta tarefa de colaboración acompaña de actuacións dirixidas a impulsar, promover e potenciar a participación da sociedade civil e da cidadanía da provincia nos distintos ámbitos de xestión provincial de interese concorrente, e tamén favorecer mediante programas de axudas, a inclusión social de aquelas persoas que se atopen en situación de vulnerabilidade, en defensa do principio de igualdade de oportunidades.

A Deputación tenta desenvolver, canalizar e apoiar todo un conxunto de actividades, reflectidas neste PES/DAC, que permitan incrementar o tecido institucional, social e económico na provincia da Coruña. Desta maneira, para cada obxectivo estratéxico definido, o PES/DAC establece os efectos esperados sobre a realidade provincial na que se pretende incidir a través da actividade de fomento da deputación, así como os indicadores específicos que contribuirán a medir o seu impacto.

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS		EFEKTOS ESPERADOS	IMPACTO
1º	<b>Ampliar e mellorar as infraestruturas, equipamentos e servizos da provincia e promover a actuación supramunicipal</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Maior número de instalacións e espazos públicos para a cidadanía.</li> <li>- Mellores infraestruturas que favorezan a mobilidade</li> <li>- Mellores servizos públicos que contribúan á fixación da poboación no territorio provincial</li> <li>- Incremento das actuacións supramunicipais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- N° de obras realizadas</li> <li>- N° de actuacións subvencionadas para a mellora de equipamentos</li> <li>- N° de actuacións subvencionadas para a mellora de servizos</li> <li>- N° de actuacións supramunicipais</li> </ul>
2º	<b>Asegurar no ámbito territorial da provincia a prestación integral dos servizos sociais, garantir o benestar social da poboación, en especial dos colectivos más desfavorecidos, e promover a igualdade de oportunidades e a transversalidade de xénero</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Incremento da calidade de vida das persoas en situación ou risco de exclusión e/ ou dependencia da provincia e maior sensibilización da sociedade sobre a situación deste colectivo</li> <li>- Consolidación efectiva de valores de igualdade que xeren comportamentos más responsables e equitativos no ámbito doméstico e no coidado a persoas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- N° de actuacións/programas/proxectos subvencionados para a atención a persoas</li> <li>- N° de actuacións/programas/proxectos subvencionados en prol da igualdade de oportunidades e a redución da violencia de xénero</li> </ul>
3º	<b>Impulsar o desenvolvemento económico e social da provincia coa implementación de políticas públicas que contribúan a xerar riqueza no territorio e a frear o despoboamento</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Incremento do tecido empresarial provincial</li> <li>- Maior coñecemento da provincia como referente para a actividade económica e o desenvolvemento de proxectos empresariais</li> <li>- Melloras no tecido asociativo da provincia</li> <li>- Incremento das axudas á contratación</li> <li>- Maior apoio e promoción do comercio e as pequenas e medianas empresas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- N° de entidades ou agrupacións beneficiarias</li> <li>- N° de empresas subvencionadas</li> <li>- N° de contratacións realizadas</li> <li>- N° de accións de difusión realizadas</li> </ul>



<p><b>4º Apoiar a creación e o fomento do emprego no ámbito provincial</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Máis accións de fomento do emprendemento e o espírito emprendedor</li> <li>- Maior apoio ás ideas emprendedoras e á súa consolidación</li> <li>- Máis accións de inserción laboral de persoas en situación de desemprego</li> <li>- Incremento da contratación de persoas desempregadas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Nº de insercións laborais</li> <li>- Nº de prácticas profesionais non laborais en entidades e empresas da provincia</li> <li>- Nº de accións/ formación de difusión da cultura emprendedora realizados</li> <li>- Nº de accións formativas dirixidas a persoas en situación de desemprego</li> </ul>
<p><b>5º Impulsar e apoiar accións de protección e coidado do medio ambiente, a biodiversidade, a loita contra o cambio climático e o crecemento sustentable</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Maior sensibilización cidadá polo mantemento, coidado e fomento dos espazos verdes</li> <li>- Maior compromiso coa biodiversidade e a loita contra o cambio climático</li> <li>- Maior percepción de benestar na provincia ligado á mellora ambiental</li> <li>- Máis concellos con capacidade técnica en medio ambiente</li> <li>- Incremento de programas ambientais nos concellos</li> <li>- Mellora do benestar animal e incremento da concienciación cidadá</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Nº de actuacións de medioambiente subvencionadas</li> <li>- Nº de investimentos de medioambiente subvencionados</li> <li>- Nº de concellos que reciben subvención para a contratación de persoal técnico de medio ambiente</li> <li>- Nº de entidades medioambientais apoiadas</li> </ul>
<p><b>6º Promover o turismo local e provincial</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Maior recoñecemento da provincia como referente para o turismo</li> <li>- Promoción e difusión dos valores naturais, culturais e paisaxísticos</li> <li>- Máis produtos turísticos existentes na provincia</li> <li>- Maior oferta turística na provincia</li> <li>- Maior profesionalización do sector turístico provincial</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Nº de concellos que reciben subvención para a contratación de persoal técnico de turismo</li> <li>- Nº de eventos/feiras promocionais realizados por parte da entidade provincial</li> <li>- Nº de eventos/feiras de promoción da provincia ás que asiste a entidade provincial.</li> <li>- Nº de actividades de promoción turística e de produtos turísticos subvencionadas</li> <li>- Nº de entidades do sector que reciben subvención para a realización de actividades</li> </ul>
<p><b>7º Apoiar, promover e difundir a cultura e a formación no ámbito provincial</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Maior oferta e consolidación de espectáculos de teatro, danza e música de calidade</li> <li>- Mellor percepción da provincia e dos concellos que a conforman, como referencia de cultura e ocio</li> <li>- Maior número de poboación que participa en actividades culturais</li> <li>- Dinamización da creación cultural en todas as súas vertentes</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Nº de eventos realizados</li> <li>- Nº de asistentes aos eventos</li> <li>- Nº artistas/grupos de artistas ou proxectos beneficiarios</li> </ul>



8º	<b>Impulsar actividades e programas que contribúan ao estímulo da práctica da actividad física e o deporte como principio de saúde</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Máis entidades deportivas da provincia que desenvolven a súa función social e federativa</li> <li>- Melloras na saúde da poboación en xeral a través da actividad física e as alternativas de ocio saudable</li> <li>- Maior integración da poboación a través do deporte</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Nº de subvencións para o desenvolvemento da función social e federativa de entidades deportivas.</li> <li>- Nº de actividades / eventos / programas deportivos subvencionados</li> <li>- Nº de participantes nos eventos</li> <li>- Nº de deportistas apoiados</li> </ul>
9º	<b>Contribuír aos obxectivos de normalización da lingua galega e fomentar o seu uso dende a institución provincial e os concellos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Incremento do uso do galego na provincia</li> <li>- Maior implantación dunha actitude favorable cara a nosa lingua</li> <li>- Maior competencia lingüística da poboación no uso do galego</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Nº de concellos que reciben subvención para a contratación / mantemento de persoal dos servizos de normalización lingüística.</li> <li>- Nº de actividades desenvolvidas en lingua galega</li> <li>- Nº de entidades que promoven o uso do galego apoiadas</li> </ul>
10º	<b>Impulsar os proxectos europeos e a solidariedade internacional</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Maior contribución á redución dos desequilibrios territoriais e xeración de oportunidades de desenvolvemento igualitario do territorio provincial</li> <li>- Máis consolidación de valores de solidariedade e respecto á diversidade consolidados na provincia e máis actitudes xeradas de compromiso na consecución dun mundo máis solidario e máis xusto</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Nº de proxectos/programas europeos desenvolvidos</li> <li>- Nº de actuacións de cooperación e solidariedade internacional subvencionadas</li> <li>- Nº de accións de sensibilización desenvolvidas</li> </ul>



## 5. PLAN DE ACTUACIÓN DO PES/DAC 2025/2027

O alcance temporal deste PES/DAC refírese ao período 2025/2027. O Plan de actuación, non entanto, reflecte a actividade de fomento provincial no exercicio 2025 que, no mesmo exercicio ou nos posteriores, poderá confirmarse e actualizarse ou, no seu caso, modificar, substituír ou anular algunhas das súas propostas.

Tal e como dispón o artigo 12 do RLXS, relativo ao contido do plan estratéxico, o PES/DAC establece para cada liña de subvención os seguintes aspectos:

- Áreas de competencia afectadas e sectores cara os que se dirixen as axudas.
- Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación.
- Prazo necesario para a súa consecución.
- Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento.
- Mecanismos para poñer en práctica as actividades de fomento identificadas.

O esquema xeral do Plan de actuación para 2025 é o que se amosa a continuación, e complétase coas fichas elaboradas para cada unha das liñas de fomento previstas durante a vixencia do PES/DAC.

### 5.1. DETALLE POR OBXECTIVOS DO PLAN DE ACTUACIÓN

Obxectivo estratégico 01		Ampliar e mellorar as infraestruturas, equipamentos e servizos da provincia e promover a actuación supramunicipal				
OBXECTIVO OPERATIVO	CÓDIGO	ACTIVIDADE DE FOMENTO				
		DENOMINACIÓN	MODALIDADE	DESTINATARIOS	PREVISIÓN ORZAMENTARIA	ÁREA DE COMPETENCIA
O.01 O.02 O.03 O.04	POS +	Plan de Obras e Servizos +	Convocatoria pública	Concellos	43.500.000.00 € (1)	Servizo de Xestión de Plans. <b>Seccións de Plans Provinciais e Plans Especiais</b>
O.01 O.02 O.03 O.04	POS+ Adicional 1	Plan de Obras e Servizos +	Convocatoria pública	Concellos	7.000.000 € (1)	Servizo de Xestión de Plans. <b>Seccións de Plans Provinciais e Plans Especiais</b>

(1) Esta dotación inicial poderá ser ampliada ao longo do exercicio



Obxectivo estratéxico 02		Asegurar no ámbito territorial da provincia a prestación integral dos servizos sociais, garantir o benestar social da poboación, en especial dos colectivos máis desfavorecidos, e promover a igualdade de oportunidades e a transversalidade de xénero					
OBXECTIVO OPERATIVO	CÓDIGO	ACTIVIDADE DE FOMENTO					ÁREA DE COMPETENCIA
		DENOMINACIÓN	MODALIDADE	DESTINATARIOS	PREVISIÓN ORZAMENTARIA		
O.06 O.09	FOAXE-C	Programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o mantemento de centros de servizos sociais	Convocatoria pública / Concorrencia competitiva	Entidades de iniciativa social sen fins de lucro	800.000,00 €		Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. <b>Sección de Servizos Sociais</b>
O.06 O.09	FOAXE-P	Programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o mantemento de programas e servizos en materia de servizos sociais	Convocatoria pública / Concorrencia competitiva	Entidades de iniciativa social sen fins de lucro	800.000,00 €		Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. <b>Sección de Servizos Sociais</b>
O.05 O.06 O.19	FOPPSS	Programa de financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais	Convocatoria pública	Concellos	8.561.165,04 € (1)		Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. <b>Sección de Servizos Sociais</b>
O.08 O.09	FOCVAA	Programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o mantemento de programas sociosanitarios	Convocatoria pública / Concorrencia competitiva	Entidades sen fins de lucro	500.000,00 €		Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. <b>Sección de Servizos Sociais</b>
O.07 O.09	FOIO0A	Programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o mantemento de políticas de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e loita contra a violencia de xénero	Convocatoria pública / Concorrencia competitiva	Entidades sen fins de lucro	400.000,00 €		Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. <b>Sección de Servizos Sociais</b>
O.06 O.09	FOAI	Programa de subvencións a concellos para políticas de igualdade de xénero	Convocatoria pública	Concellos	450.000,00 € (1)		Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. <b>Sección de Servizos Sociais</b>
O.07	FOIE	Programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o investimento de servizos sociais	Convocatoria pública / Concorrencia competitiva	Entidades sen fins de lucro	700.000,00 €		Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. <b>Sección de Servizos Sociais</b>
O.06 O.09	FOIEV	Programa de adquisición e cesión de vehículos ás entidades sen ánimo de lucro da provincia da Coruña para a mellora dos servizos e/ou prestacións en materia de servizos sociais e/ou sociosanitarios	Convocatoria pública / Concorrencia competitiva	Entidades sen fins de lucro	200.000,00 €		Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. <b>Sección de Servizos Sociais</b>



O.05 O.06	FOICv	Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para a adquisición de vehículos para os desprazamentos do persoal SAF libre concorrenza	Convocatoria pública	Concellos e entidades locais con menos de 20.000 habitantes	100.000,00 €	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Servizos Sociais
O.05 O.06 O.08	FOEAC	Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para financiar actividades de envellecemento activo e actuacións de loita contra a soidade non desexada	Convocatoria pública	Concellos e entidades locais da provincia da Coruña de menos de 5.000 habitantes.	282.816,00 €	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Servizos Sociais
O.07	PREM-CA	Premio Concepción Arenal: proxectos educativos pola igualdade de xénero	Premio	Centros educativos públicos da provincia	15.000,00 €	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Servizos Sociais
O.07	PREM-CG	Concurso de guiños contra a violencia de xénero	Premio	Pessoas físicas	10.000,00 €	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Servizos Sociais
O.07	PREM-CV	Concurso de viñetas. Conmemoración do 8 de Marzo, Día Internacional contra a violencia de xénero	Premio	Pessoas físicas	6.000,00 €	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Servizos Sociais
O.07	PREM-LV	Concurso de ideas "Luísa Villalta" de proxectos culturais pola igualdade	Premio	Pessoas físicas ou xurídicas, entidades de economía social	100.000,00 €	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Servizos Sociais
O.05 O.06 O.07 O.08 O.09	PREM-BP	Premio de Boas Prácticas en Servizos Sociais	Premio	Entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro	40.000,00 € 15.000,00 €	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Servizos Sociais
O.05 O.06	Nominativa prevista en Orzamento	Mantenemento xeral e a reserva de 5 prazas no centro ocupacional "A Escada"	Convenio Subvención nominativa	Concello de Culleredo	70.000,00 €	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Servizos Sociais
O.05 O.06	Nominativa prevista en Orzamento	Colaboración coa Unidade de Condutas Aditivas	Convenio Subvención nominativa	Concello de Carballo	30.000,00 €	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Servizos Sociais



O.06 O.08 O.09	Nominativa prevista en Orzamento	Mantemento da rede de pisos de acollida CASCO	Convenio Subvención nominativa	Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de A Coruña	60.000,00 €	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. <b>Sección de Servizos Sociais</b>
O.05 O.06 O.07	Nominativa prevista en Orzamento	Mantemento xeral da casa de acollida e dous pisos de inclusión e transición á vida autónoma	Convenio Subvención nominativa	Concello de A Coruña	120.926,27 €	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. <b>Sección de Servizos Sociais</b>
O.05 O.06 O.07	Nominativa prevista en Orzamento	Mantemento xeral da casa de acollida	Convenio Subvención nominativa	Concello de Ferrol	100.891,64 €	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. <b>Sección de Servizos Sociais</b>

(1) Esta dotación inicial poderá ser ampliada ao longo do exercicio



Obxectivo estratéxico 03		Impulsar o desenvolvemento económico e social da provincia coa implementación de políticas públicas que contribúan a xerar riqueza no territorio e contribúan a frear o despoboamento				
OBXECTIVO OPERATIVO	ACTIVIDADE DE FOMENTO					
	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	MODALIDADE	DESTINATARIOS	PREVISIÓN ORZAMENTARIA	ÁREA DE COMPETENCIA
O.16	DP0032	Programa de subvencións dirixido a agrupacións, asociacións e asociacións de agrupacións de voluntarios de protección civil da provincia da Coruña para actividades	Convocatoria pública / Concorrencia competitiva	Entidades privadas (iniciativa social sen ánimo de lucro ou de carácter mercantil)	75.000,00 €	Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. <b>Sección de Promoción Económica e Emprego</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- ED-12 Programas de acción tutelar</li> </ul> <p>Área de drogodependencias e outros trastornos aditivos</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- EOT-1 Programas de tratamiento terapéutico, rehabilitación e inserción social.</li> <li>- EOT-2 Unidades de día</li> <li>- EOT-3 Unidades asistenciais</li> <li>- EOT-4 Comunidades terapéuticas</li> <li>- EOT-5 Vivendas de apoio</li> <li>- EOT-6 Centros especializados en tratamiento do alcoholismo</li> <li>- EOT-7 Programas de apoio ás familias e para prevención no colectivo de menores e mocidade que se desenvolván en colaboración cos centros de atención a persoas con drogodependencias</li> </ul> <p>Área de minorías étnicas e inmigración</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- EOM-1 Programas de formación prelaboral para o emprego.</li> <li>- EOM-2 Programas de inserción laboral que inclúan itinerarios personalizados, accións de formación específica, atención e seguimiento individualizado</li> <li>- EOM-3 Programas de apoio á integración social.</li> </ul> <p>Área de persoas en risco ou situación de exclusión ou especiais dificultades de inserción social, laboral, etc. (persoas sen teito, exreclusas e outras)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- EOR-1 Banco de alimentos</li> <li>- EOR-2 Albergues</li> <li>- EOR-3 Centros de acollida e inclusión</li> <li>- EOR-4 Comedores sociais</li> <li>- EOR-5 Centros de atención social continuada</li> <li>- EOR-6 Centros de día de inclusión social</li> <li>- EOR-7 Programas de inserción laboral que inclúan itinerarios personalizados, accións de formación específica, atención e seguimiento individualizado.</li> </ul>
<b>Beneficiarios</b>	Entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro
<b>Indicadores de seguimento</b>	Nº de entidades solicitantes Importe medio da achega Nº de persoas beneficiadas Tempo medio de xustificación


**FICHA DE SUBVENCIÓN / AXUDA**

<b>Línea de fomento provincial</b>	Convocatoria do programa de adquisición e cesión de vehículos ás entidades sen ánimo de lucro da provincia da Coruña para a mellora dos servizos e programas en materia de servizos sociais e sociosanitarios
<b>Código identificativo</b>	FOIEV
<b>Área</b>	Servizo sociais
<b>Servizo / Sección</b>	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Servizos Sociais
<b>Competencia desenvolvida</b>	Servizos sociais
<b>Custo previsible</b>	200.000,00 € (Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria)
<b>Finalidade (segundo a clasificación funcional do gasto)</b>	Servizos Sociais e Promoción Social
<b>Fontes de financiamento</b>	Propias
<b>Normativa de xestión</b>	Ordenanza xeral de subvencións e Bases específicas
<b>Mecanismo de concesión</b>	Convocatoria pública
<b>Publicación</b>	BOP / BDNS
<b>Sector obxectivo</b>	Servizos sociais
<b>Obxectivo xeral</b>	Servizos sociais
<b>Obxectivo específico</b>	Posibilitarles ás entidades sen ánimo de lucro da provincia da Coruña a prestación de diferentes servizos en materia de servizos sociais e/ou sociosanitarios a través da adquisición por parte da Deputación de diferentes vehículos e a súa posterior cesión a estas entidades. O uso do vehículo será complementario aos servizos prestados nun centro ou programa propios da entidade que deberán ter un carácter estable e estar iniciados con anterioridade ao correspondente exercicio.
<b>Beneficiarios</b>	Entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro
<b>Indicadores de seguimiento</b>	Nº de entidades solicitantes Nº de entidades beneficiarias Nº de adquisiciones realizadas Importe medio da adquisición


**FICHA DE SUBVENCIÓN / AXUDA**

<b>Liña de fomento provincial</b>	Programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o mantemento de políticas de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e loita contra a violencia de xénero
<b>Código identificativo</b>	FOIO0A
<b>Área</b>	Servizos sociais
<b>Servizo / Sección</b>	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Servizos Sociais
<b>Competencia desenvolvida</b>	Políticas de igualdade entre mulleres e homes e prevención da violencia de xénero
<b>Custo previsible</b>	400.000,00 € (Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria)
<b>Finalidade (segundo a clasificación funcional do gasto)</b>	Servizos Sociais e Promoción Social
<b>Fontes de financiamento</b>	Propias
<b>Normativa de xestión</b>	Ordenanza xeral de subvencións e Bases específicas
<b>Mecanismo de concesión</b>	Convocatoria pública
<b>Publicación</b>	BOP / BDNS
<b>Sector obxectivo</b>	Servizos sociais
<b>Obxectivo xeral</b>	Servizos sociais
<b>Obxectivo específico</b>	- Programas de PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES: EI-1 Empoderamento e participación social EI-2 Fomento da igualdade de xénero EI-3 Fomento do emprego en igualdade de oportunidades EI-4 Conciliación e responsabilidades compartidas - Programas de LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO: EV-1 Prevención, sensibilización e identificación da violencia de xénero EV-2 Tratamento integral das persoas en situación de violencia de xénero
<b>Beneficiarios</b>	Entidades sen ánimo de lucro
<b>Indicadores de seguimento</b>	Nº de entidades solicitantes Importe medio da achega Nº de persoas beneficiadas Tempo medio de xustificación


**FICHA DE SUBVENCIÓN / AXUDA**

<b>Liña de fomento provincial</b>	<b>Programa de financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais</b>
<b>Código identificativo</b>	FOPPSS
<b>Área</b>	Servizos sociais
<b>Servizo / Sección</b>	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Servizos Sociais
<b>Competencia desenvolvida</b>	Servizos sociais
<b>Custo previsible</b>	9.108.793,42 € (Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria)
<b>Finalidade (segundo a clasificación funcional do gasto)</b>	Servizos Sociais e Promoción Social
<b>Fontes de financiamento</b>	Propias
<b>Normativa de xestión</b>	Ordenanza xeral de subvencións e Bases específicas
<b>Mecanismo de concesión</b>	Convocatoria pública
<b>Publicación</b>	BOP / BDNS
<b>Sector obxectivo</b>	Servizos sociais
<b>Obxectivo xeral</b>	Servizos sociais comunitarios
<b>Obxectivo específico</b>	O obxecto do programa é a asistencia económica ás entidades locais na execución das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios dando preferencia aos servizos mínimos que son os servizos comunitarios básicos establecidos na Lei 13/2008 do 3 de setembro. A Deputación financiará os profesionais dos servizos sociais comunitarios distintos do perfil profesional do/a traballador/a social, conforme aos módulos recollidos na convocatoria, nos que se encadra o persoal correspondente: <ul style="list-style-type: none"><li>• Persoal administrativo grupo C1 ou C2</li><li>• Persoal técnico A2</li><li>• Persoal técnico A1</li><li>• Persoal auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar en réxime de libre concorrencia (SAF libre concorrencia).</li></ul>
<b>Beneficiarios</b>	Concellos con menos de 20.000 habitantes
<b>Indicadores de seguimiento</b>	Nº de entidades solicitantes Importe medio da achega Nº de persoas beneficiadas Tempo medio de xustificación


**FICHA DE SUBVENCIÓN / AXUDA**

<b>Liña de fomento provincial</b>	<b>Subvención a concellos para contratación de axentes de igualdade</b>
<b>Código identificativo</b>	FOAI
<b>Área</b>	Servizos sociais
<b>Servizo / Sección</b>	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Servizos Sociais
<b>Competencia desenvolvida</b>	Políticas de igualdade entre mulleres e homes e prevención da violencia de xénero
<b>Custo previsible</b>	450.000,00 € (Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria)
<b>Finalidade (segundo a clasificación funcional do gasto)</b>	Servizos Sociais e Promoción Social
<b>Fontes de financiamento</b>	Propias
<b>Normativa de xestión</b>	Ordenanza xeral de subvencións e Bases específicas
<b>Mecanismo de concesión</b>	Convocatoria pública
<b>Publicación</b>	BOP / BDNS
<b>Sector obxectivo</b>	Servizos sociais
<b>Obxectivo xeral</b>	Crear as condicións básicas para o desenvolvemento e coordinación de políticas de igualdade locais e de loita contra a violencia de xénero
<b>Obxectivo específico</b>	Desenvolvemento de políticas de igualdade entre mulleres e homes e de loita contra a violencia de xénero Dotación de persoal técnico para a dinamización e o desenvolvemento de políticas de igualdade nos concellos, aplicando unha perspectiva comarcal e tendo en conta a diversidade do territorio.
<b>Beneficiarios</b>	Concellos con menos de 20.000 habitantes
<b>Indicadores de seguimiento</b>	Nº de entidades solicitantes Importe medio da achega Nº de persoas beneficiadas Nº de contratos formalizados


**FICHA DE SUBVENCIÓN / AXUDA**

<b>Liña de fomento provincial</b>	Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para a adquisición de vehículos para os desprazamentos do persoal SAF libre concorrencia
<b>Código identificativo</b>	FOICV
<b>Área</b>	Servizos sociais
<b>Servizo / Sección</b>	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Servizos Sociais
<b>Competencia desenvolvida</b>	Servizos sociais
<b>Custo previsible</b>	100.000,00 € (Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria)
<b>Finalidade (segundo a clasificación funcional do gasto)</b>	Servizos Sociais e Promoción Social
<b>Fontes de financiamento</b>	Propias
<b>Normativa de xestión</b>	Ordenanza xeral de subvencións, bases xerais e bases específicas
<b>Mecanismo de concesión</b>	Convocatoria pública
<b>Publicación</b>	BOP / BDNS
<b>Sector obxectivo</b>	Servizos Sociais
<b>Obxectivo xeral</b>	Fomento dos servizos sociais municipais.
<b>Obxectivo específico</b>	Contribuír ao financiamento da adquisición dun vehículo novo ou quilometro cero para os desprazamentos do persoal auxiliar de axuda no fogar propio, e polo resto de persoal técnico do programa SAF da modalidade libre concorrencia.
<b>Beneficiarios</b>	Concellos e entidades locais con menos de 20.000 habitantes da provincia da Coruña que presten o SAF libre concorrencia con persoal propio.
<b>Indicadores de seguimiento</b>	Nº de entidades solicitantes Importe medio da achega Nº de persoas beneficiadas Tempo medio de xustificación.



## FICHA DE SUBVENCIÓN / AXUDA

<b>Liña de fomento provincial</b>	<b>Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para financiar actividades de envellecemento activo e actuacións de loita contra a soidade non desexada</b>
<b>Código identificativo</b>	FOEAC
<b>Servizo / Sección</b>	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Servizos Sociais
<b>Competencia desenvolvida</b>	Servizos sociais
<b>Custo previsible</b>	282.816,00 €
<b>Finalidade (segundo a clasificación funcional do gasto)</b>	Servizos Sociais e Promoción Social
<b>Fontes de financiamento</b>	Propias
<b>Normativa de xestión</b>	Ordenanza Xeral de Subvencións, Bases xerais e Bases específicas
<b>Mecanismo de concesión</b>	Convocatoria pública
<b>Publicación</b>	BOP / BDNS
<b>Sector obxectivo</b>	Servizos Sociais
<b>Obxectivo xeral</b>	Servizos Sociais
<b>Obxectivo específico</b>	Actividades de envellecemento activo e actuacións de loita contra a soidade non desexada
<b>Beneficiarios</b>	Concellos e entidades locais da provincia da Coruña de menos de 5.000 habitantes
<b>Indicadores de seguimento</b>	Nº de entidades solicitantes Importe medio da achega Nº de persoas beneficiadas



## FICHA DE SUBVENCIÓN / AXUDA

<b>Liña de fomento provincial</b>	Premio de "Boas prácticas en servizos sociais" da Deputación Provincial da Coruña.
<b>Código identificativo</b>	PREM-BP
<b>Área</b>	Servizos sociais
<b>Servizo / Sección</b>	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Servizos Sociais
<b>Competencia desenvolvida</b>	Servizos Sociais
<b>Custo previsible</b>	40.000,00 € (4 premios de 10.000,00 € cada un) 15.000,00 € (entrega de premios)
<b>Finalidade (segundo a clasificación funcional do gasto)</b>	Servizos Sociais e Promoción Social
<b>Fontes de financiamento</b>	Propias
<b>Normativa de xestión</b>	Bases específicas
<b>Mecanismo de concesión</b>	Convocatoria pública
<b>Publicación</b>	BOP / BDNS
<b>Sector obxectivo</b>	Servizos Sociais
<b>Obxectivo xeral</b>	Servizos Sociais
<b>Obxectivo específico</b>	<p>Premiar o traballo realizado por entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan a súa actividade na provincia da Coruña e que a xuízo da Deputación Provincial da Coruña destaqueñ pola súa labor en defensa dos dereitos da cidadanía e a favor dos grupos máis vulnerables, promovendo un maior benestar social das persoas, grupos e comunidades nalgunha das seguintes árees:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>a) Área de familia, infancia e mocidade</li> <li>b) Área de persoas con diversidade funcional</li> <li>c) Área de persoas maiores</li> <li>d) Área de minorías étnicas e inmigración</li> <li>e) Área de drogodependencias e outros trastornos aditivos</li> <li>f) Área de persoas en situación ou risco de exclusión social.</li> </ul> <p>Dúas modalidades:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>a) Modalidade de proxectos (3 premios de 10.000 euros)</li> <li>b) Modalidade de traxectoria (1 premio de 10.000 euros)</li> </ul>
<b>Beneficiarios</b>	Entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro
<b>Indicadores de seguimento</b>	Nº de entidades solicitantes Importe medio da achega Nº de persoas beneficiadas Tempo medio de xustificación.



## FICHA DE PREMIO / CONCURSO

<b>Liña de fomento provincial</b>	Premio Concepción Arenal: proxectos educativos pola igualdade de xénero
<b>Código identificativo</b>	PREM-CA
<b>Área</b>	Servizos sociais
<b>Servizo / Sección</b>	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Servizos Sociais
<b>Competencia desenvolvida</b>	Políticas de igualdade entre mulleres e homes e prevención da violencia de xénero
<b>Custo previsible</b>	Premio: 15.000,00 € (Honorarios do xurado: 1.600,00 €)
<b>Finalidade (segundo a clasificación funcional do gasto)</b>	Servizos Sociais e Promoción Social
<b>Fontes de financiamento</b>	Propias
<b>Normativa de xestión</b>	Bases reguladoras da convocatoria
<b>Mecanismo de concesión</b>	Convocatoria pública
<b>Publicación</b>	BOP
<b>Sector obxectivo</b>	Servizos Sociais
<b>Obxectivo xeral</b>	Promover políticas de igualdade e prevención da violencia de xénero na poboación infantil e adolescente
<b>Obxectivo específico</b>	Deseñar e executar proxectos educativos que procuren o desenvolvemento de habilidades para identificar e/ou rexeitar estereotipos sexistas que contribúen a xerar e manter a violencia de xénero, así como a construcción de esquemas alternativos que axuden a comprender e respectar a igualdade de oportunidades real entre sexos. O premio concederase ao mellor programa educativo en cada unha das tres modalidades que xa se implantase e se pretenda continuar, ou ben que estea pendente da súa execución. Premiarase o programa de actividades do centro no que se traballe a prol da consecución da igualdade entre homes e mulleres, así como a sensibilización, prevención de comportamentos de risco e intervención en materia de violencia de xénero incorporando de forma transversal a educación en valores como a solidariedade, tolerancia, respeito, xustiza, igualdade, etc, a promoción da empatía e autoexpresión emocional e o fomento da participación da familia, da escola e da comunidade
<b>Destinatarios</b>	Centros educativos públicos da provincia que impartan educación infantil, primaria, ou as dúas, educación especial e educación secundaria
<b>Indicadores de seguimiento</b>	Nº de candidaturas presentadas



## FICHA DE PREMIO / CONCURSO

<b>Liña de fomento provincial</b>	Concurso de guións contra a violencia de xénero
<b>Código identificativo</b>	PREM-CG
<b>Área</b>	Servizos sociais
<b>Servizo / Sección</b>	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Servizos Sociais
<b>Competencia desenvolvida</b>	Políticas de igualdade entre mulleres e homes e prevención da violencia de xénero
<b>Custo previsible</b>	Premio: 10.000,00 € Producción do guión gañador: 6.000,00 € Premio metálico para o centro: 4.000,00 € (Honorarios do xurado: 2.400,00 €)
<b>Finalidade (segundo a clasificación funcional do gasto)</b>	Servizos Sociais e Promoción Social
<b>Fontes de financiamento</b>	Propias
<b>Normativa de xestión</b>	Bases reguladoras da convocatoria
<b>Mecanismo de concesión</b>	Convocatoria pública
<b>Publicación</b>	BOP
<b>Sector obxectivo</b>	Servizos Sociais
<b>Obxectivo xeral</b>	Alcanzar a igualdade real de oportunidades entre mulleres e homes na sociedade
<b>Obxectivo específico</b>	O obxecto do certame é elaborar un guión de curtametraxe a través do cal se xere reflexión, conciencia, sensibilización e prevención da violencia de xénero. Preténdese que a través da elaboración do guión a poboación adolescente cree debate, mobilización, fomente a súa creatividade mentres reflexionan sobre a importancia de combater e denunciar a violencia de xénero e, así mesmo, a través do guión expoñan os motivos polos que se deben xuntar esforzos para combater esta lacra social. O premio concederase ao mellor guión onde se combinen aptitudes artísticas e creativas do alumnado na creación dun guión creativo, con impacto social e potencialidade audiovisual, orixinal e non publicado que en tan só uns minutos pretenda concienciar a poboación, en xeral, dos motivos polos que debemos xuntar os nosos esforzos para combater a violencia de xénero e erradicar esta lacra social.
<b>Destinatarios</b>	Persoas físicas con idades comprendidas entre 12 e 18 anos, que cursen educación secundaria obligatoria, bacharelato, formación profesional ou outro tipo de formación análoga, de calquera nacionalidade
<b>Indicadores de seguimiento</b>	Nº de candidaturas presentadas


**FICHA DE PREMIO / CONCURSO**

Liña de fomento provincial	Concurso de viñetas. Conmemoración do 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres Traballadoras
<b>Código identificativo</b>	PREM-CV
<b>Área</b>	Servizos sociais
<b>Servizo / Sección</b>	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Servizos Sociais
<b>Competencia desenvolvida</b>	Políticas de igualdade entre mulleres e homes e prevención da violencia de xénero
<b>Custo previsible</b>	Premio: 6.000,00 € (Honorarios do xurado: 800,00 €)
<b>Finalidade (segundo a clasificación funcional do gasto)</b>	Servizos Sociais e Promoción Social
<b>Fontes de financiamento</b>	Propias
<b>Normativa de xestión</b>	Bases reguladoras da convocatoria
<b>Mecanismo de concesión</b>	Convocatoria pública
<b>Publicación</b>	BOP
<b>Sector obxectivo</b>	Servizos Sociais
<b>Obxectivo xeral</b>	Xerar reflexión e conciencia na mocidade e ademais fomentar a súa participación nunha actividade creativa
<b>Obxectivo específico</b>	O obxecto do certame é empregar a viñeta, ou tira de viñetas (como máximo 6 viñetas) para reflexionar, concienciar e mudar mentalidades da cidadanía en xeral e da poboación adolescente en particular, xa que representan o cambio e o futuro, sobre as mulleres na historia de Galicia co obxecto de visibilizar o empoderamento das mulleres como presenza fundamental no desenvolvemento da sociedade galega
<b>Destinatarios/as</b>	Pessoas físicas, con idades comprendidas entre 12 e 18 anos, de calquera nacionalidade, que se presenten individualmente ou en grupo
<b>Indicadores de seguimiento</b>	Nº de candidaturas presentadas


**FICHA DE PREMIO / CONCURSO**

<b>Liña de fomento provincial</b>	Premio “Luísa Villalta” de proxectos culturais pola igualdade
<b>Código identificativo</b>	PREM-LV
<b>Área</b>	Servizos sociais
<b>Servizo / Sección</b>	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Servizos Sociais
<b>Competencia desenvolvida</b>	Políticas de igualdade
<b>Custo previsible</b>	Premio: 100.000,00 € (ata dez premios, por un importe máximo de 20.000 € cada un). (Honorarios do xurado: 2.400,00 €)
<b>Finalidade (segundo a clasificación funcional do gasto)</b>	Servizos Sociais e Promoción Social
<b>Fontes de financiamento</b>	Propias
<b>Normativa de xestión</b>	Bases reguladoras da convocatoria
<b>Mecanismo de concesión</b>	Convocatoria pública
<b>Publicación</b>	BOP
<b>Sector obxectivo</b>	Servizos Sociais
<b>Obxectivo xeral</b>	Promover políticas de igualdade
<b>Obxectivo específico</b>	Comprometerse co desenvolvemento de políticas e iniciativas que contribúan ao avance social na igualdade de xénero, verdadeira necesidade -e ao tempo, motor de transformacións- cara a consecución dunha sociedade verdadeiramente xusta, libre, igualitaria e democrática. Fomento da cultura en igualdade mediante a realización de proxectos que poñan en valor o papel cultural, histórico e social das mulleres e/ou contribúen de forma relevante ao avance no asentamento social da apostase pola igualdade de xénero. Os proxectos procurarán unha filosofía integradora, participativa e de visibilización social das mulleres no campo social e cultural. Poderán presentarse ao concurso proxectos orixinais e inéditos, que se desenvolvan parcial ou totalmente ao longo do ano e que non estean finalizados no momento da publicación destas bases. Os proxectos poden orixinarse a partir dalgún dos diferentes campos artísticos: son (música...), palabra (literatura, investigación...), escena (teatro, danza...), artes plásticas, imaxe (audiovisual, fotografía, curtametraxe, documental...) ou outros entornos creativos (arte urbana, arte dixital...).



<b>Destinatarios</b>	Pessoas físicas ou xurídicas con sede social ou establecemento permanente na Comunidade Autónoma de Galicia e que estean legalmente constituídos no momento de facer a solicitude como profesionais inscritas/os no Réxime Especial de traballadora/es autónoma/os, entidades de economía social e/ou empresas
<b>Indicadores de seguimento</b>	Nº de candidaturas presentadas

### FICHA DE SUBVENCIÓN DE CONCESIÓN DIRECTA PREVISTA NAS BASES DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA

<b>Liña de fomento provincial</b>	Mantemento xeral e a reserva de 5 prazas no centro ocupacional “A Escada” Culleredo
<b>Área</b>	Servizos Sociais
<b>Servizo / Sección</b>	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Servizos Sociais
<b>Beneficiario / CIF</b>	Concello de Culleredo / P1503100H
<b>Competencia desenvolvida</b>	Servizos Sociais
<b>Obxectivo xeral</b>	Atención de persoas con diversidade funcional
<b>Finalidade</b>	Mantemento do Centro Ocupacional "A Escada" e o custo de cinco prazas para atención de persoas diversidade funcional, de xeito que faga sostible o recurso e axude a aliviar o custo das prazas as familias procedentes doutros concellos.
<b>Motivación</b>	Interese provincial na actividade desenvolvida. Atención a persoas
<b>Excepcionalidade</b>	O interese público baséase na demanda dos concellos da zona que non contan con recursos similares para atender esta necesidade. Son 5 prazas dedicadas a persoas usuarias doutros concellos dando servizo a comarca. Singularidade
<b>Normativa de xestión</b>	Bases de Execución Orzamentaria / Convenio específico
<b>Mecanismo de concesión</b>	Convenio
<b>Custo previsible</b>	156.648,42 €
<b>Importe da achega</b>	70.000,00 €
<b>Coeficiente de financiamento</b>	44,69 %
<b>Fontes de financiamento</b>	Propia
<b>Indicadores de seguimento</b>	Nº de beneficiarios/as



**FICHA DE SUBVENCIÓN DE CONCESIÓN DIRECTA PREVISTA NAS BASES DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA**

<b>Liña de fomento provincial</b>	Colaboración coa Unidade de Condutas Aditivas de Carballo
<b>Área</b>	Servizos Sociais
<b>Servizo / Sección</b>	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Servizos Sociais
<b>Beneficiario / CIF</b>	Concello de Carballo / P1501900C
<b>Competencia desenvolvida</b>	Servizos Sociais
<b>Obxectivo xeral</b>	Atención de persoas
<b>Finalidade</b>	Manter o servizo que se presta dende o ano 1994 no ámbito da protección e atención da saúde
<b>Motivación</b>	Interese provincial na actividade desenvolvida. Atención a persoas
<b>Excepcionalidade</b>	A Unidade Asistencial de Drogodependencias presta servizos de atención e tratamiento de drogodependencias, e desenvolve programas de protección da saúde, aos concellos do entorno: Camariñas, Fisterra, Malpica, Cee, Laracha, Muxía, Ponteceso, Coristanco, Laxe, Cabana, Vimianzo, Zas, Corcubión e Dumbría.
<b>Normativa de xestión</b>	Bases de Execución Orzamentaria / Convenio específico
<b>Mecanismo de concesión</b>	Convenio
<b>Custo previsible</b>	266.717,49 €
<b>Importe da achega</b>	30.000,00 €
<b>Coeficiente de financiamento</b>	11,25 %
<b>Fontes de financiamento</b>	Propia
<b>Indicadores de seguimento</b>	Nº de beneficiarios/as



**FICHA DE SUBVENCIÓN DE CONCESIÓN DIRECTA PREVISTA NAS BASES DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA**

<b>Liña de fomento provincial</b>	Mantemento da rede de pisos de acollida CASCO
<b>Área</b>	Servizos Sociais
<b>Servizo / Sección</b>	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Servizos Sociais
<b>Beneficiario / CIF</b>	Comité Ciudadano Anti-Sida de A Coruña / G15279219
<b>Competencia desenvolvida</b>	Servizos Sociais
<b>Obxectivo xeral</b>	Atención de persoas
<b>Finalidade</b>	Manter o servizo que se presta de pisos de acollida
<b>Motivación</b>	Interese provincial na actividade desenvolvida. Atención a persoas
<b>Excepcionalidade</b>	Atención de persoas seropositivas en situación de exclusión social, coa finalidade de favorecer a súa integración social. Na provincia non se conta con outro recurso similar
<b>Normativa de xestión</b>	Bases de Execución Orzamentaria / Convenio específico
<b>Mecanismo de concesión</b>	Convenio
<b>Custo previsible</b>	277.624,50 €
<b>Importe da achega</b>	60.000,00 €
<b>Coeficiente de financiamento</b>	21,61 %
<b>Fontes de financiamento</b>	Propia
<b>Indicadores de seguimento</b>	Nº de beneficiarios/as



**FICHA DE SUBVENCIÓN DE CONCESIÓN DIRECTA PREVISTA NAS BASES DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA**

<b>Liña de fomento provincial</b>	Mantemento xeral da casa de acollida e dous pisos de inclusión e transición á vida autónoma
<b>Área</b>	Servizos Sociais
<b>Servizo / Sección</b>	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Servizos Sociais
<b>Beneficiario / CIF</b>	Concello A Coruña / P1503000J
<b>Competencia desenvolvida</b>	Servizos Sociais
<b>Obxectivo xeral</b>	Atención de persoas
<b>Finalidade</b>	Manter o servizo que presta a casa de acollida e os pisos de transición a vida autónoma
<b>Motivación</b>	Interese provincial na actividade desenvolvida. Atención a mulleres vítimas de violencia de xénero
<b>Excepcionalidade</b>	Recurso especializado residencial e temporal que ofrece acollemento, atención e recuperación ás mulleres que sufren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo e/ou persoas que delas dependan, que requieren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero, este recurso forma parte da Rede Galega de acollemento de vítimas de violencia de xénero.
<b>Normativa de xestión</b>	Bases de Execución Orzamentaria / Convenio específico
<b>Mecanismo de concesión</b>	Convenio
<b>Custo previsible</b>	476.219,34 €
<b>Importe da achega</b>	120.926,27€
<b>Coeficiente de financiamento</b>	25,39 %
<b>Fontes de financiamento</b>	Propia
<b>Indicadores de seguimento</b>	Nº de beneficiarios/as



**FICHA DE SUBVENCIÓN DE CONCESIÓN DIRECTA PREVISTA NAS BASES DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA**

<b>Liña de fomento provincial</b>	Mantenemento xeral da casa de acollida Convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ferrol o día 2 de maio de 2023, formalizándose en documento administrativo 45/2023
<b>Área</b>	Servizos Sociais
<b>Servizo / Sección</b>	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Servizos Sociais
<b>Beneficiario / CIF</b>	Concello Ferrol / P1503700E
<b>Competencia desenvolvida</b>	Servizos Sociais
<b>Obxectivo xeral</b>	Atención de persoas
<b>Finalidade</b>	Manter o servizo que presta a casa de acollida
<b>Motivación</b>	Interese provincial na actividade desenvolvida. Atención a mulleres vítimas de violencia de xénero
<b>Excepcionalidade</b>	Recurso especializado residencial e temporal que ofrece acollemento, atención e recuperación ás mulleres que sufren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo e/ou persoas que delas dependan, que requieren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero, este recurso forma parte da Rede Galega de acollemento de vítimas de violencia de xénero
<b>Normativa de xestión</b>	Bases de Execución Orzamentaria / Convenio específico
<b>Mecanismo de concesión</b>	Convenio
<b>Custo previsible</b>	399.719,64 €
<b>Importe da achega</b>	100.891,64 €
<b>Coeficiente de financiamento</b>	25,24 %
<b>Fontes de financiamento</b>	Propia
<b>Indicadores de seguimento</b>	Nº de beneficiarios/as



**Deputación  
DA CORUÑA**



# **PLAN ESTRATÉXICO PROVINCIAL DE SUBVENCIÓNS**

**2025 / 2027**

## **ANEXO 2**

**EXTRACTOS DA NORMATIVA DE SUBVENCIÓNS CON RELACIÓN AOS PLANS  
ESTRATÉXICOS DE SUBVENCIÓNS**



## ANEXO 2

### EXTRACTOS DA NORMATIVA DE SUBVENCIÓNS CON RELACIÓN AOS PLANS ESTRATÉXICOS DE SUBVENCIÓNS

#### Índice

- I. Os plans estratéxicos de subvencións e a súa natureza
- II. Contido dos plans estratéxicos de subvencións
- III. Aprobación do plan estratéxico de subvencións
- IV. Publicidade do plan estratéxico de subvencións
- V. Control e avaliación do plan estratéxico de subvencións
- VI. A normativa galega
- VII. A normativa provincial

#### I. Os plans estratéxicos de subvencións e a súa natureza

En relación coa preparación dos plans estratéxicos para subvencións, o preámbulo da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publicada no BOE número 276, do 18 de novembro de 2003 (LXS), tamén aplicable ás entidades locais, indica:

*“Un dos principios que vai rexer a nova Lei xeral de subvencións, que como xa se sinalou están inspirados nos da Lei de estabilidade orzamentaria, é o da transparencia. Con este obxecto, as administracións deberán fazer públicas as subvencións que concedan, e, á vez, a lei establece a obrigación de formar unha base de datos de ámbito nacional que conterá información relevante sobre todas as subvencións concedidas.”*

Esta maior transparencia, xunto coa gran variedade de instrumentos que se articulan na lei, redonda de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público subvencional. Neste sentido, unha maior información acerca das subvencións fará posible eliminar as distorsións e interferencias que puidesen afectar o mercado, ademais de facilitar a complementariedade e coherencia das actuacións das distintas Administracións públicas evitando calquera tipo de solapamento.

Nesta liña de mellora da eficacia, a lei establece igualmente a necesidade de elaborar un plan estratéxico de subvencións (PES), que introduza unha conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir, cos custos previsibles e as súas fontes de financiamento, co obxecto de adecuar as necesidades públicas que se van cubrir a través das subvencións coas previsións de recursos disponibles, con carácter previo ao seu nacemento e de forma plurianual.

Como elemento esencial de peche deste proceso, a lei establece un sistema de seguimento a través do control e avaliación de obxectivos, que debe permitir que aquelas liñas de subvencións que non alcancen o nivel de consecución de obxectivos desexado ou que resulte adecuado ao nivel de recursos investidos poidan ser modificadas ou substituídas por outras más eficaces e eficientes, ou, no seu caso, eliminadas.

Neste preámbulo alúdese aos principios xerais recollidos na Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria. Ao de transparencia habería que engadir o propio de estabilidade orzamentaria, definido como equilibrio ou superávit orzamentario, o de plurianualidade, e o de eficiencia na asignación e utilización de recursos públicos.



Consecuentemente co indicado no seu preámbulo, o artigo 8 da LXS establece, encadrado como principio xeral, a obrigatoriedade para as entidades públicas que concedan achegas, de dispoñer dun plan estratéxico de subvencións:

*“1. Os órganos das administracións públicas ou calquera ente que propoña o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a sua consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.”*

A concisa referencia ao contido do plan estratéxico relaciónnase, así mesmo, co artigo seguinte, artigo 9, onde se detallan os requisitos que deben cumplirse para o outorgamento de axudas:

*“1. Naqueles casos nos que, de acordo cos artigos 87 a 89 do Tratado Constitutivo da Unión Europea, deban comunicarse os proxectos para o establecemento, a concesión ou a modificación dunha subvención, as Administracións públicas ou calquera ente deberán comunicarlle á Comisión da Unión Europea os oportunos proxectos de acordo co artigo 10 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e nos termos que se establezan regulamentariamente, co obxecto de que se declare a compatibilidade destas. Nestes casos, non se poderá facer efectiva unha subvención en tanto non sexa considerada compatible co mercado común.*

*2. Con carácter previo ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as normas que establezan as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos nesta Lei.*

*3. As bases reguladoras de cada tipo de subvención publicaranse no «Boletín Oficial do Estado» ou no diario oficial correspondente.*

*4. Adicionalmente, o outorgamento dunha subvención debe cumplir os seguintes requisitos:*

*a) A competencia do órgano administrativo concedente.*

*b) A existencia de crédito adecuado e suficiente para atender as obligacións de contido económico que se derivan da concesión da subvención.*

*c) A tramitación do procedemento de concesión de acordo coas normas que resulten de aplicación.*

*d) A fiscalización previa dos actos administrativos de contido económico, nos termos previstos nas leis.*

*e) A aprobación do gasto polo órgano competente para iso.”*

A disposición adicional decimo séptima da LXS refírese ao control e avaliación de obxectivos derivados da aplicación dos plans estratéxicos a que se fai referencia no artigo 8, indicando que este será realizado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, e sen prexuízo das competencias que atribúe a Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado (Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público) aos departamentos ministeriais, organismos e demais entes públicos.



Na exposición de motivos da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña, cuxo texto consolidado e actualizado publicouse no Boletín Oficial da provincia da Coruña (BOP) número 127 do 3 de xullo de 2024, indícase que:

*"Para levar a cabo a súa acción de fomento, a Deputación aproba anualmente o seu orzamento dotando os créditos necesarios nos capítulos IV e VII do estado de gastos, no marco e con pleno respecto aos principios de estabilidade orzamentaria e regra de gasto, co obxectivo de que esta parte tan significativa do gasto público aprobado polo Pleno da Corporación teña un efecto multiplicador na economía provincial e xere riqueza no conxunto do territorio. Para este fin, a posterior execución destes créditos debe administrarse co maior rigor xurídico e procurando a máxima eficiencia económica. (...)"*

*Pero o respecto ao marco competencial invocado e demais lexislación aplicábel non abonda para conseguir a consecución dos obxectivos ao menor custo, isto é, a consecución da eficiencia económica. Para o cumprimento deste segundo principio ou límite da xestión, devén conveniente e mesmo necesaria a aprobación dun plan estratéxico, no que previamente estean definidos os obxectivos que se pretenden conseguir; (...)"*

A natureza do PES é a de instrumento de xestión de carácter programático que carece de rango normativo (artigo 12.3 do Regulamento da LXS). Por tanto, os seus efectos despréganse no ámbito interno da Deputación provincial sen incidencia directa na esfera dos particulares, non creando, deste xeito, dereitos nin obrigacións para estes, e a súa efectividade quedará condicionada á aprobación das diferentes liñas de subvención, atendendo, entre outros condicionantes, as dispoñibilidades orzamentarias de cada exercicio, neste caso no 2020.

## II. Contido dos plans estratéxicos de subvencións

A ausencia de detalle da LXS en relación co plan estratéxico de subvencións, paliase coa aprobación do seu regulamento. Así, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, que aproba o Regulamento da LXS, dedícase a *sección 1ª do capítulo III do título preliminar* aos plans estratéxicos de subvencións. Estes concíbense como un instrumento necesario para conectar a política de asignación orzamentaria aos rendementos e obxectivos alcanzados en cada política pública xestionada a través de subvencións. En cambio, e co fin de non introducir rixideces innecesarias no proceso de planificación estratéxica, admítese no regulamento a posibilidade de reducir o contido do plan para determinadas subvencións.

Por outra banda, eixa claro o Regulamento da LXS que os plans estratéxicos teñen mero carácter programático, constituíndose, en esencia, nun instrumento fundamental para orientar os procesos de distribución de recursos en función do índice de logro de fins das políticas públicas. En definitiva, o regulamento aborda a regulación dos plans estratéxicos de subvencións con rigor pero coa suficiente flexibilidade como para que os órganos das administracións públicas asuman o valor que, en termos de eficacia, eficiencia e transparencia, supón a súa axeitada aprobación e seguimento.

A normativa do Regulamento da LXS dedicada aos plans estratéxicos é a seguinte:

*"CAPÍTULO III. Disposicións comúns a subvencións.  
SECCIÓN 1ª. Plans estratéxicos de subvencións."*



#### *Artigo 10. Principios directores.*

1. Os plans estratéxicos de subvencións a que se fai referencia no artigo 8 da Lei xeral de subvencións, configúranse como un instrumento de planificación das políticas públicas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

2. A Administración Xeral do Estado promoverá, a través das correspondentes Conferencias Sectoriais, que as medidas contidas nos plans se coordinen coas políticas das demais administracións públicas, debendo gardar a coherencia necesaria para garantir a máxima efectividade da acción pública que se desenvolva a través de subvencións.

3. Os plans estratéxicos de subvencións deberán ser coherentes cos programas plurianuais ministeriais na Administración do Estado previstos no artigo 29 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria e deberán axustarse, en todo caso, ás restricións que en orde ao cumprimento dos obxectivos de política económica e de estabilidade orzamentaria se determinen para cada exercicio.

#### *Artigo 11. Ámbito dos plans estratéxicos*

1. Aprobárase un plan estratéxico para cada ministerio, que abarcará as subvencións tanto dos seus órganos como dos organismos e demais entes públicos a el vinculados.

2. Con todo, poderanse aprobar plans estratéxicos especiais, de ámbito inferior ao ministerial, cando a súa importancia xustifique o seu desenvolvemento particularizado, ou plans estratéxicos conxuntos, cando na súa xestión participen varios ministerios ou organismos de distinto ámbito ministerial.

3. De acordo co establecido na disposición adicional décimo terceira da Lei xeral de subvencións, os plans e programas sectoriais terán a consideración de plans estratéxicos de subvencións sempre que recollan o contido a que se fai referencia no artigo seguinte.

4. Os plans estratéxicos conterán previsións para un período de vixencia de tres anos, salvo que pola especial natureza do sector afectado, sexa conveniente establecer un plan estratéxico de duración diferente.

#### *Artigo 12. Contido do plan estratéxico.*

1. Os plans estratéxicos terán o seguinte contido:

a) Obxectivos estratéxicos, que describen o efecto e impacto que se espera lograr coa acción institucional durante o período de vixencia do plan e que han de estar vinculados cos obxectivos establecidos nos correspondentes programas orzamentarios. Cando os obxectivos estratéxicos afecten o mercado, deberanse identificar ademais os fallos que se aspira a corrixir, cos efectos previstos no apartado 2 do artigo 8 da Lei xeral de subvencións.

b) Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación. Para cada liña de subvención deberán explicitarse os seguintes aspectos:

1º Áreas de competencia afectadas e sectores cara aos que se dirixen as axudas.

2º Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación.

3º Prazo necesario para a súa consecución.

4º Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento, onde se detallarán as achegas das distintas administracións públicas, da Unión Europea e doutros órganos públicos ou privados que participen nestas accións de fomento, así como aquelas que, tendo en conta o



*principio de complementariedade, correspondan aos beneficiarios das subvencións.*

*5º Plan de acción, no que concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvencións identificadas no plan, delimitaranse as liñas básicas que deben conter as bases reguladoras da concesión a que se fai referencia no artigo 9 da Lei xeral de subvencións, o calendario de elaboración e, no seu caso, os criterios de coordinación entre as distintas administracións públicas para a súa xestión.*

*c) Régime de seguimento e avaliación continua aplicable ás diferentes liñas de subvencións que se establezan. Para estes efectos, débense determinar para cada liña de subvención, un conxunto de indicadores relacionados cos obxectivos do plan, que recollidos periodicamente polos responsables do seu seguimento, permitan coñecer o estado da situación e os progresos conseguidos no cumprimento dos respectivos obxectivos.*

*d) Resultados da avaliación dos plans estratéxicos anteriores nos que se trasladará o contido dos informes emitidos.*

*2. O contido do plan estratéxico poderá reducirse á elaboración dunha memoria explicativa dos obxectivos, os custos de realización e as súas fontes de financiamento nos seguintes casos:*

*a) As subvencións que se concedan de forma directa, de acordo co establecido no artigo 22.2 da Lei xeral de subvencións.*

*b) As subvencións que, de maneira motivada, determine o titular do departamento ministerial, en atención á súa escasa relevancia económica ou social como instrumento de intervención pública.*

*3. Os plans estratéxicos de subvencións teñen carácter programático e o seu contido non crea dereitos nin obrigacións; a súa efectividade quedará condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvención, atendendo entre outros condicionantes a dispoñibilidades orzamentarias de cada exercicio.”*

Da normativa reflectida anteriormente dedúcese que para a Deputación Provincial da Coruña o PES-DAC deberá conter referencias aos obxectivos estratéxicos, en correspondencia cos programas orzamentarios propostos ou aprobados, e ás liñas de subvención previstas. Nestas deberá, á súa vez, especificarse a competencia afectada, sectores aos que se dirixe, prazo de realización, previsión financeira e plan de acción.

### **III. Aprobación do plan estratéxico de subvencións**

O artigo 13.1 do Regulamento da LXS refírese á competencia para a aprobación dos plans estratéxicos de subvencións, indicando expresamente:

*“Os plans estratéxicos previstos nos apartados 1 e 2 do artigo 11 deste regulamento serán aprobados polo ministro ou ministros responsables da súa execución e remitiránse á Secretaría de Estado de Facenda e Orzamentos e ás Cortes Xerais para o seu coñecemento.”*

Por outra parte, haberá que ter en conta que o PES, conforme o artigo 12.3 do Regulamento da LXS, é un documento que ten “carácter programático e o seu contido non crea dereitos nin obligacións; a súa efectividade quedará condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvención, atendendo entre outros condicionantes as dispoñibilidades orzamentarias de cada exercicio”.



De acordo co establecido no artigo 33 da Lei 7/85 de bases de réxime local debería ser o Pleno da Corporación o órgano competente para a aprobación dun plan de carácter provincial. No entanto, deixá clara o Regulamento da LXS que os plans estratéxicos teñen mero carácter programático, constituíndose, en esencia, nun instrumento fundamental para orientar os procesos de distribución de recursos en función do índice de logro de fins das políticas públicas. Sendo así, resultará de aplicación o disposto no artigo 34.1.I) da Lei 7/1985 que indica que corresponde en todo caso ao presidente da Deputación “*o exercicio daqueloutras atribucións que a lexislación do Estado ou das comunidades autónomas lle asigne á deputación e non estean expresamente atribuídas a outros órganos*”.

No que se refire á normativa provincial, no artigo 3 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña, referido aos “Órganos competentes”, dispone que:

*“Compételle ao Pleno da Corporación a planificación da acción de fomento da Deputación, ben sexa mediante a aprobación dun plan estratéxico plurianual ou a través da aprobación do orzamento anual, no que se doten os créditos necesarios para levar a cabo tal acción nos ámbitos de cooperación coa prestación dos servizos públicos municipais e desenvolvemento cultural, deportivo, social e económico da provincia.”*

#### IV. Publicidade do plan estratéxico de subvencións

O PES/DAC, unha vez aprobado, será remitido para o seu coñecemento a todos os responsables da súa execución na Deputación. Ao mesmo tempo, será publicado no Portal de Transparencia da Deputación. Tamén serán obxecto da mesma publicidade o informe xeral de valoración da xestión deste plan e as súas posibles modificacións ou actualizacións.

A LXS, á parte da mención xeral ao principio de publicidade na xestión das subvencións realizada no seu artigo 8.3 a), non contén referenciais a esta cuestión.

No entanto, no Regulamento da LXS salvouse a ausencia desta referencia normativa, coa modificación introducida pola disposición final 1ª do Real decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, ao engadir un novo parágrafo, o 2º, no seu artigo 13, no que se indica:

*“Os plans estratéxicos de subvencións e as súas actualizacións deberán publicarse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas. A Intervención Xeral da Administración do Estado deberá ditar as instrucións oportunas para a posta en marcha desta publicación.”*

Con todo, tamén podería considerarse sobre esta cuestión o mencionado na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE número 295 do 10/12/2013) que no seu capítulo II, Publicidade activa, do Título I, Publicidade activa, recolle as seguintes mencións:

*“Artigo 5 Principios xerais*

*1. Os suxeitos enumerados no artigo 2.1 publicarán de forma periódica e actualizada a información cuxo coñecemento sexa relevante*



*para garantir a transparencia da súa actividade relacionada co funcionamento e control da actuación pública. (...)*

*3. Serán de aplicación, no seu caso, os límites ao derecho de acceso á información pública previstos no artigo 14 e, especialmente, o derivado da protección de datos de carácter persoal, regulado no artigo 15. A este respecto, cando a información contivese datos especialmente protexidos, a publicidade só levarase a cabo coa previa disociación destes.*

*4. A información suxeta ás obrigacións de transparencia será publicada nas correspondentes sedes electrónicas ou páxinas web e dunha maneira clara, estruturada e entendible para os interesados e, preferiblemente, en formatos reutilizables. Estableceranse os mecanismos adecuados para facilitar a accesibilidade, a interoperabilidade, a calidade e a reutilización da información publicada así como a súa identificación e localización. (...)*

*5. Toda a información será comprensible, de acceso fácil e gratuito e estará ao dispor das persoas con discapacidade nunha modalidade fornecida por medios ou en formatos adecuados de maneira que resulten accesibles e comprensibles, conforme ao principio de accesibilidade universal e deseño para todos.”*

#### *“Artigo 6. Información institucional, organizativa e de planificación*

*(....) 2. As administracións públicas publicarán os plans e programas anuais e plurianuais nos que se fixen obxectivos concretos, así como as actividades, medios e tempo previsto para a súa consecución. O seu grao de cumprimento e resultados deberán ser obxecto de avaliación e publicación periódica xunto cos indicadores de medida e valoración, na forma en que determine cada administración competente. (...)"*

#### *“Artigo 10 Portal da Transparencia*

*1. A Administración Xeral do Estado desenvolverá un Portal da Transparencia, dependente do Ministerio da Presidencia, que facilitará o acceso dos cidadáns a toda a información á que se refiren os artigos anteriores relativa ao seu ámbito de actuación.*

*2. O Portal da Transparencia incluirá, nos termos que se establezan regulamentariamente, a información da Administración Xeral do Estado, cuxo acceso se solicite con maior frecuencia.*

*3. A Administración Xeral do Estado, as administracións das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla e as entidades que integran a administración local poderán adoptar outras medidas complementarias e de colaboración para o cumprimento das obligacións de transparencia recollidas neste capítulo.”*

## **V. Control e avaliación do plan estratéxico de subvencións**

En xeral, a técnica da avaliación implica unha valoración das intervencións de acordo cos seus resultados, impactos e necesidades que teñen por obxecto satisfacer. É, por tanto, unha ferramenta sistemática que proporciona unha base real para a toma de decisións, e contribúe a que as actividades da institución pública poidan ser más eficaces, prácticas e coerentes coa súa contorna física e temporal.

A LXS establece un sistema de seguimiento do proceso de aplicación das subvencións, a través do control e avaliación de resultados. O adecuado seguimento das actividades programadas, permite coñecer que liñas de subvención alcanzan o nivel



mínimo estimado, e aquelas que non responderon ás previsións iniciais. En terminoloxía do Regulamento da LXS, detectar as liñas de subvencións que non alcanzan o nivel de consecución de obxectivos desexado, ou o que resulta adecuado ao nivel de recursos investidos, e, no seu caso, modificalas ou substituíllas.

Na LXS, á parte da xa dita mención do artigo 8, a disposición adicional décimo séptima, Control e avaliación de obxectivos, establece que:

*“O control e avaliación de resultados derivados da aplicación dos plans estratéxicos a que se fai referencia no artigo 8 desta lei será realizado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, e sen prexuízo das competencias que atribúe a Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado, aos departamentos ministeriais, organismos e demais entes públicos.”*

Pola súa banda, sobre esta cuestión o artigo 12 do Regulamento da LXS, referido ao contido dos plans estratéxicos, establece nos seus apartados 1 c) e 1 d) o seguinte:

*“1. Os plans estratéxicos terán o seguinte contido: (...)*

*c) Réxime de seguimento e avaliación continua aplicable ás diferentes liñas de subvencións que se establezan. Para estes efectos, débense determinar para cada liña de subvención, un conxunto de indicadores relacionados cos obxectivos do plan, que recollidos periodicamente polos responsables do seu seguimento, permitan coñecer o estado da situación e os progresos conseguidos no cumprimento dos respectivos obxectivos.*

*d) Resultados da avaliación dos plans estratéxicos anteriores nos que se trasladará o contido dos informes emitidos.”*

Especial atención dedica o artigo 14 do Regulamento da LXS ao seguimento e avaliación dos plans estratéxicos aprobados, expresándose nos seguintes termos:

*“Artigo 14. Seguimento de plans estratéxicos de subvencións.*

*1. Anualmente realizarase a actualización dos plans de acordo coa información relevante dispoñible.*

*2. Cada departamento ministerial emitirá antes do 30 de abril de cada ano un informe sobre o grao de avance da aplicación do plan, os seus efectos e as repercusións orzamentarias e financeiras que se deriven da súa aplicación.*

*3. O informe, xunto co plan actualizado, serán remitidos á Secretaría de Estado de Facenda e Orzamentos e comunicados por cada departamento ministerial ás Cortes Xerais.*

*4. A Intervención Xeral da Administración do Estado realizará o control financeiro dos plans estratéxicos de acordo co disposto na disposición adicional decimo séptima da Lei xeral de subvencións. Ademais, e con carácter anual, o ministro de Economía e Facenda, a través da Orde Ministerial de elaboración dos Orzamentos Xerais do Estado, seleccionará os plans estratéxicos que deben ser obxecto dun seguimento especial pola Intervención Xeral da Administración do Estado.”*

O artigo 15 do Regulamento alude aos efectos do incumprimento do plan estratéxico de subvencións, establecendo que:



*“Artigo 15. Efectos do incumprimento do plan estratéxico de subvencións.*

*Se como resultado dos informes de seguimento emitidos polos Ministerios e dos informes emitidos pola Intervención Xeral da Administración do Estado, existen liñas de subvencións que non alcanzan o nivel de consecución de obxectivos desexado, ou o que resulta adecuado ao nivel de recursos investidos, poderán ser modificadas ou substituídas por outras más eficaces e eficientes ou, no seu caso, poderán ser eliminadas”*

Ademais, farase referencia ao seguimento e avaliación das liñas de subvención previstas. Este contido coincide tamén coa formulación efectuada polo Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por outra banda o artigo 35 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, sobre as subvencións públicas indica que:

*“As administracións públicas, nos plans estratéxicos de subvencións que adopten no exercicio das súas competencias, determinarán os ámbitos en que, por razón da existencia dunha situación de desigualdade de oportunidades entre mulleres e homes, as bases reguladoras das correspondentes subvencións poidan incluír a valoración de actuacións de efectiva consecución da igualdade por parte das entidades solicitantes.*

*Para estes efectos poderán valorarse, entre outras, as medidas de conciliación da vida persoal, laboral e familiar, de responsabilidade social da empresa, ou a obtención do distintivo empresarial en materia de igualdade regulado no capítulo IV do título IV da presente lei.”*

Tampouco debería obviarse o disposto no artigo 6.2 da xa mencionada Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo, que sobre información institucional, organizativa e de planificación dispón:

*“As administracións públicas publicarán os plans e programas anuais e plurianuais nos que se fixen obxectivos concretos, así como as actividades, medios e tempo previsto para a súa consecución. O seu grao de cumprimento e resultados deberán ser obxecto de avaliación e publicación periódica xunto cos indicadores de medida e valoración, na forma en que determine cada administración competente.”*

## VI. A normativa galega

Na normativa galega debe mencionarse a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25/06/2007), cuxo artigo 5.1 indica:

*“Os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria”.*

Complementariamente, o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia (DOG número 20, 29.01.2009), que no seu



preámbulo refírese aos plans estratéxicos de subvencións “como figura mediante a que se plasman as grandes liñas de actuación da Administración en materia subvencional”. Xa no seu texto normativo, este regulamento dedica aos plans estratéxicos os artigos 6 e 7, encadrados no capítulo II (plans estratéxicos) do título preliminar (disposiciones xerais):

*“Artigo 6º.- Plans estratéxicos de subvencións.*

1. Cada consellería elaborará unha planificación estratéxica das subvencións que teñan previsto convocar a consellería e os organismos e entidades dependentes ou vinculadas a ela. A planificación deberá ser coherente cos documentos de planificación e obxectivos que se elaboren cada ano no marco do proceso de elaboración dos orzamentos xerais da comunidade autónoma.

2. Os plans estratéxicos teñen carácter programático, e o seu contido non crea dereitos nin deberes. A efectividade dos plans queda condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvencións e ás dispoñibilidades orzamentarias de cada exercicio.

3. Cando, nos termos previstos na Lei de subvencións de Galicia e no presente regulamento, tramítese unha subvención que non estea comprendida na planificación estratéxica da consellería, deberase incluír no expediente unha memoria na que se detallen a relación dos obxectivos da subvención coa planificación estratéxica e os posibles efectos desta.

*Artigo 7º.- Contido dos plans estratéxicos de subvencións.*

Os plans elaborados polas consellerías conterán a totalidade das liñas de subvencións que teñan previsto convocar a consellería e todos os organismos e entidades dependentes ou vinculadas a ela.

Os plans incluirán como mínimo:

a) Os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir coas liñas de subvencións. Estes obxectivos farán referencia tanto ás grandes liñas como ás actuacións intermedias e adaptaranse á estrutura que marque a normativa reguladora da elaboración dos orzamentos xerais.

b) O prazo necesario para a súa consecución.

c) O financiamento necesario con indicación, no seu caso, das achegas das distintas administracións públicas, da Unión Europea e doutros órganos públicos ou privados que participen nestas accións de fomento.

d) Os indicadores que permitan realizar un seguimento sobre o cumprimento dos obxectivos, e as actuacións de seguimento que se vian realizar e que deberán ter en conta, en todo caso, os indicadores e obxectivos relativos ao impacto de xénero.”

Aínda que o apartado 3º do artigo 1º do Regulamento da Lei 9/2007 dispón que “non serán aplicables as disposicións deste regulamento ás entidades locais de Galicia e aos organismos e ás entidades vinculadas ou dependentes delas”, o contido dos ditos artigos 6 e 7 deben de sopesarse á hora de elaborar un plan estratéxico de subvencións.

Debe considerarse, de conformidade co artigo 6.2 da Lei 5/2014 de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 (do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local), completando o mencionado no artigo 3.6 da mesma lei, que con carácter previo á aprobación do plan estratéxico na Deputación, este documento deberá remitirse para informe da consellaría competente en materia de administración local da Xunta de Galicia:



*“Artigo 3. Competencias das entidades locais distintas das propias e das atribuídas por delegación (....)*

*6. En particular, nos supostos de exercicio da actividade de fomento polas entidades locais mediante o establecemento de subvencións, os informes previos previstos neste artigo deberán emitirse con carácter previo ao establecemento das subvencións, sobre o plan estratéxico regulado no artigo 5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no que as entidades locais deberán concretar os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento.”*

*“Artigo 6. Solicitude dos informes competencia da Administración autonómica (....)*

*2. O órgano competente da entidade local deberá solicitar os informes con carácter previo á implantación do servizo, á modificación dos servizos xa establecidos para a realización de novas actividades prestacionais ou á aprobación do plan estratéxico de subvencións.”*

Por último, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 30, do 15/02/2016), aínda que non contén referencias concretas aos PES, no seu artigo 7, Obrigacións específicas de información institucional, organizativa e de planificación, indica que “Ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, os suxeitos citados no artigo 3.1 (entre as que non se inclúe ás entidades locais) tamén publicarán:

- “g) Os plans de actuación e contratos de xestión das entidades do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia.*
- h) O plan estratéxico ou de goberno.”*

E no seu artigo 17.1, Información específica sobre subvencións, indica que:

*“Ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, os suxeitos citados no artigo 3.1.a), b) e d) publicarán:*

- a) O texto íntegro da convocatoria das axudas ou subvencións.*
- b) As concesións das devanditas axudas ou subvencións.”*

## VII. A normativa provincial

Para a preparación e desenvolvemento do PES/DAC, no que a normativa provincial se refire, deberán considerarse as seguintes disposicións:

Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña (texto orixinal publicado no BOP número 72 do 15 de abril de 2019, e o último texto consolidado e actualizado publicado no BOP número 127 do 3 de xullo de 2024).

Bases para a execución do orzamento xeral da Deputación Provincial da Coruña correspondentes a cada exercicio orzamentario.”

**14.- Aprobación do proxecto da obra Mellora da capa de rodaxe con mestura bituminosa en quente DP-2201 quilómetro 28 da estrada Ferrol- Cedeira ao quilómetro 7 de Cedeira ao Campo do Hospital punto quilométrico 4+200 ao 6+400**



Cedeira.

### VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- APROBAR o proxecto *mellora de capa de rodaxe con mestura bituminosa en quente DP-2201 QM 28 da estrada Ferrol-Cedeira ao QM 7 de Cedeira ao campo do Hospital punto quilométrico 4+200 ao PQ 6+400 Cedeira que se integra no Plan de Investimentos en Vías provinciais 2024), cun orzamento total de 158.989,40 € con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:*

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	ORZAMENTO	PRAZO DE EXECUCIÓN
2024.1110.0006.0	MELLORA DE CAPA DE RODAXE CON MESTURA BITUMINOSA EN QUENTE DP-2201 QM 28 DA ESTRADA FERROL-CEDEIRA AO QM 7 DE CEDEIRA AO CAMPO DO HOSPITAL PUNTO QUILOMÉTRICO 4+200 AO PQ 6+400 CEDEIRA	CEDEIRA	158.989,40 €	3 MESES

2.- EXPOÑER ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

3.- REMITIR o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

O Sr. Calvelo Martínez sale do Salón de Plenos.

De acordo co artigo 61 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña, o Presidente acorda unha interrupción da sesión.

O Presidente reanuda a sesión incorporándose o Sr. Calvelo Martínez.

**15.- Aprobación do proxecto da obra DP 5401 Narón ao Polígono de Río do Pozo ao Castro.- Senda peonil. Mellora da seguridade viaria. Punto quilométrico 2+700 AO 3+500 NARÓN**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de



Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a  
Abstéñense: 1deputado (PP)

### ACORDO

O Pleno, por mayoría, acorda:

"1.- APROBAR o proxecto **DP 5401 NARÓN AO POLÍGONO DE RÍO DO POZO AO CASTRO.- SENDA PEONIL.- MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA, PUNTO QUILOMÉTRICO 2+700 AO 3+500 NARÓN (NARÓN)** que se integra no Plan de **SENDAS PEONÍS 2024**, cun orzamento total de **245.338,91 €** con cargo á aplicación **0410 /4535 /60900** que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO	PRAZO DE EXECUCIÓN
2024.1170.0004.0	<b>DP 5401 NARÓN AO POLÍGONO DE RÍO DO POZO AO CASTRO.- SENDA PEONIL.- MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA, PUNTO QUILOMÉTRICO 2+700 AO 3+500 NARÓN</b>	NARÓN	245.338,91	5 MESES

2.- EXPOÑER ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

3.- REMITIR o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe

4.- CONDICIONAR a contratación da obra á concesión das autorizacións e permisos pertinentes."

**16.- Aprobación do proxecto da obra Mellora de capa de rodaxe con mestura bituminosa en quente DP-3601 Acceso a la Ermita de Nuestra Señora de Chamorro (FERROL)**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a  
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- APROBAR o proxecto *mellora da capa de rodaxe con mestura bituminosa en quente DP-3601 acceso a la Ermita de Nra. Sra. de Chamorro (Ferrol)* que se integra



no Plan de Investimentos en Vías Provinciais 2024 cun orzamento total de 120.001,59 € con cargo á aplicación 0410/4531/60900 e que se detalla a continuación:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO	PRAZO DE EXECUCIÓN
2024.1110.0007.0	MELLORA DE CAPA DE RODAXE CON MESTURA BITUMINOSA EN QUENTE DP-3601 ACCESO A LA ERMITA DE NRA. SRA. DE CHAMORRO	FERROL	120.001,59 €	3 Meses

2.- EXPOÑER ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

3.- REMITIR o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

**17.- Aprobación do Reformado proxecto actualizado DP 7804 Val do Dubra a Santiago. Ensanche e mellora de trazado e afirmado, punto quilométrico 18+690 ao 22+223 (SANTIAGO DE COMPOSTELA)**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1. Aprobar o Proxecto "MODIFICADO Nº1 DO PROXECTO ACTUALIZADO DP 7804 VAL DO DUBRA A SANTIAGO, ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO Punto quilométrico. 18+690 ao 22+223 (SANTIAGO DE COMPOSTELA) (Investimentos en vías provinciais 2021 Cuarta Fase) (2021.1110.0004.1), cun prazo de execución de 7 meses e cun orzamento de contrata que ascende a **1.284.720,77 €** o que supón un incremento de **116.753,07 €** respecto ao primitivo que ascendía a **1.167.967,70 €**
2. Aprobar a formalización en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo, EXCAVACIONES AGRA CASTRO, S.L. B15490527 as modificacións do contrato que, aplicando a baixa de adxudicación supón un orzamento de adxudicación de **1.114.482,09 €**. o que representa unha diferenza de **101.282,09 €** con respecto ao prezo de adxudicación que ascendía a **1.013.200,00 €**
3. Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de **4.185,21 €** que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación, previa a formalización do contrato, quedando por tanto fixada a garantía en **46.052,98 €**"



## ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓN

Sr. Presidente

Actuacións de control, mociones? Hai unha primeira moción do Grupo Popular sobre a situación política en Venezuela.

### **1. Moción do Grupo Popular Popular sobre a situación política en Venezuela**

Venezuela sofre unha profunda crise política, económica e social, que se agravou nas últimas semanas polas accións do réxime de Nicolás Maduro e, en particular, pola fraude das eleccións presidenciais do 28 de xullo, ignorando os resultados electorais favorables á oposición.

A tiranía socialista non tivo vontade de garantir a celebración dunhas eleccións libres e transparentes, segundo conclúen todos os observadores e organismos internacionais, e perpetra agora unha fraude sobre os seus resultados que priva á oposición da súa vitoria nas urnas e do recoñecemento a Edmundo González como o lexítimo presidente electo.

Desde a falta de transparencia nas eleccións, ata a posterior intensificación da represión violenta contra a disidencia, incluída a sistemática violación dos dereitos humanos, o réxime de Maduro está a aferrarse ao poder á conta da vontade do pobo venezolano.

Isto, entre outras moitas razóns, evidencian a total falta de lexitimidade democrática dun réxime que segue sen recoñecer a súa derrota e sen favorecer o inicio dunha transición cara a democracia e dun plan de recoñecemento e respecto aos resultados electorais.

Ante esta realidade, segue resultando incomprendible a morneza do Goberno de Sánchez coa ditadura de Maduro, e de formacións políticas como o BNG, que ten afirmado a súa confianza no sistema electoral venezolano, contradicindo todos os informes de organizacións internacionais independentes (tales como o Centro Carter e más recentemente o Panel de Expertos Electorais da ONU) que acusan ao Goberno de Maduro de falta de transparencia e manipulación electoral.

Tamén seguen sen entenderse o silencio atronador do Executivo de España diante desta situación, o que deixa ao noso país á marxe de todas as iniciativas de denuncia promovidas pola comunidade internacional pola emergencia democrática en Venezuela. É por iso polo que, resulta urgente que o Executivo de España acorde sumarse mediante accións executivas inequívocas aos esforzos internacionais para esixir democracia, transparencia e respecto ao resultado das urnas en Venezuela. Mais aínda, cando son mais de 30.000 os galegos e galegas que residen actualmente en Venezuela.

Cómpre lembrar que millóns de venezolanos tiveron que abandonar o seu país en busca de protección internacional, convertendo a Venezuela na segunda nación con más desprazados forzados do mundo, despois de Siria.

España e Galicia, foron territorios de acollida destes exiliados venezolanos, que atoparon no noso país un espazo de liberdade, solidariedade e oportunidades. Aquí residen actualmente centenares de asilados políticos venezolanos que foron e seguen sendo obxecto dunha permanente persecución por parte do réxime político que preside Nicolás Maduro, incluíndo a imposibilidade de participar nas eleccións.



É de esperar que un sistema xudicial sen ningún tipo de imparcialidade máis ben ao servizo do poder avale asinxustizas do réxime liderado por Nicolás Maduro, como no seu momento foi cómplice da supresión e negación dos dereitos de participación pública dos dirixentes da oposición e agora da súa lexítima vitoria electoral.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular de A Deputación de A Coruña, presenta a seguinte moción:

Solicitarlle ao Goberno de España:

1º.- Liderar, diante da Unión Europea, o recoñecemento do presidente electo lexítimo de Venezuela, Edmundo González, e que se produza unha transición pacífica do país cara a unha democracia plena.

2º. - Condenar a sistemática política de criminalización, por parte do réxime de Nicolás Maduro, en contra dos cidadáns venezolanos que decidiron exercer os seus dereitos civís e políticos no marco da Constitución venezolana.

3º.- Esixir ao réxime de Nicolás Maduro o cesamento inmediato da represión a líderes de partidos opositores, activistas de dereitos humanos, sindicalistas, xornalistas, testemuñas electorais e demais cidadáns en exercicio dos seus dereitos civís e políticos e a violación dos dereitos humanos destas persoas

4º- Facilitar a tramitación, por parte das Administracións Públicas, das solicitudes de protección internacional feitas por cidadáns venezolanos que foxen da opresión política e da exclusión económica e social en Venezuela, así como dos trámites que lles permitan integrarse en España aos devanditos cidadáns

5º.- Solicitar á Unión Europea o mantemento das sancións impostas ao réxime de Nicolás Maduro mentres non existan garantías fidedignas e comprobables dunha transición do país cara a unha democracia plena

6º.- Recoñecer a situación de emerxencia humanitaria que vive Venezuela e a condición de vítimas de persecución política dos exiliados venezolanos en España.

Asemade, a Deputación de A Coruña acorda como Resolución, manifestar a seu apoio e adhesión a todas as iniciativas de protesta pacífica organizadas pola oposición venezolana e polos exiliados residentes no noso país, nas que se reclame o fin da represión, o inicio dun proceso de transición cara a democracia e un plan de recoñecemento e respecto aos resultados electorais en Venezuela.

#### Sr. Lorenzo Torres

Buenos días a todos y a todas.

Traigo para su consideración, si lo ven oportuno, para aprobar una moción que nos habla de la libertad, que nos habla de la democracia y que habla también de los derechos humanos.

Como todos sabemos, hace pocos días, pocos meses, el 28 de julio, se celebraron unas elecciones en Venezuela, unas elecciones que, hay que decirlo, pese, pese a las trabas por parte del Gobierno de Maduro para que se celebraran y pese a



haber incumplido todos los acuerdos del Tratado de Barbados para que al menos hubiera garantías democráticas en todo el proceso electoral, que todos sabemos lo que pasó con los líderes políticos, con la persecución, con los periodistas, etc., con todos aquellos que se oponían al régimen, estas elecciones se celebraron pacíficamente. Dicho esto, una vez celebradas y cuando estaban en el recuento de los votos, todos sabemos, porque la prensa internacional y todos los organismos internacionales se hicieron eco de ello, cómo se paralizó el recuento de las actas, cómo no se dejó que el Centro Nacional Electoral de Venezuela diera los resultados de las actas y, a día de hoy, todos los organismos internacionales, los pocos que pudieron intervenir como observadores, dicen que no hubo garantías democráticas en ese recuento. Ese recuento que hasta día de hoy la sociedad venezolana está pidiendo, está pidiendo, por favor, que se pongan las actas, que les entreguen las actas con los resultados electorales. De hecho, de hecho, de todos de sobra es conocido, y además está así verificado por estos organismos internacionales, que el escrutinio provisional, de las casi 83,5% de estas actas oficiales que están en estos momentos en manos de la oposición, el ganador de las elecciones fue Edmundo González, Edmundo González, que, como tantos venezolanos, tuvo que exiliarse una vez ganadas las elecciones.

Y estas elecciones son una respuesta, son una respuesta a las políticas bolivarianas del señor Maduro, políticas que han llevado a un país tan rico como Venezuela a la mayor tasa de pobreza; más del 50% de la población vive por debajo de los umbrales de la pobreza. Dos de cada tres niños no tienen acceso a la escuela, tienen muchos problemas de acceso a la sanidad y, sobre todo, ha habido un exilio, que muchos venezolanos tuvieron que marcharse al exilio, tuvieron que emigrar escapando no solo de la pobreza, sino también de un régimen dictatorial. Se habla de más de 7 millones de venezolanos, incluso algunos hablan de 10 millones de venezolanos que tuvieron que refugiarse, que refugiarse, escapando del hambre y escapando de la dictadura, en los países limítrofes, y algunos incluso en España, tenemos más de 700.000 venezolanos que han venido a refugiarse a España.

Y nosotros tenemos que dar una respuesta, tenemos que dar una respuesta contra el sátrapa del señor Chávez. Un señor que no quiere reconocer un resultado democrático, que no quiere reconocer la victoria de Edmundo González Urrutia y que, desde el momento en que se celebraron las elecciones, inició una persecución contra todos los líderes políticos, contra todos los opositores, contra los sindicalistas, contra los trabajadores, contra los ciudadanos que defienden la democracia, metiendo a más de 1.200 personas en la cárcel, más de 30 personas asesinadas y, entre ellos, más de 120 menores.

Por supuesto, la comunidad internacional no se ha quedado quieta. Las propias Naciones Unidas ayer, en el comunicado de Nueva York, han manifestado su oposición a todo lo que está pasando en Venezuela, hablando de que unas elecciones que no han sido democráticas, que hay ahí un resultado que hay que respetar y que el señor Chávez se niega a hacerlo, y piden que se garantice la democracia en Venezuela. Y esto lo han firmado casi todas las naciones pertenecientes a la Unión Europea, así como Gran Bretaña, así como Estados Unidos o Argentina.

Estamos viendo una vulneración de los derechos democráticos, estamos viendo una vulneración de los derechos electorales pero, sobre todo, estamos viviendo una vulneración de los derechos humanos. Y, por supuesto, no podemos quedarnos callados, no podemos dar una respuesta tibia ni mirar para otro lado.

En muchos parlamentos, en el Parlamento Europeo, en el Parlamento español, se han aprobado declaraciones de apoyo. Por eso nosotros presentamos esta declaración



de apoyo, que no es otra que apoyar la democracia, que apoyar la libertad, que apoyar los derechos humanos de un pueblo que, utilizando los calificativos que ayer dijo nuestro presidente del Gobierno, el señor Pedro Sánchez, sobre México, estamos hablando de una nación, de un pueblo amigo. Y, ya digo, no podemos mirar para otro lado. Por eso presentamos esta moción que tiene una serie de puntos que les voy a leer y espero que sean aprobados.

Nosoutros, o Grupo Popular da Deputación da Coruña presenta a seguinte moción:

Solicitarlle ao goberno de España:

Primeiro: Liderar diante da Unión Europea o recoñecemento do presidente electo lexítimo de Venezuela, don Edmundo González, e que se produza unha transición política pacífica do país cara a unha democracia plena.

Segundo: Condenar a sistemática política de criminalización por parte do réxime de Nicolás Maduro en contra dos cidadáns venezolanos que decidiron exercer os seus dereitos civís e políticos no marco da Constitución venezolana.

Exixir ao réxime de Nicolás Maduro o cesamento inmediato da represión a líderes de partidos opositores, activistas de dereitos humanos, sindicalistas, xornalistas, testemuñas electorais e demais cidadáns en exercicio dos seus dereitos civís e políticos e a violación dos dereitos humanos destas persoas.

Facilitar a tramitación por parte das administracións públicas das solicitudes de protección internacional feitas por cidadáns venezolanos que foxen da presión política e da exclusión económica e social en Venezuela, así como dos trámites que lles permitan integrarse en España aos devanditos cidadáns.

Solicitar á Unión Europea o mantemento da sanción imposta ao réxime de Nicolás Maduro mentres non existan garantías fidedignas e comprobables dunha transición do país cara a unha democracia plena.

Recoñecer a situación de emerxencia humanitaria que vive Venezuela e a condición de vítimas de persecución política dos exiliados venezolanos en España.

Asemade, a Deputación da Coruña acorda como resolución manifestar o seu apoio e adhesión a todas as iniciativas de protesta pacífica organizadas pola oposición venezolana e polos exiliados residentes no noso país nas que se reclame o fin da represión, o inicio dun proceso de transición cara á democracia e un plan de recoñecemento aos respectos e aos resultados electorais en Venezuela.

Espero su aprobación. Muchísimas gracias por su atención.

Sra. Veira González

Ben, bo día a todas e a todos.

Nós desde o BNG cremos, señoras e señores do Partido Popular, que a súa política exterior poderíamos definila como unha política de comenencias. E, dado o ton da súa intervención, a súa solidariedade tamén se pode definir como unha solidariedade de comenencias. E por que llo digo?, porque eu todo ese discurso en abstracto cómprollo, cómprollo, o respecto aos dereitos humanos, o respecto ás persoas que foxen da fame,



que foxen da represión política, etc., cómprollo, pero cómprollo para todo o mundo. Non llo compro exclusivamente para os venezolanos e as venezolanas. Porque vostedes si, só llo compran para iso; só defenden iso para os venezolanos e venezolanas. Agora, como algúén fuxa de África e pida asilo no Estado español, vostedes defenden as devolucións en quente, vostedes defenden que aquí non se lles dea acubillo a esas persoas, deshumanizan esas persoas, áinda sendo nenos e nenas, que é iso que vostedes lles chaman Menas. Deshumanizan as persoas que petan na porta de Europa e que son ademais resultado de moitas políticas europeas. Teñen vostedes unha política de solidariedade moi de comenencias, repítollo.

É que ademais só empregan Venezuela como un acicate político contra determinados gobernos en distintos momentos para o seu puro interese político. Para desgastar gobernos ou organizacións políticas e non porque teñan ningún interese real sobre o que lle pasa ou non ao pobo venezolano. Vostedes miran agora para Venezuela para facer política interior. Levan o asunto ao Congreso dos Deputados para acusar a Sánchez e os independentistas de non sei que. Levan o tema ao Parlamento galego para non falar dos problemas de Galiza. Traen o tema á Deputación para desgastar as organizacións políticas que estamos no goberno desta institución.

Nós non imos apoiar esta iniciativa súa, porque é unha pantomima, é inxerencionismo puro e duro. Nós defendemos o respecto escrupuloso ao dereito internacional, comezando pola soberanía nacional, pola resolución pacífica dos conflitos pola vía do diálogo, e pola non inxerencia por parte de terceiros en cuestións internas dos Estados. Vostedes piden na iniciativa e piden nesta moción recoñecer presidente de Venezuela un señor porque si, porque agora lle interesa ao Partido Popular, sen que antes se publicasen ningunhas actas que verifigan iso, só as que ten a oposición venezolana. Eu non sei como se poden pedir as dúas cousas ao mesmo tempo: que se publiquen as actas que, se supostamente lle dan a vitoria a Edmundo González, pois, pero que se publiquen primeiro e despois diremos quen é presidente e quen non, pero teranse que publicar.

Pero é que ademais co de Venezuela xa nos teñen acostumados a isto, ao de declarar presidentes desde fóra a determinadas persoas e o seu apoio intermitente tamén a esos presidentes. Porque teño que traer aquí o exemplo de Juan Guaidó. Eu non sei se acordan del, lémbraño? En 2019, nunha declaración moi solemne, Partido Popular e Partido Socialista recoñecérono presidente, un señor que se autoproclamou presidente nunha praza. Tamén a Unión Europea o fixo, e resulta que en 2021 deixou de recoñecelo como presidente de Venezuela, e non se falou diso, e non se falou de Venezuela nin o que pasaba alí. Agora volve interesar falar de Venezuela. A vostedes o que lles interesa é aproveitarse politicamente da situación complexa que vive Venezuela, é oportunismo puro, esta moción e todas as iniciativas que levan a todas as institucións. Se a vostedes, para comezar, lles interesase algo do que pasa no mundo, estarían denunciando as guerras que hai abertas no mundo; por exemplo, desde Gaza ata o Iemen; se lles interesasen os pobos que sufren e lles interesase a paz e a seguridade internacional, estarían condenando o xenocidio televisado de Israel contra o pobo palestino, que leva asasinadas máis de 40.000 persoas desde hai un ano, morrendo de fame, sen poder vivir en paz, bombardeando hospitais, escolas, universidades, cun campo de concentración a ceo aberto que é no que están convertendo Gaza. O xenocidio feito e perpetrado por un Estado que vostedes amparan politicamente e que é un perigo para a seguridade internacional, e vimos de comprobalo moi recentemente. Se queren podemos falar tamén do que pasa noutros países de Latinoamérica, onde vostedes non poñen o foco.

E, miren, podemos falar, claro que podemos falar de Latinoamérica e podemos criticar os gobernos que queiran. Nós podemos criticar a Milei, mentres Isabel Díaz Ayuso



o condecora e se vai reunir con Santiago Abascal. Ou pode parecernos que a vitoria no seu día de Bolsonaro era un absoluto retroceso para Brasil e un perigo para os dereitos humanos e o medio ambiente naquel país. Pero unha cousa é a crítica que a cada un lle poida ofrecer cada mandatario en cada un dos países e outra cousa moi distinta é determinar desde fóra quen gaña as eleccións.

Creamos de verdade que a súa proposta non contribúe de ningún xeito a mellorar a situación política en Venezuela, e seguiremos crendo desde o BNG sempre nunha orde internacional baseada na paz, no diálogo, na cooperación e na soberanía dos pobos sen inxerencias. Votaremos en contra.

#### Sr. Fernández Piñeiro

Ben, nós compartimos parte do discurso que acaba de facer a voceira do BNG en canto a que a vostedes nin Venezuela nin os venezolanos lles importan absolutamente nada. É unha cuestión de política interna que agora utilizan para atacar o Goberno, chegando a dicir, como chegaron a dicir, que era colaborador dun golpe de Estado, casualmente en Venezuela. E é curioso que o diga Partido Popular, que si apoiou o seu Goberno no ano 2002 un golpe de Estado en Venezuela contra o presidente Chávez nunhas eleccións que tiña ganas democraticamente segundo todos os organismos internacionais.

Gustaríamos más ou menos Chávez pero dende logo gañara aquelas eleccións e era presidente electo de Venezuela por decisión dos venezolanos. España participou nese golpe de Estado naquel momento, participou, recoñecido, e só vou ler unha cousa: "La participación de España y de Estados Unidos al golpe de Estado de Venezuela. Fue un golpe de Estado cívico-militar clásico, de factura estadounidense, un golpe oligárquico de ultraderecha, la espada y el poder del dinero". E isto non o digo eu, nin o di un medio sospeitoso de ser de esquerda ou extrema esquerda, dío *El Mundo*, que é un medio bastante afín ao Partido Popular. Pois en *El Mundo* recoñécese que España participara, si, aí nese momento nun golpe de Estado contra un presidente democrático, gustaríamos más ou gustaríamos menos. Do mesmo modo que vostedes tampouco condenaron, por exemplo, cando a extrema dereita en Brasil invadiu o Congreso e as institucións gobernamentais tras ganar Lula as eleccións, e o Partido Popular todavía non condenou ese asalto. Bueno, pois parece ser que o presidente electo de Brasil non merece os mesmos respectos que un presidente que pode ser que sexa electo.

E vostede di que, efectivamente, os organismos internacionais din que non hai garantías democráticas, e é verdade, pero non din que o presidente electo sexa Edmundo González. O Parlamento Europeo é verdade que aprobou recoñecer a Edmundo González como presidente de Venezuela, pero non a Comisión, que é a institución que representa en política exterior a Europa fronte a outros países. Nin sequera o Parlamento Europeo apoiou a proposta do Partido Popular de instar os gobiernos europeos a recoñecer a Edmundo González como presidente de Venezuela.

Dito o cal, a este partido non lle gusta nada o señor Maduro e consideramos que é un sátrapa, e que efectivamente hai moitos puntos da moción que vostedes presentan que poderíamos votar, incluso se querem votalos por puntos non temos ningún inconveniente, pero loxicamente haberá que esperar e seguir facendo presión e seguir mantendo os contactos a nivel diplomático que sexan necesarios para que se poidan coñecer esas actas.

En canto ao tema da persecución da oposición, as liberdades, etc., todo iso compártimolo ao 100%, a diferenza entre vostedes e nosoutros é que nós o defendemos



sempre e vostedes non. Non fai falta ir moi lonxe; dicía vostede, e vou parafrasear: "Es una cuestión de democracia, libertad y derechos humanos". Vou quedar con esta parte de dereitos humanos. Dereitos humanos, e a Carta de Dereitos Humanos tamén recoñece o dereito dos familiares das vítimas represaliadas, en todos os países do mundo, a que por parte das administracións públicas se adiquen recursos para levantar as fosas e entregarllas os cadáveres ás súas familias, algo ao que o Partido Popular en España se nega sistematicamente e non adica recursos. Non fai falta ir moi lonxe, nesta mesma comunidade autónoma, a Xunta de Galicia non pon nin un céntimo para levantar fosas comúns de persoas que loitaron pola liberdade e a democracia non en Venezuela, nin en Ucraína, nin en Palestina, no noso país. E ademais vostedes aproban nalgúns comunidades autónomas, como Valencia ou Baleares, leis que van en contra da lei memoria histórica e democrática, que o único que pretende é pechar unha ferida entregándolle ás familias deses represaliados os seus corpos, que digo que esa non é unha cuestión ideolóxica, será humanitaria, non? Pero, claro, aí xa non son vostedes tan humanos. Ou, como ben dicía a voceira do BNG, claro, hai mortos de primeira e mortos de segunda, e ditaduras de primeira e segunda, porque, home, Sudamérica, desgraciadamente, non se caracteriza por que todas as súas democracias sexan equiparables ás europeas. Falamos de Venezuela, pero podemos falar de El Salvador, ou podemos falar doutros moitos países que, bueno, que teñen unhas circunstancia democráticas que, dende logo, poderían ser moi similares, con sátrapas como o señor Maduro, repito, á fronte deses gobernos. Polo tanto, bueno, pois podemos ser un pouco más xustos, non?, nese tipo de peticionés.

E nós, que temos o único partido aquí que leva cento e pico de anos loitando pola liberdade e a democracia, e que ten moitos compañeiros que deron a súa vida en distintas etapas da súa historia precisamente por esa tarefa e por esa loita, tamén, loxicamente, poñemos de manifesto certas contradicións, non?, unha delas é esa. E vostedes do tema de Israel e Palestina non teñen nada que dicir, de todas as persoas que escapan da guerra e da fame de ditaduras africanas e chegan ás nosas fronteiras, efectivamente, non queren que se lles dea asilo, parece que uns si e outros non. É verdade que efectivamente vostedes si que condenan a invasión rusa de Ucraína, pero non a israelí de Palestina. E é verdade tamén, hai que dicilo, que o Bloque Nacionalista Galego é un pouco máis tibio na invasión de Ucraína por parte de Rusia e é un pouco máis belixerante coa de Israel e Palestina. Bueno, pois nós somos un grupo que as condenamos todas, cando Rusia invade Ucraína, que é unha invasión na que tamén morren milleiros de persoas todos os días, na que se están destrozando as infraestruturas nun país no que ademais saben vostedes que as infraestruturas enerxéticas son fundamentais, sobre todo no inverno, e tamén o denunciamos no caso de Israel e Palestina, pero denunciámolo tamén en Venezuela e outros moitos países. A única diferenza é que este Goberno, que por certo non será sospeitoso, porque todos, a maioría dos exiliados venezolanos que pediron asilo en España foron durante este Goberno, e este Goberno recoñeceu no ano 2019, como dicía antes a voceira do BNG, o señor Guaidó. Neste caso non o fai, por que?, porque non o queira recoñecer?, non. Se foi o Goberno de España o que intermediou para que pudera vir a España, por certo, despois púidose demostrar e desmontouse esa falacia vergoñenta que utilizaron vostedes dicindo que se vía coaccionado co coñecemento do noso Goberno, e saíu o propio señor Edmundo González a decir que iso non era certo, saíu o señor Edmundo González a decir que iso non era certo, a desmentilos a vostedes, a desmentilos a vostedes nun comunicado. Foi o presidente do Goberno de España o que o recibiu, e está aquí grazas ás xestións que fixo outro presidente do Goberno de España. Polo tanto, non somos sospeitosos de non querer que haxa unha resolución democrática da situación que teñen en Venezuela, a diferenza é que a vostedes impórtalles moi pouco a situación de Venezuela e o que poida pasar alí e as consecuencias desta situación. Onte mesmo o señor Feijóo lles dicía aos empresarios españoles que teñen intereses en



Venezuela, que son moitos, que son moitos, o 70% fronte ao 20% de intereses venezolanos en España. Dicíalles que non teñan medo, que non comercien, que non negocien co Goberno de Venezuela. Bueno, espero que llelo traslade ás multinacionais españolas, que se sente con elas e que llelo diga e que marchen de Venezuela como medida de presión. Do mesmo modo que empresas catalás marcharon de Cataluña e ao Partido Popular parecía ben, bueno pois pódelles pedir iso tamén ás empresas españolas que están en Venezuela. Pero, claro, hai cuestións que si que seguramente non van a facer, porque todos xa nos coñecemos da súa dobre vara de medir.

Polo tanto, nós, que somos respectuosos coa liberdade e coa democracia e que temos loitado moito por ela ao longo de moitos tempos, que non temos ningún tipo de matiz, ningún tipo de matiz con ningún réxime antidemocrático, ningún tipo de matiz, loxicamente non imos apoiar esta moción. Poderíamos votar puntos; se quere, pódolle dicir cales podemos votar a favor, que non temos ningún tipo de inconveniente. Quizais haxa tres de todos os que presentan vostedes aquí, ou incluso dous, cos que non estariamos de acordo, polo menos na forma, non igual no fondo nalgunhas cuestións; o resto podémolos votar, pero non lles interesa nin lles vai interesar, porque vostedes queren esa chicha de agora, que se presentan vostedes como os grandes defensores de Venezuela, cando xa sabemos todos o que hai.

Nada máis e moitas grazas.

#### Sr. García Seoane

Eu vou ser breve, como sempre, pero dicilo contundentemente, como sempre. Esta moción é un panfleto oportunista para atacar o Goberno da nación, está claro. Importa pouco a situación de Venezuela, eu teño familiares en Venezuela e están alá, importa pouco a situación de Venezuela, o que importa é desgastar indubidablemente o Goberno da nación.

Xa se dixo aquí, pero eu vouno repetir: a min gustaría que algún día, neste caso o Partido Popular, trouxera mociones sobre Israel, sobre os crimes, o terrorismo e a eliminación dun pobo como está facendo neste momento Israel co pobo palestino, iso parece que non lle interesa ao Partido Popular. É un tema de interese mundial, onde nadie por culpa de los amos, Estados Unidos, que é o mesmo que Israel, e Israel é o mesmo; quen pon os presidentes de Estados Unidos?, os israelís, os poderosos israelís que están en Estados Unidos. Tanto dan burros como elefantes, son os mesmos. Por tanto, hai un medo. Logo tamén hai que dicir que teñen agarrados por esas partes nobres dos caballeros, aos grupos políticos e aos gobernantes de Europa, de Europa e doutros países, por temas de teléfonos que lles ven operacións raras, e que reservan para un momento determinado, e se dis isto, te va a pasar lo otro. Entón, todo o mundo calado. É unha marabilla, nadie se mete con el puñetero amo ni con el lacayo, en este caso de Israel. E estanse cometendo uns asasinatos tremendos. Arabia Saudí, Arabia Saudí, que impide todos os dereitos ás mulleres e masacra e fai desaparecer montóns de persoas que protestan, tamén es el dueño del dinero y hay que obedecer también al dueño del dinero, e tamén está por detrás o mesmo de antes, non?

Eu digo que me gustaría que viñieran aquí co tema de Honduras, e voume centrar en Latinoamérica, é que Honduras é unha democracia? É que Perú é unha democracia? É que Guatemala é unha democracia? É que O Salvador é unha democracia? E Arxentina é unha democracia? Alxeria é unha democracia?, que está aí cruzando o charco, a 20 quilómetros ou a 30 quilómetros da fronteira española. É que Marrocos é unha democracia? Non son democracias. Eu estiven neses sitios todos, e iso é terrorífico, como vive a xente nestes países que acabo de citar, pero, claro, cando gobernan en



España, e neste caso o Partido Popular, que gobernou e tamén o PSOE está gobermando, pero cando gobernaba, alababa estes países e nunca se meteu con estes países, e son verdadeiras ditaduras que fan desaparecer as persoas. Non é que haxa eleccións..., hai eleccións que son unha fraude total coñecida por todo o mundo, pero nadie dice nada, nadie dice nada. Está o tema do Salvador, que hai un señor aí que masacra todo o mundo, que está machacando as persoas, que non hai dereito de ningún tipo, eu non vin ningunha voz europea denunciando esta situación. E, como digo, todos estes países son perfectas ditaduras, pero nunca se lle viu ao Partido Popular presentar en ningún parlamento nada contra isto.

E non vaíamos xa ao tema da actuación que tivo o Partido Popular co expresidente Aznar no tema de Libia, masacrando a poboación. Hoxe aínda non hai Goberno en Libia, desde os bombardeos que houbo e a eliminación do líder que había alí, hoxe aínda non hai gobernos en Libia; está dividido o país en tribus, porque lle interesa, porque Libia é un dos países, o segundo, creo, do mundo que ten as reservas más grandes de petróleo e de gas. Por tanto, non interesa. Si interesa Venezuela, machacar Venezuela porque Venezuela é o primeiro país do mundo en reservas de gas e petróleo. Por certo, gas e petróleo que consome Estados Unidos, gas e petróleo que consome Estados Unidos. Pero nunca se viu que se dixerá nada diso. E xa de Irán non quero falar porque todo iso xa é touro pasado, pero lamentablemente más de lo mesmo. E isto provocárono no seu día, participaron neste caso o Goberno do PP co señor Aznar á fronte.

Por tanto, non nos veñan falar de democracia. Eu creo que podía haber unha situación mellor en Venezuela, aposte por que haxa esa situación. Creo que hai erros cometidos polo Goberno de Venezuela, non?, pero é que Venezuela, antes de Chávez e de Maduro, Venezuela era un país corrupto ata a saciedade, corrupto, podrido, e eu seino directamente pola familia. Dicíame meu tío: cando vas no coche e sacas a man pola ventanilla nun semáforo e levas un anillo, como o leves, se non sae, córtanche o dedo. Claro, ese era o país que colleu Chávez e que colleu Maduro. Esa é a situación que hai en Venezuela e, lamentablemente, en moitos outros países de Latinoamérica. Por tanto, eu está claro que non vou votar esta moción.

#### Sr. Lorenzo Torres

Vamos a ver. Me llama muchísimo la atención sus respuestas, porque aquí venimos a hablar de Venezuela, venimos a hablar de una dictadura y ustedes se ponen a hablar de otros temas que, si quieren, tráiganlos aquí a este pleno, traigan mociones y las discutimos. Yo no voy a hablar de otros temas en este momento que no sean el de la moción, que es hablar de lo que está pasando en Venezuela y defender la democracia, la libertad y los derechos humanos. Todo lo demás, ya digo, si ustedes lo tienen o ven oportuno, presenten una moción y la discutimos aquí, porque ustedes por no aprobar esta moción se ponen a hablar de otros temas.

Miren, ustedes sí que tienen una doble vara de medir, porque antes de que nos sentáramos aquí nosotros, se sentaron otras personas que venían de una dictadura, que venían de dictadura que hubo en este país y que trabajaron mucho durante esa dictadura para que hubiera después esta democracia de la que disfrutamos todos. Y esto me imagino que estarán de acuerdo conmigo. Ahora ustedes ocupan esa posición, ustedes están sentados aquí democráticamente y ante un atropello a la democracia como el que está pasando en Venezuela ustedes quieren mirar para otro lado.

Claro que nos importa Venezuela, claro que nos importa porque, primero, es un país hermano, utilizando, ya digo, las palabras de Pedro Sánchez. Es un país donde



tenemos más de 700.000 venezolanos en España, pero es un país donde hay más de 30.000 gallegos, y yo también, yo también tengo familia en Venezuela. Hay Lorenzos en Venezuela porque emigramos allí. Por eso también sé de los padecimientos del pueblo venezolano. Pero, claro, ustedes creen que esto es oportunista. ¿Por qué es oportunista? Díganme, por qué, porque allí ha habido unas elecciones y todos los organismos internacionales han dicho lo que han dicho respecto a esas elecciones y a la persecución que sufren nuestros compañeros líderes políticos por pensar distinto, amenazados, perseguidos, escondidos, ellos y sus familias. Y ustedes dicen que eso no nos importa, como demócratas nos importa, claro que nos importa y sé que a mí y a ustedes también. Entonces no entiendo esa doble vara de medir. No entiendo esa doble postura de que, por un lado siempre se levantan ustedes, alzan la voz defendiendo la democracia y los derechos humanos, y cuando hay un ataque tan grande a la democracia y a los derechos humanos, ustedes se callan.

Y podía responderles muchas cosas, pero le voy a decir una cosa, señora Veira: el primero que reconoció la reelección de Nicolás Maduro fue el Bloque. Usted habla de que no hay las actas, ¿cómo se va a reconocer al presidente Edmundo González? El Bloque, el primer comunicado, su partido, su partido, fue el primero que hizo un comunicado reconociendo la victoria del reelecto presidente Nicolás Maduro, deseándole futuro de paz y prosperidad. ¿Qué quiere que le diga? Por un lado sí y por otro no.

Y, miren, señores del PSOE, yo comprendo que su papel es difícil, todo lo que estamos viendo, lo que hemos visto del exministro Zapatero, ese servicio cómplice y esa negociación que nos avergüenza a todos. Pero usted dijo, y yo me agarro a lo que usted ha dicho, que estaría de acuerdo con alguna de las propuestas que hacemos en la moción. Yo le pediría solo una, que mañana vengan ustedes a manifestarse por la democracia acompañando al pueblo venezolano, sólo le pido esa. Hagan ustedes ese gesto de apoyo a la democracia, a la libertad y a los derechos humanos.

Y también, cuando le escuché hablar de un golpe de Estado, perdón que me revuelva, aquí el único golpe de Estado que hubo en España fue el que dio el señor Puigdemont, que ustedes amnistiaron, ese sí que fue un golpe de Estado. Y ustedes, primero, cuando no gobernaban decían que lo condenaban y cuando empezaron a gobernar, por mantenerse únicamente en el poder, no por gobernar, hicieron todo lo que hicieron, saltándose la Constitución y todos los derechos en ella reconocidos. Pero, bueno, este no es el tema que nos trae hoy aquí.

Ya digo, allá ustedes y sus conciencias. Se lo dije y empiezo y termino, perdón, como empecé. Es una moción que habla de democracia, que habla de libertad y de la defensa de los derechos de los ciudadanos, de los derechos democráticos, de la libertad de elección. Allá ustedes, si se ponen en contra y quieren mirar para otro lado. Esa posición que sepan que los retrata.

Muchísimas gracias.

Sr. Fernández Piñeiro

Home, case resulta insultante que diga vostede que o único golpe de Estado que houbo aquí foi o do señor Puigdemont, non, o único golpe de Estado que houbo aquí, un deles, foi no ano 36, que se levou por diante a vida de milhares de persoas deste país. Por tanto, vamos a poñernos un pouco en situación. Segundo, o que fixo o señor Puigdemont fixoo gobernando vostedes, non gobernando nós; foron vostedes os que non foron capaces de impedir nin sequera que se fora votar, vostedes gobernando, foron incapaces a pesar de toda a información que tiñan e de todos os anuncios de que aquilo



ía ocorrer de que ocorrera, por que?, porque querían que ocorrera, porque vostedes só fan política coa confrontación, fana agora neste caso Venezuela exteriormente, pero tamén interiormente. Claro que, si, despois o señor Feijóo reúnese cos de Puigdemont, a ver se podía sacarlle o apoio. Entón, de ocorrer iso, pasaría o mesmo que pasou co señor Pujol na súa época. Non sei se vostede percibiu cando desapareceron os gobernadores civís deste país, foi un acordo do señor Aznar co señor Pujol. Cando se transferiu, cando se transferiu a recadación de moitos impostos que recadaba o Estado neste país a Cataluña foi por decisión do señor Aznar co señor Pujol. Cando os presidentes das autoridades portuarias, que eran nomeados polo Estado, pasaron a estar nomeados polas autonomías, foi unha cesión do señor Aznar ao señor Pujol. Que nos está contando? Pero se teñen vostedes unha cara que é de formigón armado. Sexa un pouco coherente. Que nos vén contar aquí? Se a vostedes Cataluña impórtalles un pimiento, como lles importa un pimiento Venezuela, como lles importa un pimiento todo. O único que lles interesa é ter o poder polo poder, nada máis, nada máis. E, se teñen que pactar con aqueles que negan dereitos humanos, como é poder levantar unha fosa e poder entregarille o morto á súa familia, que foi asasinado por un xenocida pero, claro, ese non era xenocida, porque era un poquito más de los que nos gustan a nosotros. Hai outros aos que si lles chamamos xenocidas, e, claro, cando veñen as asociacións de vítimas do nazismo a España recibímos e aplaudimos, pobrecitos, pero en España tamén había xente mandada por ese xenocida español a campos de concentración en Alemaña, que padeceron e que pereceron neses centros de concentración. Diso tampouco falan vostedes, non lles interesa. E pactan gobernos con aqueles que defenden esa ditadura, e vén a dar aquí leccións de democracia e de liberdade aos que estamos aquí sentados. Hai que ter cara dura! Hai que ter cara dura!

E, falando de manifestacións, non sei se vai ir vostede tamén á manifestación en defensa do pobo palestino que vai haber nuns días en Santiago de Compostela. Imaxino que, tendo en conta esa preocupación que teñen pola liberdade, a democracia e os dereitos humanos, acudirán. Unicamente que, claro, que valla máis o peso dun morto nun país que noutro. Pero, dende logo, se é por volume, deberían estar na de Santiago antes que noutra. Pero iso non lles interesa.

Sinceramente, é dunha falta de... É que non encontro palabras para definir a postura do seu partido de total hipocrisia, total e absoluta, pero incluso en cuestións como esta que estamos falando de dereitos humanos. Aquí ninguén está dicindo que se apoie a Maduro, xa empecei dicindo que para nós é un sátrapa e que é o peor que lle pode pasar a Venezuela. Dicho lo cual, haberá que esperar a que alguén, algún organismo deses internacionais, diga que efectivamente quen gañou as eleccións, porque agora estamos falando do que uns din e do que din os outros. Pero a vostedes como lles interesa para confrontar, vamos a ver quen dá máis. Como o Goberno trae a España, di vostede Zapatero, pero se Edmundo González está en España grazas ás xestións que fixo o presidente Zapatero, como outros moitos que puideron saír de Venezuela grazas ás xestións do presidente Zapatero. Non sería o mesmo cando estaban vostedes, vostedes si que apoiaron un golpe de Estado en Venezuela, e iso está perfectamente contrastado. No ano 2002, o señor Aznar, golpista en Venezuela, contrastado. E iso non mo pode vostede discutir. Pois entonces consejos vendo que para mi no tengo, polo menos nesta casa de vostedes ningún.

Nada más. Moitas grazas.

Sr. Lorenzo Torres

Brevemente, mire, le voy a contestar. Que usted diga que a nosotros solo nos interesa el poder por el poder, usted no está, no, no, no ve lo que pasa en el Parlamento



español, ¿no? Que ustedes pactan, pactan con todo el mundo únicamente por mantenerse en el poder. Ya no pueden gobernar, porque no tienen esa mayoría parlamentaria y no los apoyan, solo están por el poder. Y ustedes pactan –perdón, estoy hablando yo– pactan hasta con Bildu, con aquellos que no han condenado el terrorismo y los muertos que hay en el terrorismo en la historia de este país, ustedes pactan hasta con esos por mantenerse en el poder. Aquí venimos a hablar de Venezuela, aquí venimos a hablar de Venezuela. Y ¿sabe lo que le digo? Yo no le pretendo dar lecciones a usted ni a nadie. Las lecciones las dan ustedes con su postura ante esta moción Nada más. Muchas gracias.

## **VOTACIÓN**

Votan a favor: 14 deputados/as ( PP).

Votan en contra: 16 deputados/as (9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **Sr. Presidente**

Hai unha seguinte moción do Grupo Provincial Popular sobre a ampliación e mellora da vía DP-3201 no Concello de Curtis.

### **2.Moción do Grupo Provincial Popular sobre a ampliación e mellora do vial DP-3201 no Concello de Curtis**

Desde o ano 2009, o concello de Curtis ven solicitándolle á Deputación de A Coruña a adecuación da vía provincial DP-3201, unha estrada que soporta un tráfico de vehículos lixeiros e pesados por riba da súa capacidade real, sobre todo entre os puntos kilométricos 8+400 e 11+700, debido aos estreitamentos que presenta a vía e á existencia de vivendas.

Xa, por fin, en 2019 redactouse o correspondente proxecto de ampliación e mellora do trazado, cuantificado en case un millón trescentos mil euros, proxecto que sería aprobado polo Pleno desta Deputación e incluído na décimo primeira fase do Plan de Investimentos en vías provincias de 2021, contando co respaldo dunha concreta aplicación orzamentaria.

Pese a entenderse resoltas algunas cuestiós e trámites posteriores, a tramitación do proxecto esvaiuse e nunca se chegou a licitar.

Xa a marxe de que a situación deste tramo -cun gran fluxo de vehículos e de maquinaria agrícola- é verdadeiramente crítica, a falla de execución deste proxecto afecta á credibilidade desta Deputación a aos principios de boa administración. As circunstancias ou motivos que deron lugar ao postergamento da licitación requieren explicacións e solucións, e nen unhas nem otras poden demorarse tres anos.

Así as cousas, e con independencia de que se dean as explicacións e desculpas que correspondan, urxe que a Deputación cumpra cos seus compromisos o coa súa propia e suposta planificación.

E é por iso polo que o Grupo provincial de Partido Popular somete á consideración do



**Pleno da Deputación do seguinte ACORDO:**

O Pleno de Deputación Provincial da Coruña insta ao goberno provincial a comprometerse na tramitación do proxecto anteriormente referido e a impulsar con carácter urxente o inicio do procedemento de licitación da obra.

**Sr. Ben Otero**

Gracias, presidente. Antes de tratar esta moción con todo el respeto, hay una cosa que igual entendí mal y le preguntaría al señor García Seoane si es así o no. ¿Ha dicho usted o he entendido mal que Argentina no es una democracia? ¿Ha dicho que no es una democracia Argentina? Hay también gente que dice que Oleiros tampoco lo es, yo creo que si Oleiros es una democracia exactamente igual que Argentina. Nada más. Muy bien.

**Sr. Presidente**

A ver, Evaristo. No, fuiste tú, no Gelo. Fuiste tú. Empezaste a hablar de otra cosa, estamos hablando de Curtis, una carretera en Curtis.

**Sr. Ben Otero**

Es que pensé que lo había oído mal.

**Sr. Presidente**

Bueno, pues la próxima vez estate más ágil y plantea la cuestión en la moción. Procedemos a tratar el asunto.

**Sr. Ben Otero**

Vamos a centrarnos en una cosa que es de nuestra estricta competencia y que afecta a la gestión de esta institución y que es un tema que sí podemos resolver hoy aquí, y espero que quede resuelto, un tema que viene de lejos y es lo siguiente:

Dende o ano 2009, o Concello de Curtis vén solicitándolle á Deputación da Coruña a adecuación da vía provincial DP-3201, unha estrada que soporta un tráfico de vehículos lixeiros e pesados por riba da súa capacidade real, sobre todo entre os puntos quilométricos 8+400 a 11+700 debido ao estreitamento que presenta a vía e á existencia de vivendas. Xa por fin en 2019 redactouse o correspondente proxecto de ampliación e mellora do trazado, cuantificado en case 1.300.000 euros, proxecto que se ve aprobado polo Pleno desta Deputación e incluído na 11.<sup>a</sup> fase do Plan de investimentos e vías provinciais de 2021, contando co respaldo dunha concreta aplicación orzamentaria. Pese a entenderse resoltas algunas cuestións e trámites posteriores, a tramitación do proxecto esvaíuse e nunca se chegou a licitar.

Xa á marxe de que a situación deste tramo, cun gran fluxo de vehículos e maquinaria agrícola, é verdadeiramente crítica, a falla de execución deste proxecto afecta á credibilidade desta Deputación e aos principios de boa administración. As circunstancias ou motivos que deron lugar ao postergamento da licitación requieren explicacións e solucións, e nin unhas nin outras poden demorarse tres anos.

Así as cousas, e con independencia que xa se dean as explicacións e as desculpas que correspondan, urxe que a Deputación cumpra cos seus compromisos e coa súa propia e suposta planificación.



O acordo que sometemos ao Pleno da Deputación é o seguinte:

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña insta o Goberno provincial a comprometerse na tramitación do proxecto anteriormente referido e a impulsar con carácter urgente o inicio do procedemento e licitación da obra.

Eu estiven hai tempo vendo este tramo, a situación era complexa naquel momento, a día de hoxe está moito peor aínda, o estado da vía é lamentable, por así dicilo, e a día de hoxe conta con todos os informes preceptivos. Desde logo, o que non podemos facer como institución, unha institución que no anterior Pleno quedou acreditado que a día de hoxe ou no anterior pleno había 307 millóns de euros na caixa da Deputación, 307 millóns de euros, o que non pode ser é que teñamos un proxecto dende o ano 2020 sen executar estando aprobado neste mesmo Pleno e, desde logo, as escusas que ás veces dan da falta dos informes preceptivos, etc., este é un caso concreto de descuido, ou de non prestar atención, ou de importarlle pouco o que poida pasar en Curtis. Espero que non sexa por unha cor política, porque no anterior pleno aprobamos do Plan provincial do ano 2024 unha mellora do concello de Valdoviño, en Vilaboa, nós votamos, evidentemente a favor. Pois pedimos a mesma premura, independentemente do concello quen o goberne, este é un tema que, repito, vén do ano 2020 e, por respecto aos cidadáns de Curtis, esperamos que antes deste final de ano quede este tema resolto e enfocado debidamente.

Nada máis e moitas grazas.

Sra. Rodríguez Ordóñez

Moitas grazas, señor presidente. Moi bos días a todos e a todas.

Primeiro, dicir que a intención é de resolver e, se hai que desculparse, pois tamén se fará, pero si que me vexo na obriga, señor Evaristo, de aclarar certas cousas que acaba de manifestar e que non foron así. Dende logo, non forma parte deste expediente nin de despiste, nin de olvido, nin de ningún castigo á cor política, iso en primeiro lugar.

Si que recoñeko que é un proxecto que nace no 2019, pero un dato importante: falaba das autorizacións, neste proceso houbo autorizacións que nunha primeira solicitude non son favorables, entonces tivemos que volver tramitar; houbo que facer un reformado e esa autorización á que vostede fai referencia é de marzo do 2023. Entón hai que destacar varias cousiñas: para empezar, sobre a referencia que facía sobre o orzamento, nese caixón do que vostede fala non vai isto; é dicir, este proxecto, inicialmente antes de contar coas autorizacións sectoriais, foi aprobado tecnicamente, e neste proxecto tamén cabe a necesidade de ter que iniciar un proceso de expropiación. E iso non foi feito porque houbo unha serie de trámites que así non o permitiron.

Pero, a maiores de todas esas autorizacións e da boa vontade que podemos ter dende a Deputación da Coruña, e dende logo, de preocuparnos do estado dese firme desta estrada, como nun concello máis dos 93 que ten esta provincia, tamén hai que destacar que dentro dese proxecto se recolle a corta desaparece totalmente duns plataneiros e que supoño que vostede ou vostedes coñecerán, porque de aí nesta Deputación recíbese en varias ocasións a preocupación e trasladánnos de varios veciños e veciñas por esa corta total e absoluta deses plataneiros. Entón, loxicamente, contando con que a última autorización é bastante recente e, repito, non hai todavía unha aprobación definitiva, porque tivemos e nos vimos na obriga de facer un modificado, tamén nese tempo, pois nos trasladan esa preocupación, esa preocupación que, loxicamente, desde o noso departamento estamos a estudar e que de aí tamén quero



anunciar, e o dixen así no último pleno, nos puxemos en contacto co alcalde, temos unha visita xa concertada e cos técnicos da Deputación temos xa unha visita con data ao Concello. Xa puido terse celebrado, pero por motivos de axenda por parte do Concello non puido ser e o próximo mércores acudiremos alí, pero acudimos alí para coñecer un problema que non só, para nós desde logo é un problema técnico, pero tamén, a maiores, un problema medioambiental. Entendemos que facer esa corta e desaparezan totalmente eses plataneiros nos preocupa.

Entón non é non facer a obra, non pensar que non sexa necesaria, sen lugar a dúbida. Somos coñecedores do estado do firme, é necesaria unha poda profunda e absoluta, que hai que recoñecer que hai moito que non se fai, e ampliar esa vía e mellorar e garantir, sobre todo, esa senda peonil que se solicita dende o Concello entendemos que si é necesario. Entón eu creo que é preciso un novo enfoque técnico, que, dende logo, nos ofrecemos e así xa quedou confirmada esa visita para que cos técnicos e co Concello de Curtis poidamos ver *in situ* esa mellora desa obra, pero eu creo que si temos que ter a sensibilidade de poder corrixir e non, desde logo, sacrificar toda esa plantación que agora mesmo temos alí, creo que esa protección natural, esa sensibilidade a debemos ter.

Entón, ofrézome unha vez máis, fíxeno con vostede, fixémolo co alcalde de Curtis, visitaremos, verémolo para poder, quizás, si, loxicamente facer unha mellora, levar a cabo esta mellora que é necesario, pero quizás ter en conta esa sensibilidade e ver, en consonancia co Concello, que é o que coñece de primeira man as necesidades, pero facelo tamén con esa sensibilidade que creo que merece, sobre todo no tramo onde están estos plataneiros. Polo tanto, sigo quedando á disposición, teremos esa visita no Concello nos próximos días e seguiremos con toda esa preocupación para esta mellora nesta vía provincial. Moitas grazas.

#### Sr. García Seoane

Ben, eu sempre estiven a favor e estarei de que a Deputación invista moitos cartos en mellorar as estradas da provincia, aquelas que son dela, non só as carreteras, senón as beiravías, dotando beiravías onde está a poboación, e seguirei nesa liña. Eu creo que, a min se me explicou o outro día o proxecto, e eu creo que no tramo dos plataneiros, que é un tramo de 300 metros, que habería que facer unha expropiación paralela á carretera, con toda a urxencia que fora posible, e desviar o tramo, deixar os plátanos como están, porque sería un crimen ecolóxico e facer paralelamente esa expropiación para levar a carretera ata esa industria que ademais é tan importante no municipio de Curtis.

#### Sra. Veira González

Simplemente sinalar que desde o BNG entendemos esa preocupación que hai para ampliar esa estrada da Deputación, que ademais é unha petición moi relacionada coa cooperativa que hai alí moi cerca e que dá, un pouco, servizo dalgunha maneira a esa cooperativa, que hai aí un tráfico pesado que necesita que esa estrada sexa segura. E este Goberno da Deputación vai apostar por unha ampliación da capacidade da estrada da Deputación, da estrada provincial, pero hai que garantir tres cousas: o aumento da capacidade da estrada, ao mantemento dese patrimonio natural que son os plataneiros e que, bueno, pois co proxecto tal e como está, que vostedes queren que se manteña e que se licite, pois non se mantería ese patrimonio natural, e nós entendemos que hai que conciliar o aumento da capacidade da vía co mantemento do patrimonio natural coa seguridade viaria tamén para os peóns, e coa solución que achegaba Gelo agora cremos que se poden conciliar as tres cuestións e cremos que ademais é o que mellor atende



todas as necesidades do concello de Curtis e desa zona en concreto, porque si que é certo que existe unha preocupación por parte da veciñanza dese concello pola destrucción que podería supor este proxecto de tantas árbores nesa contorna. Polo tanto, cremos que tal e como está a moción, que di que "Se insta o Goberno provincial a comprometerse na tramitación do proxecto anteriormente referido e impulsar con carácter urgente o inicio do procedemento de licitación da obra", iso non pode ser porque se está redefinindo o proxecto, xa digo, coa finalidade de poder conciliar as tres cuestiós que xa mencionei. Nada más.

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente. Yo tengo la sensación de que no han visto el proyecto después de las modificaciones establecidas por el informe de Patrimonio. Es decir, el nuevo proyecto contempla el ancheamiento y posterior plantar nuevos plataneros, sí, sí, claro que lo contempla, es un compromiso del alcalde de Curtis. Pero, fíjese, hay una cuestión que es notable en esta cuestión, en este asunto: unos vecinos llamaron hablando y diciendo que los plataneros eran vitales; en el minuto en que los vecinos se ponen en contacto con ustedes, y a ustedes eso les genera una preocupación, que yo entiendo que puede ser una preocupación, lo suyo, entiendo yo –bueno, creo yo, yo soy medio extraño en estas cosas–, si yo fuera el diputado de Obras, automáticamente llamaría al Alcalde de Curtis poniéndole en conocimiento de esta cuestión que me están sugiriendo los vecinos de Curtis, porque entiendo yo que la Diputación de A Coruña con quien tiene que hablar directamente es con los administrados, que son los ayuntamientos bajo el paraguas de esta Diputación. No tiene sentido que le demos validez a lo que digan una serie de vecinos y no hablemos con los representantes públicos de Curtis, que en este caso es su alcalde, que lleva desde el 12 de agosto pidiendo una cita, y tengo aquí el justificante del SIR, que se lo puedo facilitar después con la diputada de Obras, y no ha sido recibido, que se le llama justamente dos horas después de registrar nosotros esta moción para quedar con él. Perfecto, si esta moción vale para solucionar este problema, bendito sea Dios, yo encantado de la vida, pero es así. Veamos el proyecto nuevo, veámoslo con el alcalde, no lo hable usted conmigo, háblelo con el alcalde y dígale, oiga, ¿este proyecto que usted me plantea contempla la plantación de nuevos plataneros? Porque, claro, yo veo que ha llegado la sensación medioambiental o la sensibilidad, perdón, la sensación, la sensibilidad medioambiental con usted, señora Fernández, Rodríguez, perdón Rodríguez, ha llegado con usted, su antecesor era un malvado antimedioambiente, una persona, por cierto, le mando un afectuoso saludo al señor Pequeño, con el que puedo decir con claridad que le tengo gran afecto personal, a pesar de sus errores constantes políticos, por su ideología, me refiero. Fuera la chanza, oiga, el señor Pequeño, en el año 2021, en la DP-507 Armentón-Antobre se cargó todos los plataneros de los dos lados de la vía para generar un ancheamiento y mejora de la seguridad vial. Hubo vecinos que protestaron y no estaban de acuerdo con cortarse los plataneros. A día de hoy están encantados porque tienen mayor seguridad para circular por esta vía.

Mire, vamos a ser un poco serios, vamos a decir, oye, pues este este proyecto se nos ha ido quedando; pues, la verdad, tienen razón en Curtis, hubo un modificado, vamos a hablar con el alcalde y vamos a ejecutar lo antes posible un proyecto necesario para Curtis, no para el alcalde, para los vecinos de Curtis y para los usuarios que van a esa cooperativa, que son muy numerosos. Y yo de verdad les agradecería que hagan prosperar esta moción, bien apoyándola directamente o absteniéndose, porque así prosperaría y de alguna manera quedaría el compromiso político de la Diputación para mejorar una obra muy necesaria para estos vecinos afectados. Nada más y muchas gracias.



### Sr. Rodríguez Ordóñez

Simplemente douos detalliños: primeiro, si é certo o desa solicitude, pero bueno, vostedes mesmos din agosto, é dicir, loxicamente eu vou acompañada dos técnicos para coñecer un proxecto que xa vén de antes, que eu non coñecía, loxicamente, e é agosto e hai 15 días que intentamos xa coordinar unha cita. Home, estamos falando de agosto, entón eu creo que a vontade, ademais falou comigo persoalmente, e dunha maneira marabillosa, o señor alcalde, intentamos poñer a cita. Eu creo que, non rematado áinda setembro, ter esa cita e, contando que estamos co mes de agosto, eu creo que é importante.

Acaba de facer unha comparación que non lle pudo responder, señor Evaristo, de verdade, porque me está falando de algo que non coñezo e entón, polo tanto, co maior respecto ao meu antecesor, sen lugar a dúbida, pero non coñezo. O que si coñezo estudei a esas consultas e coñezo o proxecto, ademais teño unha copia aquí comigo e eu coñezo cada circunstancia e esas plantacións, pois cada situación pode ser diversa. Neste caso o que si contempla este proxecto é retirar toda esa tala e as propias raíces de toda esa... que eu creo, sigo dicindo que deberíamos ter unha sensibilidade, porque hai opcións de manter ese espazo, esa plantación existente mantela e non arrancar todo e colocar 100 carballos máis, tal como figura no proxecto, así o teño aquí, acabo de lelo, ademais, para corroborar e comprobar se estou no certo; entón, creo que, podendo evitalo, porque esa senda ademais, comparto totalmente o que dixo o señor Gelo hai un momentiño, a senda é posible, é dicir, aquí non se iniciou un proceso de expropiación por esos detalles técnicos. Tamén un detalle: o último informe que temos deste expediente é de decembro do 2023, e tomamos posesión, houbo un cambio creo que de Corporación. Creo que hai que ter un pouquín todo en conta, e todo o que pasou e cando me comunican esta preocupación por parte da veciñanza. Creo que é un cúmulo de circunstancias reais, creo que non deben soar a escusa, porque dende logo non é a nosa intención, repito, e ratifico o que dixen antes, que é necesario melloras, pero creo que ás veces hai que estudar as cousas, ben as autorizacións e a parte técnica, pero tamén hai que contar co patrimonio e con todo o que temos no noso territorio, e hai veces que podemos convivir. Se neste espazo podemos convivir co existente e loxicamente damos esa mellora a ese vial, que comparto tanto para esa industria e todo o que poida, todo o tránsito que poida ter esa carretera, sen lugar a duda a maior vontade, pero eu creo que hai que ter en conta o que acabo de dicir. E un matiz: aquí na propia moción o que piden de carácter urgente é o inicio do procedemento da licitación da obra. Non podemos licitar a obra cando está sen aprobar, e está sen aprobar por motivos que acabo de mencionar, está sen aprobar de maneira definitiva; polo tanto, non hai consignación presupostaria, vale? Non podemos licitar unha obra cando non ten a disponibilidade de terreos porque non hai áinda un proceso expropiatorio iniciado, entón non podemos licitar. Entón non vamos en contra da obra. A nosa postura neste voto vai ser en contra do que vostedes piden aquí, non en contra da obra, porque o compromiso, volvo dicilo, será unha visita que xa está, como dixen, coordinada no propio, no campo, porque eu creo que é onde mellor se ven as cousas, sobre todo as obras a pé de campo, que é onde mellor se ven, aí as veremos e esos detalles que debamos modificar, pero si estaremos e teremos toda a vontade, pero si dende logo o faremos tendo en conta todo o que acabo de mencionar, pero dende logo o noso compromiso será poder actuar neste vial á maior brevidade posible e, dende logo, tamén o meu compromiso de poder redactar definitivamente esos cambios que se vaian facer alí. De acordo? Moitas gracias.

### Sr. Presidente

Si. Procedemos á votación.



## VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados/as (PP).  
 Votan en contra: 15 deputados/as (9 do PSOE e 6 do BNG)  
 Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

### Sr. Presidente

O seguinte punto é unha moción que presenta o Grupo Provincial do PSdeG-PSOE relativa á eliminación das peaxes das autoestradas galegas AG-55 (A Coruña-Carballo) e AG-57 (Puxeiros-Val Miñor).

### **3.Moción que presenta o Grupo Provincial do PSdeG-PSOE relativa á eliminación das peaxes das autoestradas galegas AG-55 (A Coruña - Carballo) e AG-57 (Puxeiros - Val Miñor)**

En Galicia, actualmente, en materia de estradas, os galegos e galegas vémonos obrigados a pagar peaxes en catro autoestradas : na AP-9 e AP-53 competencia do Estado e nas autoestradas autonómicas AG-55 e AG-57.

No relativo a AP-9 as peaxes actuais son consecuencia da decisión do governo de José María Aznar que no ano 2000 prorrogou a concesión ata o 2048. De non terse producido esta última prórroga por 25 anos esta autoestrada xa estaría libre de peaxes dende agosto de 2023.

Os gobernos de Pedro Sánchez iniciaron, en 2021, un camiño de bonificacións para a AP-9 que significou un importante aforro paulatino para os galegos e as galegas.

O Goberno da Xunta de Galicia tivo que reaccionar en 2021, ás bonificacións da AP-9, aprobando bonificacións na AG-55 e AG-57, pero non sendo estas equiparables ás implantadas polo Goberno do Estado.

O grupo asinante desta moción aposta sempre polo avance cara á gratuidade, tanto na AP- 9 como na AP-53, para corrixir a nefasta decisión do governo do PP de Aznar, co silencio cómplice do governo popular na Xunta de Galicia, de castigarnos con peaxes na AP-9 ata 2048.

Tamén aposta de forma decidida pola transferencia da AP-9 a Galicia.

Hoxe, seguimos nesa reivindicación e valoramos positivamente os esforzos do Goberno Central na ampliación das bonificacións que deben ter o obxectivo final de chegar á gratuidade nas autoestradas de peaxe dependentes do Estado.

Se dende o governo da Xunta de Galicia, se mostran de acordo nestas reivindicacións, é evidente que o governo de Rueda debe ser coherente e iniciar de inmediato todas as accións necesarias para conseguir a eliminación das peaxes nas autoestradas AG-55 (A Coruña-Carballo) e AG-57 (Puxeiros-Val Miñor), das que é titular a Xunta de Galicia, e tamén nelas conseguir a gratuidade.

Por todo o sinalado anteriormente, propoñemos ao Pleno desta corporación Provincial a adopción dos seguintes



## **ACORDOS:**

PRIMEIRO: O Pleno da Deputación Provincial insta á Xunta de Galicia a que inicie de inmediato todas as accións necesarias para conseguir a eliminación das peaxes nas autoestradas AG-55 e AG-57, de titularidade autonómica.

SEGUNDO: Dar traslado desta moción e dos seus acordos á Mesa do Parlamento de Galicia e aos Grupos Parlamentares do Parlamento de Galicia.

### Sr. Fernández Piñeiro

Ben, a todos e todas non se nos escapa a necesidade de ir avanzando na supresión de todas as peaxes, non só das peaxes que dependen do Goberno de España, do Estado, senón tamén aquelas de titularidade autonómica. Longo e tendido temos debatido neste salón de plenos sobre esta cuestión, é verdade que más habitualmente centrados na AP-9, sobre todo nesa autoestrada estatal, na que efectivamente, pois xa hai aprobadas por parte do Goberno unha serie de bonificacións, etc., como tamén hai algunas estradas autonómicas, pero en todo caso tendo en conta que, como é compartido por todos os grupos, as peaxes gravan as viaxes e gravan tamén, loxicamente, o transporte de mercadorías, que ao final repercuten na cidadanía e prexudica a mobilidade, pois entendiamos que era necesario dende aquí, partindo desa visión conxunta de todos e todas, entendo, porque o Partido Popular a ten amosado, polo menos naquelhas estradas que dependen do Estado, entendo que nas que dependen da Xunta de Galicia opinará exactamente o mesmo, non?, porque gravan exactamente os galegos igual que as que son de carácter nacional, polo tanto estatal. Polo tanto, desde ese punto de vista, presentamos esta moción, que se centra na AG-55 e na AG-57, cos seguintes puntos de acordo:

O primeiro deles é que o Pleno da Deputación inste a Xunta de Galicia a que inicie de inmediato todas as accións necesarias para conseguir a eliminación das peaxes nas autoestradas AG-55 e AG-57 de titularidade autonómica.

E segundo, dar traslado desta moción e dos seus acordos á Mesa do Parlamento de Galicia e aos grupos parlamentares do Parlamento de Galicia.

Polo tanto, repito, é unha demanda que debería ser compartida por todos, porque, independentemente de de quen sexa a titularidade das autoestradas, todos compartimos que é necesaria a supresión desas peaxes e, polo tanto, esperamos poder contar co apoio de todos os grupos na aprobación desta moción. Moitas grazas.

### Sr. Caamaño López

Presidente, deputados e deputadas, bo día. Esta é unha moción sorprendente, non tanto pola demanda, que é moi lexítima, senón por ser precisamente o Grupo Socialista quen a presenta, porque trae aquí esta solicitude de gratuidade das peaxes autonómicas cando, por outro lado, pois non é capaz de manter esta mesma demanda en Madrid, onde goberna o seu Partido. Solicitan a gratuidade das dúas únicas autoestradas galegas que teñen peaxe, cando vostedes mesmos non foron capaces de levar adiante ni un só quilómetro de autoestrada en Galicia libre de peaxe, cando non foron capaces de exixirle ao Goberno central bonificacións para a AP-53, que é a única autoestrada nacional onde non se aplica ningún tipo de bonificación e cando foi o seu grupo o que se abstivo na votación da iniciativa presentada na Cámara para demandar unha AP-9 galega e libre de cargas. O PSdeG votou a favor da aprobación da toma en consideración da proposición de lei para a transferencia da AP-9 a Galicia, pero abstívose no debate da



proposición non de lei que levou o BNG ao Congreso dos Deputados, cualificando o debate de teatrillo ao que non se ían prestar.

E, por outro lado, o Goberno da Xunta de Galicia foi o primeiro e o único que aplicou descontos nas autoestradas autonómicas que xestionava. De feito, Galicia ten as autoestradas autonómicas coas peaxes más baixas de España grazas ás bonificacións que se veñen aplicando dende 2010. Por segundo ano consecutivo, conxeláronse as peaxes das dúas autoestradas autonómicas, A Coruña-Carballo e a de Vigo-Baiona, que é unha medida á que se destinan 5 millóns e medio de euros neste ano e que beneficia a case 30.000 usuarios cada día. Ademais, incrementáronse nun 70% as novas estradas libres de peaxe, que permiten que 8 de cada 10 galegos vivan a menos de 15 minutos dunha vía de altas prestacións. É dicir, en Galicia pasa xusto o contrario do que pasa coas autoestradas xestionadas polo Estado, a AP-9 e a AP-53, que son das autoestradas de competencia estatal más caras de toda España.

E non me vou deter nos datos porque sempre dirán e volverán a decir que eses datos non sei que, os datos sempre teñen un problema de interpretación que os filósofos alemáns da teoría do valor sempre dicían que hai unha tensión entre datos e ideoloxías; valores, podemos decir, ideoloxías, que son as que normalmente fan que os datos poidan ser facilmente manipulados, pero os datos son os que son. En calquera caso, resulta chamativo que sexa o Grupo Socialista o que veña a esta Cámara a pórle deberes á Xunta cando seguimos soportando a discriminación e o tratoinxusto por parte do Goberno central. En definitiva, seguimos a sufrir un agravio comparativo con respecto a outros territorios e seguen sen cumplirse moitas das promesas e dos compromisos asumidos polo Goberno co Plan Galicia, por exemplo, no caso da AP-9.

Mentres chega esa transferencia, que hai tempo que levamos pedindo, seguiremos exixindo que se cumpran os compromisos adquiridos tanto polo PSOE como polo BNG, eses compromisos que se prometeron a implantar, como pode ser a gratuidade das peaxes das autoestradas estatais, AP-9 e AP-53. Moitas grazas.

#### Sra. Veira González

Moitas grazas. Ben, concordamos, creo que todas e todos, en que a AG-55 e AG-47 son vías imprescindíbeis para a vertebración de cada un dos territorios nos que inflúen, da súa relación tamén, incluso, coa área metropolitana da Coruña e coa área metropolitana de Vigo no segundo caso, pero eu voume centrar, por cuestións obvias, na AG-55.

A AG-55 é importantísima para o transporte e para as comunicacóns de toda a Costa da Morte e para o seu desenvolvemento económico, ademais de para apuntalar o seu futuro. É unha comarca que, dalgún xeito, esmorece, que perde poboación e servizos, en gran parte polas políticas da Xunta de Galiza porque por un lado gábase de impulsar leis como a lei de impulso demográfico pero, por outro lado, fai oídos xordos noutras políticas imprescindíbeis para fixar poboación e ofrecerlle futuro á ciudadanía galega. Estamos a falar dunha autoestrada que a Xunta de Galiza, sustentada polo Partido Popular, se nega a rematar, e así o fai en sede parlamentaria, recoñecendo que o que se vai facer a partir de agora é un corredor, áinda que se teña orzamentada a obra de remate desta autoestrada. É unha auténtica afrenta o que lles fan vostedes á propia comarca da Costa da Morte, ás veciñas e aos veciños, que seguen a sufrir a discriminación do Partido Popular desde o ano 2009, ou antes, incluso, porque esta autoestrada foi prometida a raíz da catástrofe do *Prestige* en pleno 2003.

Desde o BNG levamos anos defendendo a gratuidade da AG-55, porque é unha



autoestrada que tamén é unha oportunidade económica para a Costa da Morte, mais o Partido Popular négase sistematicamente no Parlamento de Galiza a votar a favor destas iniciativas que leva o Bloque Nacionalista Galego. Nin sequera, nin sequera cando foi a crise de prezos ou o momento máis álxido da crise de prezos. Miren, a Costa da Morte precisa que se remate por unha parte a AG-55, pero tamén necesita efectivamente que a súa autoestrada sexa gratuita, como o son outras autoestradas galegas, e non unhas bonificacións irrisorias desde as 12 da noite até as 6 da mañá, que habería que ver a quen beneficián.

Nesta proposta da AG-55 e da AG-47 por motivos análogos, sempre van atopar o Bloque Nacionalista Galego, do mesmo xeito que nunca nos movemos do noso obxectivo de exixir a transferencia e o rescate da AP-9. E aquí a nosa discrepancia coa exposición de motivos e o motivo –valla a redundancia– de por que non asinamos esta moción.

Miren, vou falar en primeiro lugar, xa que tamén o mencionou o Partido Popular, vou falar en primeiro lugar do rescate. Miren, é realmente, non sei, de ter moita valentía, por dicilo amabelmente, que falen vostedes da AP-9, señores do Partido Popular, e tamén o Partido Socialista tería algunha cuestión que matizar. Mire, mentres o Partido Socialista critica nesta moción a prorroga de Aznar, obvian que o Goberno do Estado español foi defender a Europa esa mesma prorroga. A decisión do señor Aznar, di a Comisión Europea actualmente, tomouse para aumentar o valor da autoestrada de cara á súa posterior venda, porque tamén cómpre lembrar que era pública, Audasa era pública, e agora a AP-9 está en mans de a saber que fondo de investimento de a saber que país.

A Comisión Europea está dicindo que unha decisión do Goberno do Partido Popular que tomou a determinación de prorrogarlle a concesión da AP-9 até o ano 2048, sen esa decisión hoxe en día a AP-9 xa estaría libre de peaxes. Decidiron prorrogar esa concesión, a Comisión Europea agora dilles que é ilegal, o Partido Socialista vai a Europa a dicir que non, que está ben esa prorroga, non? Mentre, ao Partido Socialista non lle treme a man e non lle tremeu a man en rescatar as radiais madrileñas que hoxe en día suman unha factura de 3.500 millóns de euros, trémelle absolutamente a man, e pon escusas para non rescatar a AP-9 e din que, claro, é que 4.000 millóns de euros son moitos cartos para rescatar unha autoestrada galega que, ademais, pois, en fin, é vital para este país. Rescate das radiais madrileñas para pagarles a empresas construtoras por unhas vías que ademais non tiñan ingresos apenas por apenas ter usuarios, si; rescate da AP-9 cunha prorroga ilegal, volvo repetir, e unha decisión tomada polo Partido Popular, e hoxe defendida polo Partido Socialista en Europa, que vertebral unha parte moi importante do territorio galego, o 60% da poboación galega e da nosa actividade e é unha parte importantísima nosa actividade económica, iso non, o Partido Socialista por aí non pasa. Iso chámase discriminación, ou centralismo, ou discriminación e centralismo todo xunto. Porque, mentres nesta moción o Partido Socialista se gaba das bonificacións, esas bonificacións non estarían nunca enriba da mesa do presidente do Goberno do Estado se non fose polo Bloque Nacionalista Galego, non foi iniciativa de ningún outro deputado galego nin do Partido Popular cando gobernaba o Partido Popular, nin do Partido Socialista mentres gobernou o Partido Socialista, está enriba da mesa de Pedro Sánchez porque o Bloque Nacionalista Galego así o puxo enriba da mesa a cambio da investidura do presidente do Goberno. Esa é a realidade; sen o condicionamento do BNG non habería bonificacións. Porque nos anos anteriores, efectivamente, en que PP e PSOE gobernarón sen precisar de nós, nunca se puxeron enriba da mesa esas bonificacións. A sociedade galega ten claro ademais non só onde vai estar o BNG en canto ao rescate, senón tamén en canto á transferencia.

Miren, eu creo que aquí tamén había moito que calar, porque foi o Bloque Nacionalista Galego quen lle propuxo ao Parlamento galego impulsar a iniciativa



lexislativa para presentar no Congreso dos Deputados e, moi decididos, o Partido Popular de Galiza e o Partido Socialista votaron a favor, ai, pero logo chegamos a Madrid.

E, miren, o que lles contarei a continuación seguro, seguro que lles sorprende moiísimo e seguro que non o teñen moi presente. Miren, en 2016, o Partido Popular vetou a proposta e o debate da transferencia da AP-9, sendo a presidenta do Congreso naquel momento Ana Pastor. En 2017, exactamente o mesmo, vetouse a proposta e vetouse o debate. En 2018, xa con Pedro Sánchez na Moncloa, entrou na Cámara Baixa e foi pedindo prórrogas e prórrogas e prórrogas para o debate, de maneira que ao final acabou decaendo en 2023 coa convocatoria das eleccións ao Congreso dos Deputados, e agora volve en 2024. Desde logo, o que non se pode admitir de ningunha das maneiras é esta aldraxe e esta discriminación para Galiza en canto á AP-9, e o que fai falta é, primeiro, tomar decisións valentes en canto á AP-9, que impliquen o seu rescate e a súa transferencia a Galiza e, desde logo, fai falta tamén valentía política para rematar a AG-55, para impulsar a súa gratuidade e, de maneira paralela, facelo tamén coa AG-47. Pola nosa banda, nada máis.

#### Sr. Fernández Piñeiro

Bueno, en primeiro lugar gustaría lembrarles aos dous voceiros do BNG e do Partido Popular que estamos no Pleno da Deputación Provincial da Coruña, non estamos no Pleno do Parlamento de Galicia nin no Congreso dos Deputados, e que este grupo no Pleno da Deputación da Coruña, que é onde presenta esta moción, se ten manifestado en moitas ocasións con distintos gobiernos, gobernando o Partido Popular de Mariano Rajoy, e gobernando o Partido Socialista con Pedro Sánchez, a favor, a favor da supresión das peaxes da autoestrada AP-9.

Empezando polo último, a compañeira do BNG, hai que ser un pouco más exhaustivos cando se aportan datos. As autoestradas madrileñas ás que vostede fai referencia estaban en quebra, polo tanto, co rescate, a concesionaria non ía levar ningún beneficio. As autoestradas galegas hai que rescatalas en base aos beneficios que acada Audasa, esa é a gran diferenza entre unhas e outras, e iso non é centralismo, iso chámase, primeiro, que a situación é diferente e, outra, que é unha cuestión de xestión. O custo ía ser moito más elevado porque é unha indemnización sobre os beneficios, que non é o caso madrileño, que estaban en quebra.

E despois chama a atención que faga vostede un relatorio temporal sobre todo acontecido nesta autoestrada pero, claro, se imos facer todo o relatorio sobre a postura dos nosos grupos, digamos noutros ámbitos, vostedes pasaron da navallada a Galicia de que non querían unha autoestrada, a pedir agora que sexa gratis. Se naquel momento as autoridades do Goberno de España lles fixeran caso a vostedes, seguiríamos indo a Vigo por unha estrada nacional, polo tanto, levaríamos chegar a Vigo, aproximadamente, unhas tres horas e media, fronte á hora que nos leva agora. Por tanto, se imos a falar de coherencia e de posicionamento sobre as autoestradas galegas, será bo que vostede, no momento en que fai ese relatorio temporal, fale tamén do que dicía o seu partido: "navallada a Galicia"; estaban en contra, manifestábanse en contra da autoestrada. Tamén é certo que, bueno, que hai uns anos vostedes estaban a favor dos eólicos e agora están en contra ou que, por exemplo, están en contra da enerxía térmica no caso das térmicas, en xeral, pero despois maniféstanse para que non pechen a térmica das Pontes. Se todos aquí e todas, dende os grupos, non os grupos que estamos aquí sentados –eu sei cal é a súa posición e a dalgúns dos compañeiros que hai aquí–, os partidos todos teñen, todos teñen determinados momentos e determinados asuntos nos que hai contradicións, vostedes tamén, vostedes tamén, no tema das autoestradas e noutros moitos temas que lle acabo de poñer agora sobre a mesa, se quere, podo falar



dalgún máis. Polo tanto, vamos ser un pouco más serios e centrar o debate onde estamos. Esta é unha moción que presenta o Partido Socialista representado na Deputación Provincial da Coruña e nada máis.

Porque, bueno, o mesmo llo digo ao compaño do Partido Popular, é dicir, cando gobernaba Mariano Rajoy ou José María Aznar, non falaban de nada disto da transferencia, por que non lla pediron a Aznar ou a Rajoy? Porque ata o ano 2018 gobernaba Rajoy, pois tamén lle puido pedir a transferencia da AP-9, cousa que non fixeron. Puido ter Mariano Rajoy aprobadas bonificacións á AP-9 ou o señor Aznar, cousa que non fixo. O primeiro Goberno que aproba bonificacións por importe de 55 millóns de euros anuais desta autoestrada é o Goberno socialista. Efectivamente que estamos lonxe de conseguir ese obxectivo, que parece ser que todos e todas compartimos, de que se transfira a Galicia e de que sexa gratuíta, que é o que me importa; eu non teño ningún interese en transferila a Galicia, eh? É mais, eu prefiro que sexa gratuíta e siga sendo do Estado, para que paguen eles o mantemento. Bueno, vostedes prefiren que sexa galega, pois, nada, perfecto. Seguramente prefiren que sexa galega, pero despois pediranlle ao Estado que lle transfira á Xunta os recursos para poder mantela, lóxicamente nunha contradición máis, falando de contradicións, que é o que non nos fan por exemplo aos concellos con aquellas competencias improprias. Sería bo que a Xunta de Galicia tivera a mesma sensibilidade, e aquellas competencias improprias que asumimos os concellos en Galicia que son deles, pois aplicase a mesma norma de solicitarlle a aquel, ou entregarlle a aquel que a asume os recursos necesarios para desenvolvella. Pero iso é outra cuestión.

Polo tanto, aquí o que estamos a pedir, más alá de todo este relatorio que acaban de facer vostedes dous, é que a Xunta suprima as peaxes nesas dúas autoestradas que son da súa competencia, punto. Todo o demais podemos debatelo, pero hai, desde logo, feitos que son, dende calquera punto de vista que o miremos, incontestables, como é ese de que acabo de falar das bonificacións. Estamos lonxe dos obxectivos, seguiremos camiñando, pero xa vamos avanzando.

E dicía a señora Veira “é que ningún deputado galego propuxo iso en Madrid”; non, porque nós cando goberna o noso partido non temos necesidade facer as propostas aos deputados, é que temos fío directo co Goberno de España, como é lóxico. Polo tanto, o noso partido en Galicia tamén ten solicitado, sen chegar a facelo a través do Parlamento, pois esas bonificacións primeiramente e despois a supresión das peaxes, aí non somos sospeitosos. Pero en todo caso, repito, estamos na Deputación Provincial da Coruña, non estamos nin no Parlamento de España, nin no Parlamento galego.

E, home, é verdade que falen vostedes da AP-9 que acabo de dicir agora, pero, bueno, todos sabemos quen ampliou esa concesión, con todos os matices que efectivamente se puxeron despois sobre a mesa, e que seguramente moitos deles, a pesar de que foron decisións tomadas polo meu partido, eu e moitos dos compañeiros que estamos aquí sentados non compartimos porque, home, non somos borregos, somos militantes e, polo tanto, podemos tamén ter unha visión crítica, ás veces, das decisións que adopten as nosas formacións políticas.

Espero escutar o mesmo, polo menos altura de miras, do resto de grupos a ese respecto. Polo tanto, bueno, pois do Partido Popular espero que apoie esta moción para que os galegos e as galegas non sufran os custos derivados desa autoestrada, e o BNG tamén que apoie, benvido nesta nova modalidade de estar a favor das autoestradas, que sempre é bo e positivo, como algúns xa mantinhamos hai moitos anos cando se iniciaron as obras para que puideramos disfrutar de autoestradas en Galicia. Nada máis e moitas grazas.



## VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 14 deputados/as (PP)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

**"Moción que presenta o Grupo Provincial do PSdeG-PSOE relativa á eliminación das peaxes das autoestradas galegas AG-55 (A Coruña - Carballo) e AG-57 (Puxeiros - Val Miñor)**

En Galicia, actualmente, en materia de estradas, os galegos e galegas vémonos obrigados a pagar peaxes en catro autoestradas : na AP-9 e AP-53 competencia do Estado e nas autoestradas autonómicas AG-55 e AG-57.

No relativo a AP-9 as peaxes actuais son consecuencia da decisión do goberno de José María Aznar que no ano 2000 prorrogou a concesión ata o 2048. De non terse producido esta última prórroga por 25 anos esta autoestrada xa estaría libre de peaxes dende agosto de 2023.

Os gobernos de Pedro Sánchez iniciaron, en 2021, un camiño de bonificacións para a AP-9 que significou un importante aforro paulatino para os galegos e as galegas.

O Goberno da Xunta de Galicia tivo que reaccionar en 2021, ás bonificacións da AP-9, aprobando bonificacións na AG-55 e AG-57, pero non sendo estas equiparables ás implantadas polo Goberno do Estado.

O grupo asinante desta moción aposta sempre polo avance cara á gratuidade, tanto na AP- 9 como na AP-53, para corrixir a nefasta decisión do goberno do PP de Aznar, co silencio cómplice do goberno popular na Xunta de Galicia, de castigarnos con peaxes na AP-9 ata 2048.

Tamén aposta de forma decidida pola transferencia da AP-9 a Galicia.

Hoxe, seguimos nesa reivindicación e valoramos positivamente os esforzos do Goberno Central na ampliación das bonificacións que deben ter o obxectivo final de chegar á gratuidade nas autoestradas de peaxe dependentes do Estado.

Se dende o goberno da Xunta de Galicia, se mostran de acordo nestas reivindicacións, é evidente que o goberno de Rueda debe ser coerente e iniciar de inmediato todas as accións necesarias para conseguir a eliminación das peaxes nas autoestradas AG-55 (A Coruña-Carballo) e AG-57 (Puxeiros-Val Miñor), das que é titular a Xunta de Galicia, e tamén nelas conseguir a gratuidade.

Por todo o sinalado anteriormente, propoñemos ao Pleno desta corporación Provincial a adopción dos seguintes

### **ACORDOS:**

**PRIMEIRO:** O Pleno da Deputación Provincial insta á Xunta de Galicia a que inicie de inmediato todas as accións necesarias para conseguir a eliminación das peaxes nas



autoestradas AG-55 e AG-57, de titularidade autonómica.

**SEGUNDO:** Dar traslado desta moción e dos seus acordos á Mesa do Parlamento de Galicia e aos Grupos Parlamentares do Parlamento de Galicia."

**Sr. Presidente**

Seguinte Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e BNG en apoio ao cadre de persoal da empresa de transporte público de Ferrol.

**4. Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e BNG en apoio ao cadre de persoal da empresa de transporte público de Ferrol**

Os traballadores e traballadoras da concesión de transporte urbano na cidade de Ferrol levan en folga desde o pasado día 15 de xullo produto do deterioro cada vez más avanzado tanto das condicións laborais dos traballadores e traballadoras como do propio servizo.

A instauración do último plan de transporte de Galicia provocou desde o seu inicio as queixas de milleiros de persoas usuarias, colectivos e traballadores diante dun modo de xestión que está a deixar na comarca de Ferrolterra unha situación realmente caótica; con eliminación de horarios, itinerarios e paradas, cuestión que repercutre negativamente na vida diaria da veciñanza e nos traballadores e traballadoras que prestan este servizo.

Hai que ter en conta que o concello de Ferrol é o único concello da súa comarca coa obriga de prestar o servizo de transporte público dentro do límites do seu territorio.

Na actualidade esta obriga está delegada na Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Mobilidade que emprega esta concesión para prestar este servizo ao resto de concellos da comarca e do cal é directamente responsable. A participación dos concellos desenvolveuse a través do Plan de Transporte Metropolitano onde cada concello achega unha cantidade económica en función da súa poboación.

A precarización do transporte público en Ferrol é unha deriva constante. Nos últimos anos a unificación do transporte escolar e o discrecional incidiu ainda máis neste deterioro, ao que se suma a redución dos servizos con destino a A Coruña e que xunto cunhas infraestruturas ferroviarias obsoletas están a condenar á contorna da cidade de Ferrol ao seu illamento. Por estas razóns resulta inadmisible a falta de resposta tanto por parte da Xunta de Galicia como do concello de Ferrol diante desta problemática e as súas consecuencias.

As deficiencias e carencia de servizos e frecuencias da concesión xestionada pola Xunta de Galicia son constantes comprometendo a viabilidade e utilidade deste servizo para a veciñanza e están a provocar o deterioro cada vez más avanzado das condicións laborais dos traballadores e traballadoras que prestan este servizo no concello de Ferrol.

A empresa de transporte ALSA forma unha UTE na que están integradas dúas empresas, Maitours (formada polo antigo cadre de persoal de Tranvías) e Intercar (formada por persoal subrogado de Monbús).

Desde o comezo da concesión ALSA amosou actitudes diametralmente opostas en ambas empresas, negándose a aplicar unha sentencia xudicial na que se determina que



o convenio de aplicación ten que ser o de transporte de viaxeiros/as da provincia da Coruña.

Deste modo, ALSA, está condenando ao persoal de Maitours a ter unhas condicións laborais e salariais más precarias que as do resto do persoal que forma parte da UTE, xa que ademais de non aplicar as subas salariais, existen conceptos, como dietas e antigüidade que estes traballadores e traballadoras non están a cobrar.

Se isto non fora suficiente, a folga convocada débese aos incumplimentos que a empresa está a realizar sobre os de acordos acadados coa Representación legal dos traballadores, no tocante a compensación de festivos, organización do traballo, días de descanso e un longo etc.

Por todo o sinalado anteriormente, propoñemos ao Pleno desta corporación Provincial a adopción dos seguintes

#### **ACORDOS:**

**PRIMEIRO:** Instar á Xunta de Galicia á convocatoria da comisión de seguimento do Plan de Transporte Metropolitano co obxecto de analizar as consecuencias para na prestación do servicio da folga, detraer a empresa as cantidades polo servicio non prestado e demandar da empresa o cumprimento dos acordos laborais acadados coa representación dos traballadores e traballadoras de maneira integra e de aplicación á totalidade do cadre de persoal da UTE.

**SEGUNDO:** Instar á Xunta de Galicia a esixirlle á empresa concesionaria do transporte público na cidade de Ferrol o cumprimento do convenio colectivo do persoal e a súa aplicación á totalidade dos e das traballadoras ao seu cargo.

#### Sr. Fernández Piñeiro

Ben, pois bo día de novo e traemos a este Pleno da Corporación Provincial unha moción en base ás demandas que nos fan chegar os representantes dos traballadores ante a situación do transporte que se vive no concello de Ferrol, no transporte urbano estamos a falar.

Vou ler a exposición de motivos, que é moi curtiña:

“Os traballadores e traballadoras da concesión de transporte urbano na cidade de Ferrol levan en folga dende o pasado 15 de xullo, produto do deterioro cada vez más avanzado tanto das condicións laborais dos traballadores e traballadoras como do propio servizo.

A instauración do último Plan de transporte de Galicia provocou, dende o seu inicio, as queixas de milleiros de persoas usuarias, colectivos e traballadores diante dun modo de xestión que está a deixar na comarca de Ferrolterra unha situación realmente caótica, con eliminación de horarios, itinerarios e paradas, cuestiós que repercuten negativamente na vida diaria da veciñanza, nos traballadores e traballadoras que prestan este servizo.

Hai que ter en conta que o Concello de Ferrol é o único concello da súa comarca coa obriga de prestar o servizo de transporte público dentro do límite do seu territorio. Na actualidade, esta obriga está delegada na Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de



Mobilidade, que emprega esta concesión para prestar ese servizo ao resto de concellos da comarca e do cal é directamente responsable.

A participación dos concellos desenvólvese a través do Plan de transporte metropolitano, onde cada concello achega unha cantidade económica en función da súa poboación.

A precarización do transporte público en Ferrol é unha deriva constante nos últimos anos. A unificación do transporte escolar e o discrecional incidiu aínda máis neste deterioro, ao que se suma a redución dos servizos con destino á Coruña e que, xunto cunhas infraestruturas ferroviarias obsoletas, están a condenar a contorna da cidade de Ferrol ao seu illamento. Por esta razón, resulta inadmisible a falta de resposta tanto por parte da Xunta de Galicia como de parte do Concello de Ferrol diante desta problemática e as súas consecuencias. As deficiencias e carencias de servizos e frecuencias de conexión xestionada pola Xunta de Galicia son constantes, comprometendo a viabilidade e utilidade deste servizo para a veciñanza, que están a provocar o deterioro cada vez más avanzado das condicións laborais dos traballadores e traballadoras que prestan este servizo no concello de Ferrol. A empresa de transporte Alsa forma parte da UTE na que están integradas dúas empresas: Maitours, formada polo antigo cadro de persoal de Tranvías e Intercar, formada por persoal subrogado de Monbus.

Desde o comezo da concesión, Alsa amosou actitudes diametralmente opostas en ambas as empresas, negándose a aplicar unha sentenza xudicial na que se determina que o convenio de aplicación ten que ser de transporte de viaxeiros da provincia da Coruña. Deste modo, Alsa está condenando o persoal de Maitours a ter unhas condicións laborais salariais más precarias que as do resto do persoal que forma parte da UTE, xa que, ademais de non aplicar as subas salariais, existen conceptos como dietas e antigüidade que estes traballadores e traballadoras non están a cobrar.

Se isto non fora suficiente, a folga convocada débese aos incumprimentos que a empresa está a realizar sobre os de acordos acadados coa representación legal dos traballadores no tocante á compensación de festivos, organización do traballo, días de descanso e un longo etcétera.

Por todo o exposto, propoñemos os seguintes acordos:

Primeiro: Instar a Xunta de Galicia á convocatoria da Comisión de seguimento do Plan de transporte metropolitano co obxecto de analizar as consecuencias para a prestación do servizo da folga, detraer á empresa as cantidades polo servizo non prestado e demandar da empresa o cumprimento dos acordos laborais acadados coa representación dos traballadores e traballadoras de maneira íntegra e de aplicación á totalidade do cadro de persoal da UTE.

Segundo: Instar a Xunta de Galicia a exixirlle á empresa concesionaria do transporte público na cidade de Ferrol o cumprimento do convenio colectivo do persoal e a súa aplicación á totalidade dos e das traballadoras ao seu cargo".

Ben, este é un capítulo máis desa que podíamos definir como desfeita do transporte metropolitano en Galicia dende que se realizaron os últimos pregos e se sacaron a concurso os últimos contratos. E teño que recoñecer que, con anterioridade a esa etapa, funcionaba relativamente ben, e era o mesmo Goberno da Xunta de Galicia. Pero, dende logo, dende que se aprobaron eses pregos e coas novas concesións é un auténtico desastre, compartido por moitos e moitas alcaldesas do Partido Popular, que me consta que o teñen comentado con nós, porque son moitos os veciños de moitos



concellos que quedan ou ben tirados nas paradas porque non hai capacidade suficiente nos autobuses, autobuses que chegan tarde, autobuses en péssimas condicións, etc., etc., etc. Algo do que vimos falando longo e tendido e que, loxicamente, evidencian que esos pregos polo menos non estaban adaptados á realidade e ás necesidades que a cidadanía ten de transporte público, neste caso por autobús. Podo poñer o caso do meu exemplo dos moitos estudiantes que teñen que acudir dúas horas antes a Ferrol para poder chegar a tempo ás clases porque, se non, chegarían unha hora tarde, ou moitos deles recentemente dunha entidade que atende rapaces e rapazas con discapacidade que quedaron tirados na parada porque xa non había sitio dentro do autobús.

Iso non é unha cuestión puntual, senón que vén sucedendo de forma xa moi habitual dende que, como digo, se sacaron a concurso os pregos e se adjudicaron os novos contratos. É verdade que a persoa responsable dese contrato, a anterior conselleira, pois xa non está á fronte da consellería, afortunadamente tendo en conta o resultado desa xestión, que hai outra persoa que esperamos que teña máis sensibilidade, pero que xa está tardando, porque leva xa varios meses no cargo, para darlle unha solución a este problema, que non pasa só por sancionar as empresas, senón por buscar unha solución que garanta, como mínimo, volver ao que tiñamos antes. Se había algo que antes funcionaba ben, non entendemos como se pode empeorar desta forma total e absoluta, e menos entendemos que non se adopten medidas cando xa sabemos como funcionaba. É tan fácil como volver ao modelo anterior. Un modelo actual que ademais temos que explicar e lembrar que levou por diante moitas pequenas empresas de transporte en Galicia, concentrando o transporte basicamente en dúas, tres empresas como moi.

Ademais, neste caso que nos ocupa, temos que sumarlle a situación do persoal desta empresa, desta UTE, na que, como ben acaba de explicar a exposición de motivos desta moción, por parte da dirección da empresa non se cumplen nin sequera os convenios sectoriais. Polo tanto, hai unha discriminación clara e contundente contra esas traballadoras e traballadores e unha merma nos seus dereitos e tamén nas súas retribucións, que deberá ser corrixida, loxicamente, polo Concello de Ferrol e a Xunta de Galicia que, como ben dicíamos antes, ten competencias nesta materia. De aí a motivación para que hoxe traímos esta moción a pleno. Nada máis, moitas grazas.

#### Sra. Veira González

Si, desde o BNG efectivamente tamén estamos preocupadas por esta situación, por iso asinamos esta moción conjuntamente. Estamos preocupadas pola constante precarización do transporte metropolitano en Ferrol. Esta é unha deriva que xa vén desde hai un tempo, como ben se indicaba. Aquí o problema é que non se están a cumplir os acordos laborais e hai unha autoridade en materia laboral, pero tamén en materia de transporte metropolitano, que xusto é a Xunta de Galiza que terá que, algúndha vez por todas, implicarse e poñer solucións enriba da mesa e, por suposto, facer o que procede contra a empresa que é a adjudicataria do servizo, pero tamén, algúndha maneira, para mediar, como lle corresponde, neste conflito.

A empresa, xa se dicía, que resultou adjudicataria deste servizo é Alsa, que é unha grande empresa do sector, sobre a que ademais pesan acusacións de ter actuado de xeito ilegal para repartirse o mercado coa outra grande empresa do sector, que é Monbus, e é a verdadeira razón pola que a conselleira anterior non repetiu porque, en definitiva, estaba toda a súa acción política manchada por esta acusación, que non é unha cuestión que invente o Bloque Nacionalista Galego, senón que está más que publicado e é más que público e notorio.



O certo é que desde que Alsa gañou a concesión aplicou condicións de traballo que son absolutamente opostas ao que debería realizarse, ao persoal de Intercar aplícaselle o convenio colectivo provincial de transporte de viaxeiros por estradas, que é o que se debería aplicar para todo o sector do ámbito na provincia da Coruña, pero ao persoal de Maitours, que vén de Maitours, aplícaselle un convenio de empresa, un convenio antigo, cando o que ten que prevalecer, como se dicía antes, é o do sector do ámbito da provincia. E a diferenza salarial non é menor, estamos falando de diferenzas salariais de 400 e 600 euros ao mes, ou sexa, que non estamos falando dunha tontería.

Estas diferenzas salariais xa provocaron queixas nada máis coller Alsa a concesión, pero ao final houbo que convocar unha folga, non houbo máis remedio, e a Xunta de Galicia non fixo nada, absolutamente nada, neste tempo para solucionar este conflito. Ou si, fixo unha cousa: saben o que fixo?, foi modificar os servizos mínimos e aumentalos nun 300%, unha cuestión que ademais é absolutamente ilegal, porque os servizos mínimos só se poden modificar por unha cuestión imprevista, e a Xunta de Galiza xustifica este aumento de, xa digo, dun 300% deses servizos mínimos porque empezaba o curso escolar.

Evidentemente, o problema está outra vez más en xuntar todo tipo de transporte nun mesmo servizo. Pero é que ademais iso non é unha causa imprevista, o curso escolar empeza sempre en setembro, non adoita empezar nunca en ningún outro mes. Polo tanto, non é unha causa imprevista, e o que se está facendo, dalgunha maneira, é intentar boicotear a folga e as consecuencias da folga, que son o que lle dan aos traballadores unha medida de presión, xa digo, non para ningunha cousa rara, senón para equiparar salarialmente todos os traballadores que traballan no mesmo servizo e que, como dicía antes, hai diferenzas moi notábeis.

Nós o que queremos é que a Xunta de Galiza tome partido neste asunto, que solucione o problema e que se sente ademais na mesa de transporte metropolitano a solucionalo, xa digo, como empresa ou como institución responsábel deste servizo, pero tamén, como non, como institución responsábel tamén en materia de traballo. Nada máis.

#### Sra. Sanjurjo Fraga

Moitas grazas, señor presidente, e bos días a todas e a todos.

É un honor para min estrearme hoxe nesta moción de Ferrol e compartir un órgano tan importante para a veciñanza como é a Deputación da Coruña. Agradezo tamén no punto anterior a favor do BAXI de Ferrol, tanto a súa xestión como o seu voto favorable e, como dixo Chelo Loureiro, ferrolá tamén, cando recolleu este ano o seu cuarto Goya, en animación cada euro de máis nótase e cada euro de menos tamén. Pois o mesmo é para o deporte feminino.

E, bueno, sobre o conflito, hai que ter claro que a folga do servizo de autobuses urbanos de Ferrol obedece a un conflito entre a empresa e os traballadores, que non teñen ningún vínculo laboral coa Xunta de Galicia. A folga está motivada pola petición dos empregados, 38 traballadores afectados, de que a empresa Maitours aplique o convenio provincial de transporte de viaxeiros da Coruña en vez, en lugar do convenio propio proveniente da extinta Tranvías de Ferrol.

Lembrar que a aplicación deste convenio aos traballadores de Maitours está avalada pola sentenza firme do 20 de novembro do 2021, do Xulgado do Social número 1 de Ferrol, que ditaminou que o convenio se está aplicando correctamente, que coñecen ben porque falan dela na moción. A folga, en consecuencia, débese a un conflito entre a



empresa e traballadores que nada ten que ver coa Xunta de Galicia. A folga iniciouse o pasado 15 de xullo, efectivamente, e o gran medio de seguimento é de menos da metade da plantilla.

No que respecta ás competencias da Xunta, limitánse ao establecemento dos servizos mínimos, facer seguimento da folga e do cumprimento dos servizos mínimos e dar traslado deste seguimento e información ao Concello de Ferrol, cuestións que se están a cumplir.

Sobre os servizos públicos de transporte regular de uso xeral, indicar que dende o inicio da folga o cumprimento é de preto do 100%. O que demostra a presentación desta iniciativa por parte do BNG e do Grupo Socialista é que calquera escusa é boa para tentar atacar o Plan de transporte público de Galicia e, como xa se indicou, este é un conflito laboral no que a Xunta nada ten que ver.

O Plan de transporte público de Galicia renovou e modernizou todo o transporte público de competencia autonómica que, como neste caso, inclúe o transporte urbano de Ferrol e, ademais, permitiu crear emprego e dar estabilidade.

Os pregos de licitación, dos que tamén falaba o señor Fernández, os pregos de licitación das novas concesións establecen condicións estritas para as novas empresas adjudicatarias e que subrogasen o persoal das concesións anteriores coas condicións más beneficiosas para os traballadores. No proceso de renovación das concesións, incorporáronse cláusulas nos pregos que inclúen, entre outras, o compromiso de non modificar as retribucións nin as condicións laborais.

No eido do emprego, a integración dos servizos de transporte escolar no transporte compartido, contra o que o BNG ten unha teima inexplicable, consolidou a figura do persoal acompañante mediante a obriga da súa presenza en todas as liñas integradas, con independencia do número de alumnos transportados. No caso de Ferrol, son 10 os acompañantes presentes no autobús urbano de Ferrol. Que o BNG a estas alturas diga que o transporte compartido deteriorou o servizo, cando o que fai é aproveitar as prazas vacantes das liñas de transporte, de transporte de escolares para beneficiar a cidadanía, especialmente das zonas menos poboadas, porque Ferrol tamén ten moitas zonas rurais, e multiplican así as posibilidades de conexión co rural, como digo, carece de lóxica o que di o BNG e, en definitiva, pedir a convocatoria da Comisión de seguimento do convenio da ATM de Ferrol non ten sentido, xa que nada ten que ver nas diferenzas entre traballadores e empresa polas concretas condicións laborais, máis aló de velar polo seu correcto cumprimento.

A Comisión de seguimento, regulada no convenio, non conta con atribucións referentes a aspectos laborais das empresas que prestan servizos no transporte metropolitano. Por tanto, o punto 1 carece de todo sentido, ao non ter nada que ver co obxecto do convenio da ATM, que é o de mellora das tarifas e a conectividade territorial do transporte publico.

Poñer en valor que a Xunta de Galicia, malia que é unha obriga municipal, por responsabilidade, está a prestar o servizo do transporte urbano de Ferrol nas concesións autonómicas de transporte público. E o mesmo acontece no concello de Pontevedra pero, bueno, eu falo de Ferrol, que, por motivos obvios, é o que máis me toca a fibra.

Concretando, Ferrol dispón dunha ampla oferta de servizos con 46 liñas de autobús. Conforman unha rede de 1.076 paradas, nas que se prestan máis de 138.000 servizos cada ano. E, igual que no resto do territorio, o Goberno galego incorpora todas



as melloras que sexan posibles en aras de poñer á disposición dos usuarios o servizo máis adaptado ás súas necesidades, como foron, por exemplo, a adecuación dos servizos urbanos afectados polas obras do Ministerio na avenida das Pías que, bueno, esa foi outra desfeita, pero que non vén agora ao caso, a aprobación dos servizos específicos para as praias en tempada de verán e a activación de dúas liñas de autobús para os desprazamentos ao Estadio da Malata os días de partido do Racing de Ferrol.

A aposta da Xunta por promover o uso de autobús como principal alternativa de transporte ten plena aceptación entre a cidadanía se atendemos aos datos de uso do servizo, que están en continuo crecemento. Así, de xaneiro a xullo deste ano realizáronse 1.22 millóns de viaxes no transporte urbano de Ferrol; deles, 470.000 viaxaron gratis, pois más de 210.000 foron usuarios da Tarxeta Xente Nova e a 260.000 aplicóuselles a tarifa +65. Ademais, outras 950.000 viaxes foron bonificadas polo pago con tarxeta.

Indicar tamén que no transporte compartido contra o que teima o BNG viaxaron máis de 800 usuarios non escolares. En total, foron 170.000 viaxeiros máis de xaneiro a xullo con respecto ao ano pasado, uns 24.000 máis cada mes, de media.

Os datos evidencian que a cidadanía, ao contrario da idea que trasladan o BNG e o PSOE, avalan cada vez máis o transporte público da Xunta. Non sucedería nun servizo en continuo deterioro, como pretenden vostedes facer ver.

E xa remato. Trátase dun conflito laboral sobre o que hai xa unha sentenza xudicial firme do Xulgado do Social de Ferrol, que establece que o convenio se aplica correctamente. Á Xunta non lle queda máis que seguir chamando ao diálogo entre as partes e poñer as medidas que estean na súa man para garantir un servizo público que é esencial para Ferrol. Non hai dúbida de que o autobús urbano en Ferrol ofrece un servizo que responde ás necesidades da cidade, xa que os usuarios van en aumento e non se rexistran incidencias recorrentes e mesmo durante a folga está a asegurar o servizo á cidadanía. Moitas grazas.

## VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 14 deputados/as (PP)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por maioria, aproba a seguinte moción:

### **"Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e BNG en apoio ao cadre de persoal da empresa de transporte público de Ferrol"**

Os traballadores e traballadoras da concesión de transporte urbano na cidade de Ferrol levan en folga desde o pasado día 15 de xullo produto do deterioro cada vez máis avanzado tanto das condicións laborais dos traballadores e traballadoras como do propio servizo.

A instauración do último plan de transporte de Galicia provocou desde o seu inicio as queixas de milieiros de persoas usuarias, colectivos e traballadores diante dun modo de xestión que está a deixar na comarca de Ferrolterra unha situación realmente caótica; con eliminación de horarios, itinerarios e paradas, cuestión que repercutre negativamente na vida diaria da veciñanza e nos traballadores e traballadoras que prestan este servizo.



Hai que ter en conta que o concello de Ferrol é o único concello da súa comarca coa obriga de prestar o servizo de transporte público dentro do límites do seu territorio.

Na actualidade esta obriga está delegada na Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Mobilidade que emprega esta concesión para prestar este servizo ao resto de concellos da comarca e do cal é directamente responsable. A participación dos concellos desenvolvese a través do Plan de Transporte Metropolitano onde cada concello achega unha cantidade económica en función da súa poboación.

A precarización do transporte público en Ferrol é unha deriva constante. Nos últimos anos a unificación do transporte escolar e o discrecional incidiu aínda máis neste deterioro, ao que se suma a redución dos servizos con destino a A Coruña e que xunto cunhas infraestruturas ferroviarias obsoletas están a condenar á contorna da cidade de Ferrol ao seu illamento. Por estas razóns resulta inadmisible a falta de resposta tanto por parte da Xunta de Galicia como do concello de Ferrol diante desta problemática e as súas consecuencias.

As deficiencias e carencia de servizos e frecuencias da concesión xestionada pola Xunta de Galicia son constantes comprometendo a viabilidade e utilidade deste servizo para a veciñanza e están a provocar o deterioro cada vez más avanzado das condicións laborais dos traballadores e traballadoras que prestan este servizo no concello de Ferrol.

A empresa de transporte ALSA forma unha UTE na que están integradas dúas empresas, Maitours (formada polo antigo cadre de persoal de Tranvías) e Intercar (formada por persoal subrogado de Monbús).

Desde o comezo da concesión ALSA amosou actitudes diametralmente opostas en ambas empresas, negándose a aplicar unha sentencia xudicial na que se determina que o convenio de aplicación ten que ser o de transporte de viaxeiros/as da provincia da Coruña.

Deste modo, ALSA, está condenando ao persoal de Maitours a ter unhas condicións laborais e salariais más precarias que as do resto do persoal que forma parte da UTE, xa que ademais de non aplicar as subas salariais, existen conceptos, como dietas e antigüidade que estes traballadores e traballadoras non están a cobrar.

Se isto non fora suficiente, a folga convocada débese aos incumplimentos que a empresa está a realizar sobre os de acordos acadados coa Representación legal dos traballadores, no tocante a compensación de festivos, organización do traballo, días de descanso e un longo etc.

Por todo o sinalado anteriormente, propoñemos ao Pleno desta corporación Provincial a adopción dos seguintes

#### **ACORDOS:**

**PRIMEIRO:** Instar á Xunta de Galicia á convocatoria da comisión de seguimento do Plan de Transporte Metropolitano co obxecto de analizar as consecuencias para na prestación do servicio da folga, detraer a empresa as cantidades polo servicio non prestado e demandar da empresa o cumprimento dos acordos laborais acadados coa representación dos traballadores e traballadoras de maneira integra e de aplicación á totalidade do cadre de persoal da UTE.



SEGUNDO: Instar á Xunta de Galicia a esixirlle á empresa concesionaria do transporte público na cidade de Ferrol o cumprimento do convenio colectivo do persoal e a súa aplicación á totalidade dos e das traballadoras ao seu cargo."

## ROGOS E PREGUNTAS

### Sr. Ben Otero

Una pregunta, presidente. Hablando de cuestiones previstas o imprevistas, que decía la señora Veira, voy a hacer una pregunta de algo que en teoría debería estar ya previsto, y es lo siguiente: ¿En qué situación contractual e funcional se atopa o servizo de desbroces nas carreteras de titularidade da Deputación Provincial da Coruña? Isto é, ¿está vixente o contrato de desbroce asinado a mediados de 2021? Falamos dun contrato que tiña unha duración inicial de 2 anos, pero que podía ser prorrogado anualmente ata mediados de 2025. En caso de que non estea vixente ese contrato, nin outro contrato de obxecto ou alcance semellante, ¿a que se debería tal ausencia de cobertura contractual? E, se é así, ¿como se están atendendo actualmente a necesidade de desbroce?, ¿con que alcance, con que criterios e con que cobertura contractual? Grazas.

### Sr. Presidente

Recompilamos a información e pasámosslla por escrito.

Moi ben, moitas grazas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 14:03 horas.